



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 81

Sesión plenaria
12 de setembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 29845 (10/PNP-002192)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co protocolo asinado o 18 de abril de 2018 co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria sobre os terreos do porto da Coruña, a revisión dos convenios portuarios de 2004 e a proposta do Concello da Coruña ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

5.2 31452 (10/PNP-002351)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

5.3 32584 (10/PNP-002462)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do tratamento que se lles está a dar na CRTVG aos contidos informativos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

5.4 33618 (10/PNP-002543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a aplicación pola Xunta de Galicia das propostas do Defensor del Pueblo en relación coa atención ás persoas con enfermidade mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

5.5 34386 (10/PNP-002582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que hai que tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

5.6 34518 (10/PNP-002592)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado en relación coas centrais térmicas de carbón das Pontes e Meirama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

5.7 34618 (10/PNP-002595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores e para a súa axeitada atención

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

5.8 35292 (10/PNP-002629) (C.E. 35426)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central referido á asunción da débeda financeira xerada no porto de Valencia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 349, do 31.08.2018

Punto 6. Interpelacións

6.1 29368 (10/INT-000956)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

6.2 31746 (10/INT-001057)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e tres deputados/as máis

Sobre a xestión da CRTVG

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

6.3 33303 (10/INT-001111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 35803 (10/POPX-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a información que está a ofrecer o Goberno galego respecto da situación da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 5.09.2018

7.2 35804 (10/POPX-000104) (C.E. 35808)

Grupo Parlamentario En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do acontecido no Punto de Atención Continuada da Estrada no mes de agosto de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 5.09.2018

7.3 35805 (10/POPX-000105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención residencial a persoas maiores e dependentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 5.09.2018

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 34600 (10/POP-004079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que ten previsto desenvolver o Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da área metropolitana da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.2 33521 (10/POP-003876)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas, e as prioridades de actuación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

8.3 35659 (10/PUP-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as xestións que está a realizar o Goberno galego para garantir a continuidade e a viabilidade da empresa Maderas Iglesias

8.4 35798 (10/PUP-000188)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante das dramáticas situacións para o emprego que sofren diversas empresas

8.5 35297 (10/PUP-000186)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do acordo asinado entre a Xunta de Galicia e as centrais sindicais para incrementar o salario do persoal docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.6 33993 (10/POP-003961)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e once deputados/as máis**

Sobre os avances e novidades que se produciron nos últimos meses no proxecto do Gran Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.7 34414 (10/POP-004058)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre os criterios utilizados polo Goberno galego para determinar o volume de persoal existente o sábado 4 de agosto no PAC da Estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.8 34506 (10/POP-004069)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas dos traballadores do Sergas provocadas pola decisión do Goberno galego de trasladar os servizos de coordinación das urxencias sanitarias de Galicia ao edificio do Centro Integral de Atención ás Emerxencias, na Estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.9 33883 (10/POP-003927)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a aplicación pola Xunta das recomendacións do Consello de Contas en materia de atención residencial a persoas maiores e dependentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.10 34687 (10/POP-004095)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o incumprimento do convenio de colaboración da empresa adxudicataria da xestión do Centro de Menores Monteledo, en Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a información que está a ofrecer o Goberno galego respecto da situación da sanidade pública. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto do acontecido no Punto de Atención Continuada da Estrada no mes de agosto de 2018. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención residencial a persoas maiores e dependentes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a aplicación pola Xunta de Galicia das propostas do informe do Defensor del Pueblo en relación coa atención ás persoas con enfermidade mental. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 33.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 36.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 37.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 39.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que hai que tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 46.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 47.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 49.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado en relación coas centrais térmicas de carbón das Pontes e Meirama. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 58.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 61.) e *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 65.)

O señor Calvo Pouso (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 67.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores e para a súa axeitada atención. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 74.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 75.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 77.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central referido á asunción da débeda financeira xerada no porto de Valencia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 79.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 86.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 88.) e *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 89.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 91.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co protocolo asinado o 18 de abril de 2018 co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria sobre os terreos do porto da Coruña, a revisión dos convenios portuarios de 2004 e a proposta do Concello da Coruña ao respecto: *Aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles: *Rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do tratamento que se lles está a dar na CRTVG aos contidos informativos: *Rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a aplicación pola Xunta de Galicia das propostas do informe do Defensor del Pueblo en relación coa atención ás persoas con enfermidade mental: *Rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que hai que tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada: *Rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado en relación coas centrais térmicas de carbón das Pontes e Meirama: *Aprobada por 54 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 96.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores e para a súa axeitada atención: *Rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central referido á asunción da débeda financeira xerada no porto de Valencia: *Aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 97.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 105.)

Interpelación de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a xestión da CRTVG. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 107.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 115.)

Suspéndese a sesión ás tres e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 116.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que ten previsto desenvolver o Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da área metropolitana da Coruña. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 126.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 127.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 129.)

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas, e as prioridades de actuación. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 130.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 131.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 132.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 133.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as xestións que está a realizar o Goberno galego para garantir a continuidade e a viabilidade da empresa Maderas Iglesias. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (P)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 135.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (P)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 137.)

Pregunta de D. Luís Villares Naveira e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante das dramáticas situacións para o emprego que sofren diversas empresas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 140.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do acordo asinado entre a Xunta de Galicia e as centrais sindicais para incrementar o salario do persoal docente. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez Gonzalez)*. (Páx. 143.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez Gonzalez)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e once deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances e novidades que se produciron nos últimos meses no proxecto do Gran Montecelo, en Pontevedra. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 147.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 149.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios utilizados polo Goberno galego para determinar o volume de persoal existente o sábado 4 de agosto no PAC da Estrada. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 150.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 151.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 152.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 152.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas dos traballadores do Sergas provocadas pola decisión do Goberno galego de trasladar os servizos de coordinación das urxencias sanitarias de Galicia ao edificio do Centro Integral de Atención ás Emerxencias, na Estrada. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 154.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 155.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 156.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 157.)

Pregunta de D^a Paula Vázquez Vero, do G. P. de En Marea, sobre a aplicación pola Xunta das recomendacións do Consello de Contas en materia de atención residencial a persoas maiores e dependentes. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 158.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 159.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 160.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 161.)

Pregunta de D^a Paula Vázquez Vero, do G. P. de En Marea, sobre o incumprimento do convenio de colaboración da empresa adxudicataria da xestión do Centro de Menores Montelido, en Ourense. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 162.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 164.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 165.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 166.)

Remata a sesión ás sete e catro minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reiniciamos a sesión co punto sétimo da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a información que está a ofrecer o Goberno galego respecto da situación da sanidade pública

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

Déanlle voz ao escano da señora Pontón, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señor Feijóo, son moitas as veces que denunciámos a cruel política de recortes do Partido Popular, e o certo é que me pregunto: ¿que máis ten que pasar para que deixe atrás esa política sen alma que pon en risco e que atenta á saúde das persoas? Porque os recortes matan, señor Feijóo. Acabamos de velo dramaticamente nos feitos que pasaron no PAC da Estrada o pasado 4 de agosto, ese día triste no que José Manuel Brey falecía nos pasillos dun centro de urxencias no que non había médicos.

E quero aproveitar para enviarlle todo o cariño e solidariedade á súa familia e moi especialmente ao representante que nos está escoitando desde esta tribuna.

E preguntolle que tipo de política sanitaria fai cando na Galiza de 2018 morre unha persoa nun servizo de urxencias no que non había persoal médico para atendela. ¿Que tipo de política sanitaria fai cando a xerente desa área sanitaria, Eloína Núñez —a súa curmá—, considera que pode seguir coas vacacións como se isto non fora importante? ¿Que política sanitaria fai cando o seu conselleiro de Sanidade considera que, como isto non é nada grave, nin tan sequera ten que vir comparecer ao Parlamento?

Os recortes teñen consecuencias, e vostede mente cando se nos vangloria de que fai máis con menos, porque, en realidade, ao contrario do que está pasando, é que os recortes e as privatizacións teñen gravísimas consecuencias. Aí está a masificación das consultas, a redución de profesionais; aí está a precariedade laboral, até a extenuación, de moitos médicos e médicas; aí están esas listas de espera, que non deixan de medrar e que agora tamén hai lista de espera para ir á atención primaria —até once días de lista de espera para ir ao médico de cabeceira—. E temos tamén aí eses cen mil galegos e galegas que non toman medicamentos que necesitan porque non poden pagalos.

E toda esta deterioración, toda esta realidade, todo este sufrimento non se pode tapar con publicidade e con propaganda, señor Feijóo. Por iso nós o que lle propoñemos é un cambio de rumbo, e, para empezar, facémoslle dúas propostas. Primeira, un plan de mellora de

atención primaria, para garantir que nos PAC como mínimo vai haber dous equipos completos que teñan persoal médico e enfermería. ¡Nunca máis unha morte en urxencias por falta de médicos, señor Feijóo! E, en segundo lugar, cese o conselleiro de Sanidade, aproveite a crise de goberno e cese o señor Almuíña; el non estivo á altura. Demostre que vostede pode estalo e que este cese sexa o primeiro paso dun cambio de rumbo de 180 graos na política sanitaria da Xunta, na que a vida e a saúde das persoas sexa o primeiro.

Agardo a súa resposta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Igual que a voceira do BNG, eu tamén, como é lóxico, reitero as condolencias do Goberno e as miñas persoais á familia de José Manuel Brea Brey. E pódolle asegurar a esa familia que, se hai algunha dúbida sobre como funcionaron os servizos públicos, saberemos exactamente o contido e alcance das mesmas, porque dende hai semanas está iniciado un expediente na Inspección Médica, con instrutor, que ten un único obxectivo: esclarecer se houbo algunha irregularidade ou se houbo algún problema na atención como consecuencia da organización do PAC da Estrada.

Quero ser respectuoso non só coa familia —como todas as familias de Galicia— e quero ser respectuoso tamén con este Parlamento, porque hai un compañeiro seu que pregunta exactamente sobre que aconteceu ese día no PAC da Estrada. Vostede non pregunta sobre iso e, polo tanto, se me permite, simplemente por cortesía parlamentaria, centrarme no asunto da Estrada, fareino cando lle conteste ao portavoz de En Marea. Comprendo, señora Pontón, que vostedes están competindo por todo; agora, eu non compito por nada máis que por responder a este Parlamento en función do que pregunta cada grupo.

Señora Pontón, veño afirmar o que teño afirmado dende que levo xestionando os servizos sanitarios públicos —e hai bastantes décadas—. Primeiro, temos unha moi boa sanidade pública. Non é a miña opinión, é a opinión da maioría dos galegos. Recoñezo, como en todas as organizacións —na sanidade pública galega traballan máis de corenta mil persoas—, que todo é susceptible de mellora, e por iso un dos obxectivos deste goberno dende que tomou posesión é mellorar a sanidade pública.

E pódolle asegurar que, con menos diñeiro do que vostedes manexaban cando estaban no Goberno, hoxe temos unha mellor sanidade pública dende todos os puntos de vista —dende o punto de vista dos profesionais, do presuposto, dos médicos, da tecnoloxía, das infraestruturas...— que cando vostedes gobernaban.

E, en terceiro lugar, señoría, creo que non é xustificable que vostede fale aquí de grave deterioración da sanidade pública, sobre todo porque vostede estivo apoiando un goberno que,

con moito máis diñeiro que este goberno, fixo moito menos pola sanidade pública que o Goberno do que formo parte.

Señoría, dicía que os galegos valoran máis que nunca a atención sanitaria pública en Galicia, e remítome aos datos do Ministerio, aos últimos publicados en maio. Nunca dende o ano 2002, en que se fai este barómetro, os galegos tiveron un mellor concepto da sanidade pública da que teñen actualmente. Digo, señoría, que nese mesmo barómetro oficial do Ministerio de Sanidade os galegos valoran mellor a atención primaria que a media dos españois e os galegos valoran mellor a atención nas urxencias que a media dos españois. Supoño que, como galega, a vostede lle deberían de interesar estes datos; lamentablemente, como nacionalista, a vostede o que pasa en Galicia só lle interesa a medias.

Señoría, hoxe gastamos 252 millóns de euros máis, investimos na sanidade pública, que cando había dous mil millóns de euros máis de presuposto; é dicir, o presuposto da sanidade pública hoxe é maior que nunca. Durante a crise económica, señoría, incrementamos a plantilla en máis de mil quiñentos profesionais. A porcentaxe de orzamentos que dedicamos á sanidade pública é a máis alta da historia da Comunidade Autónoma, o 40,7 %. Hoxe temos máis persoal, temos un 37 % máis de quirófanos, facemos o dobre de intervencións cirúrxicas do que se facía en cirurxía maior ambulatoria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cando vostedes gobernaban. Señoría, hoxe temos as menores esperas dende que hai rexistros da lista de espera cirúrxica en Galicia.

Señoría, nunca antes investimos tanto, nunca antes tivemos tantos profesionais, nunca antes fixemos tantos hospitais e nunca antes ampliamos máis centros de saúde. Agora ben, se vostede quere insistir, xa lle digo: nin trampa nin cartón, Inspección Médica, inicio dun expediente informativo, e iremos coñecendo o que nos di a Inspección Médica.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Supoño, señoría, que vostede non dubidará da Inspección Sanitaria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, unha mentira repetida mil veces segue sendo unha mentira, e vostede vén aquí única e exclusivamente facer autobombo e propaganda para intentar tapar a realidade tan grave de deterioración que se está producindo na nosa sanidade. Fíxese se é grave que os galegos e galegas o que opinan é que temos a terceira peor sanidade

de todo o Estado; polo tanto, non vexo eu o nivel de satisfacción do que vostede fala. Fíxese se é grave a situación que ten vostede os sindicatos, os catro colexios profesionais médicos de Galiza, os traballadores e traballadoras da sanidade en pé de guerra, denunciando os recortes, a precariedade, a falta de persoal e a falta de medios. Polo tanto, señor Feijóo, deixe de vivir nese mundo imaxinario, nesa realidade paralela que crea a través dos medios públicos e poña os pés na terra, porque o que está pasando neste país é moi grave.

E vostede vén aquí e despacha con absoluta indolencia un caso que é unha irregularidade grave. ¿A vostede non lle parece gravísimo, señor Feijóo, que nun centro de urxencias no que tiña que haber dous médicos só houbera un? É que xusto esa situación é algo que non pasa puntualmente no PAC da Estrada, é que é unha situación que se vén repetindo durante todo este verán. Porque vostede sábeo, sábeo o señor Almuíña. Teñen as denuncias dos traballadores e das traballadoras de como, sistematicamente, polos recortes e as privatizacións que vostedes impulsan, en vez de contratar os dous médicos que tiñan a obriga de contratar, só están contratando un. E ao final vemos como eses recortes e esa política de racanear no importante, que é a saúde das persoas, ten consecuencias.

Polo tanto, señor Feijóo, ¿vostede cre que un tema así se pode despachar como se isto non fora nada importante e coa indolencia que demostrou vostede hoxe e que demostrou todo o equipo da Consellería de Sanidade despois desta situación?

Nós fixémoslle dúas propostas, non nos dixo absolutamente nada. ¿Vai impulsar un plan de atención de mellora da sanidade en atención primaria? ¿Si ou non? ¿Vai garantir que haxa sempre dous equipos médicos completos? ¿Si ou non? Porque, mire, o recorte na atención primaria é brutal, dous mil millóns de euros menos desde que vostede goberna. E hoxe segue destinando 234 millóns de euros menos do que había en 2009. Polo tanto, deixe de facer malabarismos e de torturar a realidade e as estatísticas e asuma o que está pasando.

E unha segunda cuestión: ¿quere vostede, está vostede ou non disposto a cesar o señor Almuíña? Aproveite a remodelación do Goberno.

E, por último..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E, por último —se me deixan os deputados e deputadas do Partido Popular—..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

E remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: E, por último, nós cremos que un tema así tamén debe de investigarse no Parlamento de Galiza. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Chist!

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Está vostede disposto ou non a que fagamos unha investigación sobre ese caso e sobre as consecuencias dos recortes na sanidade pública? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, pero ¿por que vostede sempre manipula, incluso o enunciado da súa pregunta? Hai unha pregunta na Cámara presentada por En Marea sobre o que aconteceu no PAC da Estrada. ¿Que pretende? ¿Pisarlle a pregunta ao señor de En Marea? ¿Ou simplemente pretende ser un mínimo respectuosa coa orde do día? Se vostede quere preguntar sobre o PAC da Estrada, pregunte; se vostede o que quere é manipular o Parlamento, dende logo, non conte comigo para iso; non conte comigo para manipular a opinión dos galegos, señoría.

A opinión dos galegos nese barómetro sanitario que acaba de saír é a mellor opinión dende o ano 2002. Vostedes estaban no Goberno nos anos 2005, 2006, 2007 e 2008, e ¿por que tiñan unha opinión os galegos peor da sanidade pública que agora? Señora Pontón, ¿por que oculta, por exemplo, que a valoración dos galegos na atención primaria cando deixaron o Goberno era un 4 % peor da valoración que teñen agora os galegos? ¿Por que oculta, por exemplo, que en consultas externas ou en atención primaria, ou incluso en urxencias, as urxencias os galegos no ano 2009 —cando vostedes abandonaron o Goberno— valorábanas satisfactoriamente o 78 %? Hoxe é o 84,7 %; é dicir, un 6 % máis de galegos valoran positivamente as urxencias actuais.

Señora Pontón, xa estou acostumado —todos, aquí— ás manipulacións. Recórdese cando aprobamos o Decreto de garantías de tempos mínimos, que se dicía que isto ía favorecer as privadas. Resultado: garantimos os tempos mínimos de atención aos cidadáns; hai 7.269 galegos beneficiados; ningún deles foi á privada, o 100 % ao sector público. Cando vostedes estaban no Goberno, gastaban un 5,7 % máis en concertos, ¿e agora falan vostedes de privatización, de manipulación e de desatención?

Mire, señoría, nesta Cámara chegouse a dicir incluso que no Hospital da Costa non se facían cataratas, nin fimose nin otorrino. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa sei que non foi vostede, foi outro que sabe moito da sanidade pública. Resultado: nese hospital fixéronse 486 cataratas, 974 intervencións de uroloxía e 211 de otorrino. Este Parlamento é testemuña de que incluso se dixo que cobramos por durmir nos sillóns de acompañante en Vigo. (*Murmurios.*) Señoría, aquí está nas actas. Hai un partido político que se presentou ás eleccións dicindo que iamos cobrar polas consultas e por durmir e comer nos hospitais. Incluso imprimiron eses dípticos durante a campaña electoral. Señora Pontón, deixen de manipular, respecten o que diga a Inspección Sanitaria en relación con esta investigación.

O que si lle digo, señoría, é que levamos toda a lexislatura modificando e mellorando a atención primaria. A pesar de ter menos diñeiro que nunca, a pesar de ter que pagar unha débeda

súa de dous mil millóns de euros que deixaron en pufos, abrimos 49 centros de saúde, señoría, durante estas lexislaturas anteriores e agora imos abrir vinte novos centros máis de atención primaria. Señoría, temos máis médicos de atención primaria que nunca.

Agora respostarei ao que ocorreu na Estrada nese momento e nese lugar. Señoría, levamos 69 centros de atención primaria entre os construídos e os licitados e en proxecto.

Mire, señoría, o que poida dicir vostede da sanidade pública imos poñelo máis ou menos semellante ao que podo dicir eu. O importante é o que digan os galegos, e os galegos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cando se lles consulta, din que hoxe hai unha mellor sanidade pública que cando vostedes gobernaban; pero din máis: que hoxe temos a mellor sanidade pública dende que hai enquisas no Ministerio de Sanidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto do acontecido no Punto de Atención Continuada da Estrada no mes de agosto de 2018

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, como vostede non ve a Televisión de Galicia, sabemos que non se entera do que pasa no día a día do seu propio país. Polo tanto, non está de máis recordar que o que pasou no PAC da Estrada o pasado 4 de agosto foi que unha persoa acudiu ao Servizo de Urxencias e, tras máis dunha hora de espera sen atención sanitaria, faleceu. O único equipo médico que alí había non estaba nese momento en urxencias, estaba facendo unha saída fóra. Aínda tardou outra hora máis en volver, co cal estivo máis de dúas horas un servizo de urxencias sen atención sanitaria.

José Manuel Rey Brea non é un número, igual para vostede si, pero é un nome e é unha persoa. É unha persoa que acudiu a urxencias dun país civilizado, socialmente avanzado en teoría, para atallar os síntomas dunha doenza que tiña. E despois dunha hora sen atención sanitaria faleceu por unha indisposición, sen atención sanitaria, cando tiña que habela, porque estaba no sitio onde tiña que habela. En Galicia este verán morreu unha persoa nun hospital público galego por falta de persoal sanitario. ¿A vostede non o abochorna esta situación? Non lle escoitamos falar disto.

Mire, o sucedido é inmoral. É inmoral que o Sergas non teña os recursos humanos suficientes postos ao servizo da cidadanía para que estas cousas non pasen. Pero é que, ademais, é ilegal.

É ilegal porque existe unha orde da Consellería do 4 de xuño de 2008 onde se establece que os PAC teñen que ter un plan funcional de actividade, un plan funcional que ten que determinar polo menos dúas cousas: a primeira delas, que número de equipos médicos ten que haber dispoñibles en cada momento; e, en segundo, como cubrir as baixas imprevisibles.

Pois ben, o PAC da Estrada tiña este documento (*O señor Villares Naveira mostra un documento.*), tiña este documento aprobado correctamente, e este documento prevía que ese sábado pola tarde tiña que haber dous equipos médicos e había un nada máis. E por esa razón, porque había un só, José Manuel non puido ser atendido, e por iso faleceu á espera dun equipo médico que non estaba, porque se estaba incumprindo a lei por parte do Sergas.

O Sergas, co señor conselleiro —aínda non dimitido— á fronte, tivo a indecencia de dicir que eles intentaron solucionar o tema pero é que non había médicos dispoñibles. Escusas de mal pagador. Porque a propia orde do 4 de xuño de 2008 prevé tamén como atallar estes sistemas, mediante un sistema de listas de dispoñibilidade en caso de baixas imprevisibles; alí o recolle o propio artigo 5. ¿Onde estaban vostedes activando todo isto? É fácil de activar, só require que as xerencias cumpran con ese artigo 5. Pero non o fixeron. E ¿por que? Detrás, unha vez máis, os malditos recortes da Xunta de Galicia en materia de sanidade, os malditos recortes que están causando tanto sufrimento á poboación, os malditos recortes que provocan que non haxa persoal sanitario dispoñible onde ten que habelo, como consecuencia das súas políticas.

Mire, nós sabemos que seguramente o primeiro que fará aquí, á parte de trasladar as condolencias, é recoñecer que, efectivamente, se sente abochornado e que, polo tanto, pedirá perdón non soamente á familia senón a todas as persoas usuarias do Sergas que están sufrindo esta situación, que quedaron sen pediatría este verán, que viron en todos os PAC do país como está pasando o mesmo que no PAC da Estrada. Pero mire, en política pedir perdón é rectificar. Así que lle pedimos que rectifique de xeito inmediato a súa política de recortes en sanidade para que esta vergoña non volva suceder nunca máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Reitero —agora toca—: hai algúns no Parlamento que intentamos respectar o Parlamento, señor portavoz de En Marea. Xa sei que a vostedes iso lles dá igual, pero vostede preguntame sobre o PAC da Estrada e eu voulle contestar do PAC da Estrada.

Vostede empeza a falar do PAC da Estrada e da Televisión. Evidentemente, vostedes sempre teñen moito interese nas televisións. Teñen unha televisión privada no seu partido e agora están manexando a Radiotelevisión Española.

Di vostede que eu non vexo a Televisión Galega. É certo, pero leo o que se di na Televisión Galega sempre que podoo. Vostede ten tempo de ter televisións privadas no partido e de manexar outras televisións públicas, (*Murmurios.*) pero iso é, señoría, o respecto que vostede lle ten ao caso da Estrada.

Imos ao caso da Estrada. En primeiro lugar, señoría, ¿que fixemos? Abrir unha investigación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Sabe vostede que a Inspección Médica ten todas as competencias para abrir calquera tipo de investigación. Foi o primeiro que fixemos, sen esperar a que vostedes nos recordaran os nosos compromisos.

Non estariamos sendo xustos —alá vostede—, por este asunto concreto, ao considerar que isto é a norma e descualificar todo o sistema sanitario público. Voulle dar dous datos do que ocorreu uns días despois do asunto do PAC da Estrada.

En primeiro lugar, atendéronse 476 persoas na noite do 12 de agosto ao 13 de agosto como consecuencia do accidente do Marisqueño. E ese mesmo sistema sanitario que vostede di que está recortado fixo un dos maiores logros de atención sanitaria simultánea nunha fin de semana, no mes de agosto no ano 2018 en Galicia; (*Aplausos.*) ese mesmo sistema do que vostede di que está recortado.

Señoría, agora que no seu partido saben moito de como se atende a xente nos hospitais, incluso de prematuros, debería de saber o que acaba de dicir o xefe do Servizo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de Prematuros no Hospital da Coruña, que di que ata cen persoas atenden un bebé prematuro cando hai unha necesidade no hospital da Coruña. Un pouco de respecto pola sanidade de Galicia e un pouco de respecto pola sanidade pública e os seus profesionais, señor das Mareas. (*Aplausos.*)

Señoría, ¿que ocorreu? Ás 19.05 h o día 4 de agosto hai un paciente desprazado con enfermidade crónica avanzada que acode ao PAC da Estrada. Nese momento o persoal sanitario do PAC regresaba de realizar, a requirimento do 061 e a proposta da Garda Civil, un traslado de urxencia ao hospital de Santiago. E non podoo avanzar nin os contidos nin o alcance dese requirimento. Un pouco de respecto polos feitos, un pouco de respecto por cumprir os mandatos dos protocolos da asistencia sanitaria e de cumprir as propostas da Garda Civil. Fíxose un traslado excepcional ante un suposto excepcional, como está previsto nos protocolos asistenciais. E, polo tanto, por un suposto excepcional, o médico e a enfermeira dese PAC tiveron que ausentarse do PAC. Automaticamente, cando iso ocorre, o 061 coordina a atención sanitaria dos puntos de atención continuada, como ocorreu no PAC, e, cando se presenta esta persoa, automaticamente se pon en contacto o 061 e o persoal estaba regresando xa ao Punto de Atención Continuada da Estrada e, aos dez minutos xustos de recibir ese aviso, o persoal estaba asistindo esa persoa no PAC da Estrada. ¿Por que omite eses datos? ¿Por que omite eses datos? ¿Por que non lles conta aos galegos por que non había un médico e unha enfermeira nese momento nese PAC? Alá vostede e a súa conciencia. Señoría, alá vostede e a súa conciencia.

Cen mil urxencias atendidas nos últimos oito anos no PAC da Estrada, cen mil, trinta urxencias diarias atendidas no PAC da Estrada e agora resulta que ese punto de atención continuada funciona de forma incorrecta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E agora vénme vostede dicir por que non había dous médicos despois de que o explicamos. Señoría, había un médico contactado para que foran dous ese sábado. Ese médico, como consecuencia de que estaba previamente contactado —teoricamente, veremos o que di a investigación—, foi a outro lugar e non ao PAC da Estrada. Automaticamente durante ese día intentou contratarse outro médico e non foi posible e ao día seguinte xa estaban os dous médicos no PAC da Estrada.

Señoría, lamento profundamente o sucedido na Estrada, por suposto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Teñen toda a razón os familiares de exixir xustiza; terana. Ao que non estou disposto aquí é a dicir cousas que son mentira, a manipular a realidade e a dicir que os profesionais da Estrada non estaban cumprindo co seu deber; estaban cumprindo co seu deber.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente da Xunta, a súa falta de elegancia ao falar dos nenos prematuros evidencia a súa falta de argumentos na contestación a esta pregunta. É absolutamente inaceptable, pero, como di vostede, quedalle tamén aí na súa propia hermeroteca.

Falemos do que viñemos falar. Mire, cando fala vostede da Garda Civil, ¿a Garda Civil prohibía que houbo un segundo equipo médico no PAC da Estrada? ¿A Garda Civil prohibiulles cumprir a lei? ¿A Garda Civil prohibiulles aplicar a Orde do 4 de xuño de 2008? ¿A Garda Civil prohibiulles aplicar o plan funcional que estaba vixente? Non deu vostede explicación de por que non había ese segundo equipo médico. Ese segundo equipo médico era o cumprimento da norma e vostedes saltaron a lei, todo por unha política de recortes inxusta que está causando este sufrimento á poboación, un sufrimento innecesario e ademais ilegal, porque están saltando a súa propia normativa.

Vén vostede dicirnos que había unha persoa contactada, que non quixo... Non. Mire, o artigo 5 desta orde resólvelle eses problemas mediante as listas de disponibilidades. Se as xerencias fosen dilixentes á hora de planificar todo este traballo, porque á parte o Sergas recoñeceu que era unha situación xeneralizada todo o verán, pois máis razón aínda; se é xeneralizada, existe máis marxe para programar o que se chaman, ademais, por outra parte, ausencias imprevisibles. Co cal, ¿como non vai poder ter vostede instrumentos para a resolución diso? Tenos. O que pasa é que, debaixo de intentar botarlle a culpa á xestión das xerencias, o que hai é unha manipulación evidente das causas. A causa é que vostedes non queren gastar nas

gardas dos profesionais, a causa é que vostedes precarizan as súas condicións laborais, a causa é que vostedes non queren investir, non gastar, investir na saúde da xente, e iso é para nós inaceptable.

A pregunta que lle fago é: ¿compensoulle este aforro, este desgusto para a familia e para o conxunto da sociedade galega? Se non é así, rectifique.

Fágolle dúas propostas. A primeira delas —e terá o noso apoio para levala a cabo—, faga vostede unha modificación de crédito para este ano para aumentar os orzamentos do sistema público de saúde para dotar de medios persoais, de persoal sanitario, os hospitais públicos galegos, para que realicen condicións de traballo dignas, esas condicións de traballo dignas que reclaman, entre outros, o colectivo dos PAC en pé de guerra, que reivindican unhas condicións laborais dignas e algo tan revolucionario como o cumprimento da propia normativa do Sergas.

E, en segundo lugar, e en relación co sucedido no PAC da Estrada, vaíamos a unha comisión de investigación parlamentaria. Investiguemos cales son as causas, xa que vostede non o ten tan claro e vostede, polo visto, non leu nin os seus propios decretos e ordes aprobados pola Consellería de Sanidade, e a partir de aí fagamos unha proposta de reforma para que isto non volva suceder.

Puido suceder por dúas razóns: porque vostede estaba incumprindo a lei ou porque a lei está mal feita. Porque se a lei desde logo permite que a xente poida morrer nos hospitais por falta de atención sanitaria, esa lei hai que cambiala, e hai que cambiala xa.

Medite, señor presidente, rectifique e deixe de causar este sufrimento á poboación.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Pero permítanme vostedes ler o que di o seu propio partido sobre os prematuros e a atención sanitaria. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ¿isto a vostedes parécelles mal? ¿Parécelles mal que alguén no seu partido que ten un pouco máis de cerebro que vostede poida poñer en valor a atención aos prematuros na sanidade pública? *(Protestas.)*

Señor Villares, escoite... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Escoite o que lle vou dicir, que eu escoitei todas as barbaridades que acaba de dicir: que nós estamos diminuíndo o persoal e que estamos facendo aposta pola diminución do persoal da Estrada ese día e que nos dá igual ese resultado. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* E agora resulta que hai algún deputado ao que lle parece mal o que estamos dicindo.

Acabo de dicir que tiñamos sempre dous médicos na Estrada as fins de semana, o sábado pola tarde e os domingos. Acabo de dicir que estaba un médico preavisado. Acabo de dicir que ese médico entendeu que estaba destinado a outro punto de atención continuada e alí se foi. Acabo de dicir que inmediatamente os servizos intentaron contratar outro médico para esa xornada. Acabo de dicir que non se conseguiu e ao día seguinte xa estaba o segundo médico na Estrada. Acabo de dicir que sempre hai dous médicos as fins de semana na Estrada. E vostede vén aquí manipular unha vez máis e unha vez máis e unha vez máis, simplemente deteriorando a sanidade pública, (*Aplausos.*) simplemente inxuriando o que estamos facendo. Señor, non llo podo admitir, non llo podo admitir.

Pero, señorías, cada día os profesionais dos puntos de atención continuada atenden catro mil persoas diarias de media, catro mil persoas diarias de media. ¿E agora resulta que todo o que se fai se fai mal? A resolución dos puntos de atención continuada é do 91 %, o 91 % dos pacientes que se atenden alí xa non van aos hospitais. Temos un paciente con problemas crónicos severos e ¿non lle vale con dicir que estamos á disposición da familia, que a familia ten todo o dereito a saber o que ocorreu e que esa investigación está en marcha e non ten marcha atrás? ¿Non lle vale iso? ¿Non lle vale simplemente coller e sumar os profesionais que había en Galicia e os que hai agora?, e o resultado é que hai 1.500 profesionais máis traballando na sanidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non lle vale, señoría, nada máis e nada menos que dicir que temos máis médicos de atención primaria que nunca, máis médicos residentes de familia que nunca? ¿Non lle vale que estamos propoñendo ao Ministerio de Sanidade incrementar os pediatras e acábasenos de dicir unha vez máis que non nos deixan formar máis pediatras en Galicia?

Pero, señor Villares, a vostede realmente xa non lle pido que sexa un xuíz xusto, pero vostede non é nin sequera un cidadán xusto. Vostede non ten a mínima sensibilidade para escoitar o que estamos dicindo e dicindo que esa familia ten dereito a saber todo o que ocorreu, e que nós daremos información, non a través da Administración sanitaria, senón a través da Inspección Sanitaria, de todo o que ocorreu.

¿Que estamos facendo na Estrada, señoría? Facendo un novo centro de saúde. Pero non como consecuencia do que ocorreu o sábado, senón como consecuencia de que A Estrada necesita un novo centro de saúde, que está en obras e que supón un investimento de 4,6 millóns de euros. ¿Parécelle un compromiso mínimo do que estamos facendo na Estrada? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, señor Villares, acabo de dicirlle... Deixe a demagogia, por favor. Pero se isto é un Parlamento, que non é unha asemblea das que vostedes... (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, si, comprendo que as súas asembleas son máis divertidas. Pero, de verdade, isto é un Parlamento. E, polo tanto, señoría, sabemos que para esta familia se necesita tratar este asunto con rigor. Ten o compromiso da Administración sanitaria de que será tratado con rigor.

Pero, dende logo, vou tratar os profesionais sanitarios con rigor, a xente que estaba no punto de atención continuada na Estrada con rigor e imos seguir con rigor, porque hai unha cousa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que está clara, señoría: a sanidade pública en Galicia non é de Mareas nin de ninguén, a sanidade pública é dos galegos e, namentres sexa presidente dos galegos, a sanidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pública será a miña primeira prioridade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Señor presidente, aínda que o entendín e foi en ton coloquial, todos temos o mesmo cerebro. *(Murmurios.)* Todos, todos, todos temos o mesmo cerebro. Eu entendino desde unha forma coloquial do que é un debate dunha confrontación política propia dun Parlamento. *(Murmurios.)* Non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Así o entendín eu e así o entendeu tamén o presidente, e así está entendido. *(Murmurios.)*

Por favor, por favor, non compliquemos unha cousa que é bastante sinxela. Non, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non... Sei moi ben o que dixo e sei ata onde debo de... *(Murmurios.)* E, ademais, creo que coa explicación que dei está todo controlado. Perfecto.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención residencial a persoas maiores e dependentes

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, bos días.

Eu tamén quero comezar expresando as miñas condolencias á familia da persoa falecida no PAC da Estrada, que nos está escoitando.

Pero hoxe quería preguntar, como está na orde do día, sobre a política de residencias.

Señor Núñez Feijóo, o número de persoas maiores segue incrementándose en Galicia. As previsións son que nos próximos anos haberá vinte e cinco mil persoas máis por riba dos 64 anos, e a atención a estas persoas maiores segue sendo unha das máximas preocupacións para elas mesmas e para as súas familias.

Vostede presume das súas políticas neste campo. O conselleiro vainos deixar seguramente nos próximos días como conselleiro, pero, en todo caso, presume das súas políticas neste campo. Presumía, hai uns meses, do grao de cobertura de teleasistencia, de axuda no fogar, en marzo deste ano. Pero os datos recentemente publicados polo Instituto Galego de Esta-

tística, que depende do seu Goberno, indicánnos que hai trinta mil demandantes de axuda a domicilio que non teñen acceso a ela e que hai doce mil persoas que, precisando teleasistencia, tampouco teñen acceso a ela.

E vostede dirame —é o que di normalmente—: melloraron as cifras en termos absolutos desde que son presidente. Efectivamente, cunha Lei de dependencia, de aplicación progresiva, que debería acabarse de cumprir no 2015, pois se non melloran as cifras, hai que miralo moi seriamente.

Pero, sobre todo, o déficit —e eu quero centrar a pregunta aí— está nas prazas de residencias. O déficit de maiores está nas prazas de residencias públicas para maiores e para dependentes, nas prazas de residencias públicas financiadas pola Comunidade Autónoma.

Este déficit maiúsculo comparativo con outras comunidades autónomas produce molestias, produce frustración, produce dificultades económicas a moita xente. Nese déficit entra a iniciativa privada, que se beneficia dunha situación onde hai un exceso de demanda sobre a oferta e, por tanto, pode subir os prezos. E isto acaba xerando angustia sobre a situación financeira de moitas familias, que ven con bos ollos que os seus familiares poidan vivir máis, pero ven as dificultades que existen moitas veces para poder afrontar eses pagos.

E recentemente, no mes de xullo, o Consello de Contas entregou un informe a este Parlamento e mire o que nos di. Dinos que o prazo medio para o recoñecemento do dereito a unha praza de residencia é de 453 días pola Xunta de Galicia, e que, se a isto lle sumamos o tempo medio de agarda, estamos superando en media os seiscientos días.

Tamén nos di —e vou citar textualmente— que «ao longo do período analizado a Consellería non elaborou ningún plan de investimentos en centros residenciais para maiores e dependentes. Non constan neste período previsións para a construción de novos centros». E tamén nos di que, como consecuencia, nos últimos cinco anos, do 2011 ao 2016, non se incrementou o número de prazas en centros propios, e de pouco ou nada poden presumir nesta materia no último ano e medio, e incluso nas prazas concertadas só aumentaron en 240. Iso é o que nos di o Consello de Contas, que é unha evolución que vai moi por detrás da propia demanda, porque o número de persoas maiores —xa digo— segue aumentando.

Por iso temos que reiterarlle que ten que facer un esforzo, un esforzo realista pero preciso e calendarizado. Xa llo dixemos hai seis meses, facíámoslle máis propostas. Voume centrar nas súas palabras. Naquel momento vostede dixo: antes de finais deste ano, estarán licitados sete novos centros residenciais nas áreas urbanas de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Queremos que o faga xa, porque cada vez queda menos tempo e non vemos que se dean pasos nesa dirección.

Serían novecentas prazas adicionais. E, se quere ser crible para os maiores, ten que facelo xa, señor Feijóo, non pode demoralalo máis.

A Xunta de Galicia anda na atención aos maiores, pero a realidade corre e, por tanto, van quedando progresivamente máis atrás das demandas, das necesidades. E utilice todos os recursos dispoñibles, todos. Non renuncie a ningún, porque os maiores así o precisan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, estamos de acordo en dúas afirmacións. A primeira delas é que os maiores deben ser a gran preocupación dun goberno, porque grazas aos maiores temos a sanidade pública e a educación pública que temos. E a segunda é que hai que utilizar todos os recursos, señoría; estamos niso, eu pódollo asegurar. Seguro que lle vou dar uns datos que a vostede o van tranquilizar.

O que é sorprendente, señoría, é que, cando vostede fala da estatística, do Instituto Galego de Estatística, non lle diga á Cámara que era o que medía o Instituto Galego de Estatística. Non medía os que estaban pendentes da dependencia, non. Non, non, vostede sabe que non medía iso. O que medía o Instituto Galego de Estatística era aqueles galegos, solicitaran ou non a dependencia, que si consideraban que estaban nun suposto de dependencia, que é ben distinto, señoría. Mal podemos atender unha persoa que non solicita a prestación. Iso é o que medía o Instituto Galego de Estatística. Para que vexa vostede que ten un goberno que non oculta ningún dato e incluso mide aqueles que nin sequera coñecemos.

Señor Leiceaga, a vostede, que é un economista serio e un político serio, esa omisión creo que non lle fai ningún ben, en primeiro lugar, porque non a necesita e, en segundo lugar, se foi un lapsus, temo, señoría, que eses lapsus hai que resolvelos previamente.

Vostede sabe que hai máis recursos que nunca para a atención aos maiores. Cando chegamos ao Goberno, 276 millóns; agora, 413. Se vostede o fai, pois estamos incrementando o presuposto un 50 %. Vostede sabe que hai un récord de atención a dependentes en Galicia: catorce mil cando chegamos ao Goberno; 56.974, hoxe; é dicir, catro veces máis. A ratio de cobertura de atención a dependentes en Galicia supera a media nacional. En Galicia, o 85 %, sete puntos máis que a media de España.

Obxectivo da lexislatura: sesenta mil dependentes atendidos. Xa lle anuncio, señoría, que ese obxectivo o imos cumprir este ano; é dicir, na metade da lexislatura imos cumprir o número de dependentes atendidos que tiñamos para toda a lexislatura: sesenta mil. *(Aplausos.)*

Señoría, fala vostede de teleasistencia e axuda no fogar. Omitiu un dato. En teleasistencia temos nada máis e nada menos que sete mil beneficiarios e non hai lista de espera. E en axuda no fogar pasamos de dous mil setecentos a vinte e un mil quiñentos e non hai lista de espera. Eu creo que iso hai que valoralo positivamente. Que non haxa lista de espera na axuda no fogar e en teleasistencia é a primeira vez que ocorre en Galicia.

Vaiamos ás prazas, señor Leiceaga. En centros de día, un 223 % máis; de 983 a 3.177, un 223 % máis. E en residencias un 40 % máis; de cinco mil quiñentas prazas a sete mil oito-

centas. ¿A vostede parécelle pouco un incremento do 40 % con menos diñeiro do que vostedes manexaban? Pois ao final deste ano imos ter oito mil prazas públicas.

E, por certo, sobre as residencias, estou de acordo con vostede: comprometémonos a licitalas este ano. Mire, en Santiago, espero —porque para facer as residencias hai que ter solo, como vostede sabe— que o 17 de setembro poidamos firmar o convenio da cesión dos terreos. En Ferrol, estamos pendentes do Concello de Ferrol; xa sabe vostede o que ocorre no Concello de Ferrol, mire o que lle ocorre ao Partido Socialista en Ferrol, imaxine como funciona o Concello. (*Murmurios.*) Na Coruña estamos pendentes da firma da cesión. En Ourense, como caeu o plan xeral, temos que ir a unha lei autonómica para conseguir a cesión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se rían vostedes, que xa iniciou esta senda outro concello onde sempre todas as cousas se fan moi ben. (*Murmurios.*) Señoría, en Vigo e en Pontevedra os terreos son nosos; evidentemente, imos licitar.

Señoría, non se preocupe vostede: terá cumprida resposta dos sete centros e das novecentas prazas este ano. Era o compromiso, señor Leiceaga...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e os compromisos, señor Leiceaga, hai que cumprilos. Pero creo que, a pesar do que nos queda, que non digo que non quede, temos feito moito máis do que nos queda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Non, algúns temos o cerebro que temos, pero, en todo caso, eu defendo de forma moi clara e con moita contundencia o traballo do Instituto Galego de Estatística, supoño que vostede tamén, e, cando lles pregunta aos galegos polas súas necesidades, está reflectindo o que estes demandan realmente, non está reflectindo nada estraño. (*Aplausos.*) E fíxese: o que di o Instituto Galego de Estatística é que hai trinta mil dependentes que precisan axuda a domicilio e non a reciben, doce mil que están na mesma situación en teleasistencia, dezasete mil seiscientos en coidados sanitarios especializados, 12.323 en centros de día, seis mil trescentos en comida a domicilio, 864 en programas de respiro e así sucesivamente, ata un total de cento dezasete mil. Por iso está moi ben ese obxectivo de sesenta mil persoas atendidas. Pero fíxese: quédanlle practicamente o dobre por atender. E non estamos falando aquí xa das residencias.

O obxectivo de sesenta mil persoas pois significa un avance. Como xa lle digo, unha lei de implantación progresiva dá lugar a que progresivamente se vaian cumprindo os obxectivos, pero está moi por debaixo das cifras de necesidades.

E as residencias vostedes din: teñen que ser o último recurso. Nós concordamos con isto, por suposto. Pero tamén sabemos todos que son necesarias. E o Consello de Contas

di —tome nota—: «sendo a oferta de prazas públicas claramente insuficiente». Nós levámolo dicindo hai ano e medio e o Consello de Contas fai esta afirmación despois de facer unha análise comparativa con outras comunidades autónomas, prazas públicas ou prazas financiadas.

Fíxese: vostede falábame agora de sete mil e pico. Ben, os últimos datos que nós temos é que xa se chegou a oito mil en Galicia. Pero fíxese: vostede, hai seis meses dicíanos que eran once mil quiñentas e que houbera un incremento do 60 % —dun 59 %, exactamente—. Ten que revisar esas cifras, porque agora mesmo acaba de revisalas á baixa, o cal me chama poderosamente a atención. Explique o cronograma para a construción das novas residencias. ¿Comprométese, como dixó en marzo, a que as sete residencias públicas van estar licitadas este ano ou non? Iso é o que nos ten que dicir, porque ese anuncio xa o fixo vostede reiteradamente ao longo dos seis últimos anos; seis anos anunciando reiteradamente que se ían licitar esas novas residencias, e o resultado é que estamos igual que antes.

Fíxese: nos seus anos de goberno non incorporou ningún centro de xestión propia, ¡cero!, ¡cero!, e incorporou só dous centros concertados, con 240 prazas. Ese é o seu balance ata agora en política residencial.

E faleille dos recursos antes, porque, como vostedes renuncian a esa décima de endebedamento...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...que son un pouco máis de sesenta millóns de euros, ¿pódíame tamén dicir cantas prazas de residencia pública se poden facer con sesenta millóns de euros? ¿Seiscentas? ¿Setecentas? ¿De cantas poderíamos estar falando?

¿Por que non utilizan todos os recursos dispoñibles que Europa di que están dispoñibles para atender os nosos maiores?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: E sigan as recomendacións do Consello de Contas. Iríalle mellor á súa política de atención aos maiores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, claro que respecto o Instituto Galego de Estatística; non soamente o respecto, senón que depende do conselleiro de Facenda e está traballando con absoluto rigor.

O que reitero que vostede está ocultando é que esa estatística se trata de persoas que se consideran dependentes, teñan solicitado ou non o seu recoñecemento como tales. (*Murmurios.*) Polo tanto, señoría, iso é o que intentamos coñecer: se hai persoas que non solicitan e poden estar no suposto, e invitamos a todas as persoas que cren estar nese suposto a que o soliciten.

Reducimos o número de persoas en lista de agarda, si; das vinte e cinco mil rexistradas hai menos de tres anos agora hai 9.935; é dicir, diminuímos en quince mil. ¿E temos os mellores datos do conxunto de España? Si. A media de persoas en lista de agarda en Galicia é do 14,8 %, e en España, do 22,6 %. Pero non son datos nosos, son datos do Ministerio.

Señor Leiceaga, cando dicimos que incrementamos un 223 % as prazas nos centros de día e un 40 % as prazas das residencias, pasando de 5.500 a 7.820 —e vostede acaba de dicir que xa estamos en oito mil—, é que estamos incrementando por riba do 40 % con anos de dous mil millóns de euros menos cada ano de presuposto. E non se trabuque coas cifras. O total de centros de día, de centros de alzhéimer, de residencias e de prazas con discapacidade incrementouse en Galicia un 52 % dende que chegamos ao goberno.

Por certo, di que non hai máis prazas e que non estamos abrindo. ¿Que ocorre? Que cando un municipio financiado pola Xunta de Galicia constrúe unha residencia e se opera a residencia, ¿iso non son prazas? Ocorre que Vilardevós, Arteixo, Baleira, Paradela, Redondela e Foz, que están abrindo agora esas prazas de residencias financiadas pola Comunidade Autónoma, ¿non son prazas? (*Murmurios.*) Ocorre que os mil bonos que estamos dando aos mil galegos que solicitan un bono para acudir a unha residencia, ¿esas non son prazas?

A primeira vez en Galicia que imos abrir residencias, casas do maior nas aldeas, señor Leiceaga, nas aldeas, alí onde viven dez ou quince familias, por primeira vez. Do mesmo xeito que abrimos as casas niño —e levamos sesenta—, imos abrir trinta casas do maior nas aldeas, señor Leiceaga, (*Aplausos.*) nos sitios onde ninguén se acorda. Aí é onde imos abrir esas prazas, señor Leiceaga. (*Aplausos.*)

Fálame vostede de que hai seis anos que comprometemos sete residencias novas. Pero, señoría, ¿se ía no programa electoral das eleccións do ano 2016! ¿Como vai facer seis anos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non. Comprendo que ao mellor ía no programa electoral do Bipartito, aínda que o que lle podo asegurar é que non estaban feitas. (*O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) No programa electoral do Partido Popular de Galicia inclúese no ano 2016. Reitero: Santiago, Ferrol, A Coruña e Ourense, pendentes de soar axeitado; e Vigo e Pontevedra, terreos de titularidade pública; e en Lugo, señoría, hai unha parcela de titularidade estatal; e esperemos poder formalizar e poder licitar esas residencias.

Acabo de dicirlllo: señor Leiceaga, nunca houbo tantos dependentes atendidos como agora. Hai catro veces máis dependentes atendidos que no ano 2009, hai un 44 % máis de prazas públicas para residencias de maiores que no ano 2009. Estamos por riba da media das demais comunidades autónomas. Hai máis servizos profesionais que no conxunto de España. Non hai lista de espera para axuda no fogar, e, se a hai, é porque o concello non a tramita, porque teñen á disposición centenaes de créditos concellos galegos que non os consomen.

Señoría, hai obxectivos na lexislatura e cumprimos os obxectivos da lexislatura. Sei, señoría, que todo se pode facer mellor.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Que llelo pregunten a vostedes, que con dous mil millóns de euros máis tiñan un 52 % menos de prazas públicas.

O que si lle podo asegurar, señoría, é que, se vostede me pode coller un só ano —e mire que levamos case corenta de autonomía—, recente, con políticas socialistas, en calquera concello ou en calquera deputación, mellores que as políticas sociais da Xunta de Galicia, estamos dispostos a copialas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

¿Si, señor Villares? ¿Para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: Con relación ao debate que acaba de ter lugar agora, suxírolle que faga dúas correccións ao deputado Núñez. A primeira delas, relativa á cuestión encefálica; e a segunda, con relación aos prematuros. Pensamos que, se non o fai, se está creando un precedente sobre o exceso do que é ser o decoro parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Xa está.

O señor VILLARES NAVEIRA: E, polo tanto, recomendámosllo, porque, se non, créase aquí un precedente e un raseiro para o inicio deste curso político...

O señor PRESIDENTE: Señor Villares...

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que é absolutamente lamentable. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Lamentable. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Villares...

O señor VILLARES NAVEIRA: Lamentable. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Así que espero de vostede a corrección.

O señor PRESIDENTE: Creo que me expresei xa antes no que tiña que dicir.

O señor VILLARES NAVEIRA: Xa, pero exprésese agora, que llo estou pedindo formalmente e a micro aberto.

O señor PRESIDENTE: Non, non, non, xa o dixen antes (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e creo que unha vez que se diga a cousa enténdese perfectamente.

O señor VILLARES NAVEIRA: Son dous temas que deberan de estar excluídos porque exceden notoriamente o decoro.

O señor PRESIDENTE: A confrontación política aquí, sei distinguir entre...

(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)

Perdón, señor Villares, agora estou falando eu. ¡Perdoe un momento!

O señor VILLARES NAVEIRA: As alusións a unha...

O señor PRESIDENTE: Perdoe. Non, xa terminou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: As alusións...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, xa terminou o seu turno.

A función dun presidente é saber distinguir ben onde está un insulto e onde non está un insulto. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, perfectamente. (*Murmurios.*) ¡Ata iso sei! (*Murmurios.*) ¡Fun á universidade, eh! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Eu son dos que pasei pola universidade e a universidade pasou por min. ¡Morreu o conto! (*Murmurios.*) ¡Morreu o conto!

Proposicións non de lei. Imos a elas. (*Murmurios.*)

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

Universidade. Señor Losada, coma vostede, igual. E vostede non é máis universitario ca min. (*Murmurios.*) ¡Quede claro! Aínda que os dous somos rurais. ¡Xa está!

Proposicións non de lei. Imos alá. (*Murmurios.*)

¡Por favor! É que, ¡vamos!, hai unha capilaridade excesiva, ¡vamos! (*Murmurios.*) ¡Están os capilares a flor de pel! (*Murmurios.*) ¡Por favor, non, iso non é un insulto! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A universidade da vida, ¡a mellor! (*Murmurios.*) (*Risos.*) ¡Xa está! (*Murmurios.*)

Por favor, imos empezar coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a aplicación pola Xunta de Galicia das propostas do informe do Defensor del Pueblo en relación coa atención ás persoas con enfermidade mental

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 33618.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

<<Solventar de inmediato as carencias das dotacións de persoal e de recursos existentes no hospital psiquiátrico de Conxo para poder prestar con de dignidade a atención á saúde mental que as persoas alí ingresadas precisan.>>

(O G. P. de En Marea, a través da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 33618) (10/PNP-002543).

Emenda de adición.

Deben engadirse os seguintes puntos:

<<- Desenvolver o Plan de Saúde mental con carácter urgente, mediante unha comisión técnica que estableza un proceso realmente participativo no seu deseño coas e cos profesionais da saúde mental, así como asignar ao mesmo compromiso orzamentario no exercicio 2019, que permita levalo a cabo.

- Remitir no prazo de tres meses, un informe de avaliación sobre as condicións das e dos doentes e a posible necesidade de recursos para melloralas.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-002543 (33618).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a valorar á maior brevidade posible as suxestións propostas no informe do Defensor do Pobo acometendo as medidas de mellora que sexan necesarias.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Bos días.

Grazas, presidente.

Non sei se foi a Harvard ou a Aravaca...

O señor PRESIDENTE: Á de Santiago.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Á de Santiago? ¡Boa universidade, si señor, boa universidade!

Ben, bos días.

Queríamos dende... (*Murmurios.*), se é posible... Coñecemos que o señor presidente ten especial sensibilidade pola cuestión que imos tratar.

Queríamos tratar hoxe un tema sobre sanidade. A verdade é que é un pleno con notoria presenza da sanidade e a valoración do sistema sanitario. Con toda a vontade, ademais, de tratarlo con bastante máis rigor e respecto co que foi tratado por algunha bancada nestes últimos debates, non nos que tivemos nos últimos días senón no que acabamos de asistir. E a verdade é porque é un tema que preocupa.

Somos plenamente conscientes dende o noso grupo de que o tema que tratamos ten unha sensibilidade que todos os deputados presentes e as deputadas presentes saberán comprender, e no que nos corresponde aos que traballamos no eido da sanidade neste Parlamento e que coñecemos porque coñecemos o tema, e cónstame que todos os voceiros e voceiras desta área o coñecen plenamente e están plenamente identificados e sensibilizados co tema, pero seguramente moitos outros tamén, e neste sentido quixera plantexar algunhas cousas coa crueza coa que son, porque moitas veces tratamos temas moi duros, para tratar de empatizar un pouco coas persoas afectadas e coa situación do que estamos a falar e do que tratamos.

E para iso quería apenas ler un informe, o que centra este debate, que é un informe feito por unha institución de máximo respecto como é a institución nacional do Defensor del Pueblo, e, concretamente, dun órgano que se chama —e creo que o nome é importante— Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura, que é unha palabra difícil e unha palabra dura, e por iso cremos que é necesario empatizar con esta situación.

Vou ler algunhas cuestións que teñen que ver co Hospital de Conxo, que todos vostedes coñecen —non é necesario facer un historial sobre el—, e sobre o informe feito a raíz da visita duns inspectores, de técnicos que visitaron as condicións do hospital, que di algunhas cousas como as seguintes. «Non existe un control oficial dos pacientes no que se rexistren os historiais legais e administrativos. Non existe un procedemento de seguimento por pacientes. No expediente administrativo de cada paciente non se inclúe copia do informe médico que se remite ao xulgado coa solicitude de continuar o internamento». Traducido —aínda que

é fácil de comprender e todos o comprendemos, pero por ser contundente—: os informes que teñen que decidir que as persoas se manteñen ingresadas deben levar un informe médico, evidentemente. Non existe. «Os autos dos xulgados de continuación do internamento voluntario non contan polo xeral con motivación suficiente».

Temos, por tanto, que non hai seguimento, que non hai documentación que faga seguimento dos casos, que non hai acreditación clínica en moitos casos de por que se teñen que seguir algunhas estancias e non hai informes suficientes ou motivacións suficientes en moitos casos que permitan acreditar que deben de seguir internados algúns pacientes. ¿Podemos garantir que non existen pacientes internados en contra da súa vontade?, e, a partir de aí, preguntarnos: ¿canto tempo poden durar estas situacións?

O informe continúa e afirma a existencia de persoas ingresadas por períodos moi dilatados. E fago a pregunta —aínda que os que coñecen o informe xa o saben— de canto é un período moi dilatado no que unha persoa pode estar ingresada nun centro, como o Hospital de Conxo, sen que existan os informes suficientes ou a motivación suficiente para estar. ¿Canto é unha experiencia moi longa, moi dilatada, para que alguén estea ingresado sen ter os informes clínicos suficientes? Alguén podería pensar que uns meses, un ano, cinco, dez... Pois non é ningunha desas datas, nin quince nin vinte nin vinte e cinco, senón que estamos a falar de persoas que están máis de trinta anos. E hai algún caso de persoas que levan cincuenta anos ingresadas, sen que se poida garantir que os informes clínicos sexan suficientes e motivantes para manter esa estancia. Isto non ocorre a dez mil quilómetros, nunha selva perdida; ocorre a breves, moi breves quilómetros deste Parlamento.

Vou ler algunhas outras partes deste informe. «O pavillón onde residen os pacientes non dispón de videovixilancia», cuestión que é relativamente habitual nalgúns casos deste tipo de centros e nalgunhas partes do centro. «As habitacións individuais onde poidan realizarse contencións mecánicas non están axeitadas a ese uso». As contencións mecánicas todo o mundo pode entender o mecanismo utilizado ou necesariamente de utilización nalgunha situación extrema ou límite; canto menos se utilice, evidentemente, mellor, e sempre cunhas correctas vixilancias e unhas habitacións axeitadas. Repito: «o pavillón onde residen os pacientes non dispón de videovixilancia», «As habitacións individuais onde se realizan contencións mecánicas non están axeitadas, ou, o que é o mesmo, non están as camas onde se fai a retención mecánica, non están en todos os casos visibles, non existe correcta comunicación co exterior. Pensen o que supón estar atado a unha cama sen poder comunicarte co exterior, sen poder falar nin sequera con alguén que está ao outro lado da porta. Pois o informe di algo tamén a continuación como: “Varios pacientes aluden ao uso das medidas de contención como medida de castigo”. ¡A breves quilómetros!, este é o noso primeiro mundo tamén, ¡tamén!

Hai outras cousas que, a verdade, comparadas con estas dúas situacións, serían aparentemente menores, pero que creo que é importante mencionar, e que di tamén o informe. Estou limitándome a ler literalmente o informe. Lembro: Mecanismo Nacional da Prevención da Tortura. Fala de cousas como a insuficiencia xeral de recursos axeitados para a atención extrahospitalaria e sociosanitaria. Di tamén que existe unha moi escasa participación dos pacientes no funcionamento diario do centro. Di tamén que a intimidade

entre pacientes se aborda con moi pouca naturalidade. Di tamén que se teñen detectado casos de sobremedicación con psicofármacos. Di tamén que as persoas en unidades de longa estancia como esta teñen neste caso menor ou mínimo acceso a actividades encamiñadas ao incremento da súa autonomía e independencia. Di tamén que as instalacións, exceptuando unha unidade reformada, se encontran obsoletas.

Isto di este informe. Nós hoxe traemos unha proposta que, no que supón a parte resolutiva, apunta a que esteamos de acordo en asumir as recomendacións que tamén inclúe este informe, porque apunta recomendacións. E traémolo aquí porque este informe é de novembro do ano pasado e apunta algunhas recomendacións sobre formalizar sistemas de documentación das historias legais, sobre facer mellores mecanismos, sobre implantar un arquivo para facer ese seguimento, sobre dar instrucións para que se cumpra con todo o rigor a adecuación dos informes médicos que acompañan as decisións de estadias prolongadas. Fala tamén da necesidade de promover e impulsar coa Fiscalía e os órganos xudiciais novos procesos para avaliar correctamente a situación de todas as persoas alí ingresadas; que se poida garantir, se están de maneira voluntaria, que teñen a capacidade volitiva para poder decidir estar alí, e, se non a teñen, que existan informes que o poidan acreditar. Fala de instalar sistemas de videovixilancia, de controlar o uso das habitacións de contención mecánica, fala de moitas destas cousas.

Hai un denominador común: este informe foi remitido á Consellería e aos responsables do centro, e recibiu resposta. Todas as respostas están no informe. ¿Saben cal é o denominador común? Que todas as suxestións que están incluídas levan unha resposta que di —cito literalmente—: «Sen resposta», sen resposta da Consellería.

Isto non ocorre a dez mil quilómetros en países que poidamos non comprender, en sociedades que non comprendamos ou en lugares onde nos poidamos sentir menos implicados emocionalmente, que existen. Ocorre a moi breves quilómetros, ocorre en lugares a onde podemos ir andando. Teremos tempo, seguro, de debater sobre os modelos necesariamente máis humanizados de atención á saúde mental, con menor farmacoloxía, con máis terapia, máis personalizados. Seguro que é necesario debater sobre iso, hai moitísimas cuestións sobre as que temos que debater. Pero isto, isto, estancias prolongadas sen estar garantida a necesidade de que sexa así, estancias de máis de trinta anos, estancias de cincuenta anos de persoas ingresadas sen que poidamos garantir, como sistema, que están por vontade propia ou porque o necesitan de verdade, contencións mecánicas sen control que se apuntan como castigo, todo isto, ocorre aquí ao lado.

O que traemos hoxe é unha proposta, unha resolución, moi simple: fagamos caso a este informe e adoptemos as medidas que nos impón, que nin sequera son unha cuestión de extremo gasto, se é que alguén aínda quere pensar nese punto. Non o son. Necesitamos adoptar estas medidas. Dende o noso grupo cremos que é necesario adoptar un acordo sobre isto.

E queriamos unicamente reflectir esta situación, porque hai familiares que teñen persoas ingresadas, porque hai persoas alí —221— que necesitan que nós garantamos os seus dereitos, e ese é o noso labor...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e iso é o que hoxe plantexamos aquí dende o noso grupo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Efectivamente, a situación do psiquiátrico de Conxo non é a primeira vez que vén a este Parlamento, que infelizmente tivemos que abordalo noutras ocasións por situacións de suicidio de persoas alí ingresadas, pola falta de recursos neste centro, polo caso omiso do Sergas respecto das denuncias de falta de recursos neste centro. Hoxe acaba de describir o deputado do Partido Socialista unha parte do informe ao que fai referencia a iniciativa que estamos a debater.

E eu, antes de máis, quero facer un recoñecemento ao Movemento Galego de Saúde Mental, que nos alertou deste informe, que fixo pública a existencia do mesmo e que fixo pública a contestación da Xerencia respecto do mesmo. Porque a pretensión, máis unha vez, da Xerencia, do Sergas, da Consellería, é que unha cuestión da extrema gravidade do descrito no informe —e o descrito no informe non fai máis que reflectir a situación neste centro hospitalario—, pasara desapercibida, coma se isto non ocorrera. Porque do que non se coñece parece como que non existe. E se non existe, non se toman medidas e non se rectifica.

E, efectivamente, neste informe dáse conta da grave situación na atención ás persoas atendidas nesta institución, dependente do Servizo Galego de Saúde. Póñense de manifesto cuestións como a insuficiencia xeral de recursos, a inexistencia de mecanismos de seguimento de doentes, unha elevada taxa de incapacitacións e tutelas, a obsolescencia das instalacións, casos de sobremedicación, uso de contencións mecánicas como castigo; é dicir, toda unha serie de cuestións que, dende logo, deberían ser pasado e son, infelizmente, desgraciadamente, dramaticamente, presente. Son presente para persoas que están aí ao lado, porque estamos falando dun centro que está aí ao lado, aquí en Compostela, en Conxo.

O Movemento Galego de Saúde Mental, coñecedor da contestación por parte da Xerencia, considera que é inconcibible a resposta dada a este informe e que se produza por un órgano da Xunta de Galiza. E lembramos que este órgano, o Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura, que depende da Valedoría, da Defensora do Pobo, do Estado español, ten a misión de velar por esta cuestión tan fundamental, como é a prevención da tortura. E evidénciase neste informe que se está a producir esta situación de tortura.

Denuncia tamén o Movemento Galego de Saúde Mental a carencia de profesionais, que é manifesta; que o Hospital Psiquiátrico de Conxo necesita ser reforzado profesionalmente, orientado con decisión cara á rehabilitación das persoas que atende, xunto co firme

compromiso, nese sentido, dos responsábeis da Consellería de Sanidade, da xerencia de xestión integrada da área, e tendo como centro e guía dese proceso o respecto e defensa do dereito das persoas, que non se está a cumprir.

Vou simplemente dar conta dun extracto contido neste informe e que o Movemento Galego de Saúde Mental ten reflectido na súa páxina de facebook, que di que forma parte dese informe. Di: «No hospital de Conxo as habitacións, que na maioría son de tres camas, teñen aspecto impersoal. Non hai enseres dos doentes nin pertenzas, o que resulta disfuncional dado o prolongado período de permanencia da maioría dos usuarios. O resto das instalacións, exceptuando unha unidade reformada, presentaban humidades e grietas. Percibíase unha importante sensación de frío, tendo os doentes que permanecer nas unidades con roupa de abrigo. O persoal recoñecía o lamentable estado das instalacións, que atribuían ao feito de ser un edificio de patrimonio histórico. As reformas que se realizaron foron sempre moi limitadas. As condicións de habitabilidade son, polo tanto, inaceptábeis, e aínda máis se se considera que se trata dun espazo sanitario onde as persoas deben permanecer, polo xeral, ingresadas durante anos.

Isto forma parte do informe.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Non se está inventado, forma parte do informe.

Imos votar a favor da iniciativa que presenta o Partido Socialista. Presentamos unha emenda de engádega que vai na dirección do que levan tempo demandando os profesionais, que é que, á parte de atender as recomendacións xerais do informe, se solventen de inmediato as carencias na dotación de persoal e recursos existentes no Hospital Psiquiátrico de...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...Conxo para poder prestar con dignidade a atención á saúde mental que as persoas alí ingresadas precisan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: Parécenos urxentísimo que, dunha vez por todas, deixen de mirar para outro lado e atendan ao que está pasando neste centro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

O que aconteceu na sesión de control non só non é elegante —e de mal gusto falando dos fillos prematuros, supomos que de Pablo Iglesias—, senón que é bastante hipócrita cando se pecharon neste verán 18 berces de lactantes no Hospital Universitario de Santiago de Compostela. Dende logo, non saben nin sequera o que teñen na súa sanidade pública. (*Aplausos.*)

Nós imos apoiar esta iniciativa independentemente de que se acepte a emenda ou non. E a verdade é que resulta bastante descorazonador volver vir aquí a falar da sanidade pública, neste caso da saúde mental, cando a pesar de todas as advertencias que se fixeron durante todos estes anos non se tomou nota por parte da Consellería de Sanidade de absolutamente nada. Hai arredor dun ano e medio estabamos aquí interpelando o conselleiro de Sanidade precisamente por esas novas de suicidio e dunhas denuncias de violación que houbera nesa unidade de Conxo, outras tamén na Coruña e, noutras ocasións, noutras unidades. E resulta bastante chamativo que o Partido Popular acostume presumir de que se foron pechando as unidades de longa estancia; algo no que, como xa dixemos noutras ocasións, nós estabamos de acordo, aínda que denunciámos tamén as condicións nas que quedaron as persoas que remataron en residencias da terceira idade, en centros non adaptados para a atención á saúde mental, e que agora manteña o último centro que queda nestas condicións. Pode ser duro, pero a min, evidentemente, non me parece que sexa duro debater neste Parlamento se hai un informe que indica que hai vulneración de dereitos fundamentais. A Fiscalía está estudando a presunta vulneración de dereitos humanos nesa unidade de Conxo. E eu creo que é suficientemente grave como para que a Xunta de Galicia tome partido e tome algún tipo de medida.

Trasládáronse aquí as condicións que reflicte o propio informe. Probablemente o parágrafo que leu a voceira do BNG, o derradeiro, é o máis duro, con independencia de todas as vulneracións legais que levan anos denunciando traballadores e que agora reflicte este informe. É unha situación totalmente inaceptable. O informe fala, de inicio —creo que non se pronunciou aquí—, de que se observou que unha porcentaxe relevante dos residentes ingresaran por un procedemento non voluntario e urxente, aínda que tal circunstancia non sempre quedaba axeitadamente acreditada na documentación que se puido examinar. É dicir, as persoas están aí sen que estea xustificado en moitas ocasións legalmente por que están aí de maneira permanente. E o informe di que incluso nalgúns casos por máis de trinta anos. É totalmente inasumible. O informe fala tamén de que se fixeron modificacións legais para adaptar a documentación existente á legalidade vixente, pero modificacións que non cumprían porque non se fixeron no momento da prescrición dese ingreso; ingresos que en moitas ocasións —dío o propio informe—, non están asinados por ningún facultativo ou facultativa.

As persoas, os familiares dos enfermos con problemas de saúde mental, faláron tamén con nós, e, efectivamente, o Movemento Galego de Saúde Mental. E a realidade é que, desgraciadamente, esta circunstancia non só se está a dar neste centro. Nós imos trasladalo nalgún debate da Comisión de Sanidade, porque temos denuncias doutros centros nos que non se controla nin a contención mecánica nin a sobreexposición a fármacos nin tampouco hai control doutros elementos básicos que atentan contra dereitos fundamentais das persoas que alí están privadas da súa liberdade. Porque si, están privadas da súa liberdade. E non só

o están, senón que están nunhas condicións, que relata o propio informe, que son dun presidio do século XIX: frío, con privación das súas pertenzas persoais, ausencia de coñecemento de quen xestiona os seus bens materiais, ausencia de coñecemento dos seus titores legais, total incapacidade de defenderse fronte aos presuntos tratamentos e as contencións.

Miren, moitas destas cousas suceden, e témolo denunciado noutras ocasións, porque hai ausencia de profesionais suficientes, porque non hai protocolos axeitados e porque non hai unha revisión e un control de como se está a dar a asistencia neses servizos. A culpa nunca é dos profesionais, a culpa é dos xestores que miran anos e anos para outro lado mentres se denuncia —non só neste Cámara senón fóra— que hai posibles vulneracións. E ten que vir o informe para que se faga eco tamén a Fiscalía neste caso e se estea a investigar.

Eu creo que a Xunta non se pode permitir agardar a que realmente se resolva pola vía legal. É que teñen que tomar algún tipo de medida.

Vou rematar xa, porque non me queda tempo.

Nós, con independencia de que se acepte ou non a emenda, imos votar a favor. E a emenda simplemente pide eses plans de saúde mental que levamos anos demandando nesta Cámara —e levan anos prometéndose por parte da Consellería—, e un orzamento, agora que estamos ás portas de que regrese, de que veña, o vindeiro debate orzamentario. Porque desgraciadamente, por máis que traemos este asunto aquí, a saúde mental segue sen recursos suficientes.

Grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Ben, hai que dicir que, desde logo, antes do informe —e dicindo tamén que ese informe é tido en conta pola Xunta de Galicia— xa o Goberno galego ten manifestado con feitos o seu compromiso por mellorar a calidade da atención prestada aos pacientes con trastorno mental severo ingresados en hospitais psiquiátricos. Os cambios acontecidos ao longo destes anos, nos que se reubicaron e modernizaron as instalacións dedicadas a programas rehabilitadores e ocupacionais para pacientes con trastorno mental severo, son bo exemplo disto.

No hospital de Conxo derribouse a antiga edificación anexa que acollía as unidades de coidados de rehabilitación, dotándoo dun novo espazo no edificio principal cun equipamento axeitado ás necesidades asistenciais. Progresouse tamén na desinstitucionalización do enfermo mental mediante o peche dos antigos hospitais psiquiátricos en Toén, Castro e

Rebullón, trasladándoos a unidades de coidados de rehabilitación, coidados especiais e coidados residenciais —hospitais de Piñor, Calde e Nicolás Peña respectivamente—. Tamén se reorganizou a atención da patoloxía máis severa, en liña coas recomendacións internacionais e tal como aconsella o informe emitido polo Defensor, avogándose por un incremento de prazas en unidades de coidados de rehabilitación, en unidades de coidados especiais, e unha redución do número de prazas en unidades residenciais hospitalarias.

Estas unidades de coidados de rehabilitación hospitalaria son unidades abertas, dotadas de persoal sanitario, tanto de psiquiatras, psicólogos clínicos e persoal de enfermería e terapeutas ocupacionais, entre outros, que cumpren un labor asistencial destinado á rehabilitación e á reinserción social de pacientes con trastorno mental grave. As medidas de seguridade nestas salas son aplicadas por persoal sanitario e están destinadas exclusivamente a garantir a saúde e a integridade dos pacientes, e nunca o seu confinamento. Existe un protocolo en todos estes lugares de inmovilización e contención do paciente que se aplica nos casos nos que se presenta unha axitación psicomotriz extrema, ou en casos nos que haxa risco de lesión para o paciente a si mesmo ou ben a terceiros. Estamos a falar de pacientes ingresados por trastorno mental severo.

Non se trata —este centro— dun centro no que se apliquen medidas privativas de liberdade. Só de xeito excepcional, cando a situación clínica ou legal o recomenda, pode limitarse a saída do paciente da súa área de tratamento. Todos os pacientes teñen garantido o acceso ás novidades terapéuticas con mellor perfil de tolerabilidade e menor incidencia de efectos secundarios, e correspóndelles aos facultativos a supervisión e control dos mesmos. Tamén hai que dicir que a dispensación dos psicofármacos se realiza dende o servizo de farmacia do complexo hospitalario, como para o resto de pacientes ingresados.

Afondando máis na serie de melloras realizadas polo Sergas no eido do trastorno mental severo, hai que sinalar que todas as estruturas organizativas contan, ademais, con hospitais de día e equipos de continuidade de coidados, que levan a cabo a atención intensiva e continuada no domicilio de persoas con trastorno mental severo e crónico cando non requiren hospitalización e se atopan en situación de estabilidade.

No ano 2011 asinouse un convenio entre a Conselleira de Sanidade e a de Política Social polo que se establecen liñas de traballo conxuntas de apoio e atención sociosanitaria a doentes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico estabilizados dende o punto de vista sanitario. E este convenio facilita a derivación destas persoas, que están en situación de discapacidade ou de dependencia institucionalizadas en unidades de rehabilitación hospitalaria e nas unidades residenciais, a centros residenciais de promoción da autonomía ou de atención da dependencia, axustados ás necesidades psicosociais de cada doente.

Tamén sinalo que no ano 2004 se deron os primeiros pasos nesta comunidade autónoma coa constitución dun grupo de traballo de ética psiquiátrica, que elaborou, entre outros, un protocolo consensuado para a súa aplicación en todos os dispositivos de atención á saúde mental na nosa comunidade. Na actualidade, en todas as áreas de saúde existen protocolos detallados, concretos e actualizados para a realización dos procedementos de illamento, contención física e ingreso involuntario. Todos os servizos inclúen nos seus obxectivos a

análise e actividades relacionadas coa mellora do uso das contencións. E a Administración sanitaria galega segue co seu obxectivo de integrar ao máximo a saúde mental dentro da planificación e estratexia asistencial común para o Sergas.

Hai que ler todo o informe. Eu botei de menos, señor Torrado, o que olvidou do que di o informe sobre os profesionais que traballan alí. Di: «*Se observó que el personal del hospital trataba a los pacientes con respecto, cariño y cercanía*». E isto hai que dicilo, porque son persoas que traballan nunhas circunstancias que todos coñecemos. E tamén hai que dicir que vostede dixo que non había respostas. Moitas están respostadas e outras están en trámite. Como dixen antes, a Consellería ten en conta este informe.

Non teñan ningunha dúbida de que as recomendacións realizadas polo Defensor del Pueblo no seu informe se terán en consideración, todas e cada unha delas, para acometer as medidas de mellora necesarias.

Nós presentamos unha emenda, que esperamos que sexa aceptada.

E xa, para terminar, simplemente quero dicirlle á señora Solla, do caso que nomeou dos prematuros, que supoño que será por un señor do seu partido, que este señor agradeceu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...que este señor e señora, perdón, agradeceron o trato recibido pola sanidade pública. El sacouno do seu ámbito privado e por iso se comentou nesta sala.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Quero agradecer o apoio manifestado polos grupos do BNG e de En Marea. Ademais, cóstanos ao noso grupo e a este Parlamento a preocupación que ámbolos dous grupos teñen manifestado por estas cuestións, e especialmente das súas voceiras, que o teñen feito de maneira intensa, incluso con anterioridade a esta lexislatura. É a miña primeira lexislatura pero sei do interese de ambas e é loable. Estamos agradecidos polo apoio a esta iniciativa, que ademais enriquecen coas emendas e que por suposto serán claramente aceptadas.

Ademais, súpome aos agradecementos que manifestaron a colectivos que teñen denunciado esta situación. Hoxe están aquí representantes de Feafes, aos que hai que agradecer —ás veces non con todo o éxito que merecerían— que teñan unha certa repercusión e tamén contribúan a poñer o foco sobre as cuestións que son de relevancia. Porque marcar a axenda é un labor político fundamental, e moitas veces nin sequera os grupos políticos somos quen de facelo. E tamén eles, dende ese punto de vista, teñen un labor impagable e contribúen a facer deste país, polo menos, un país mellor na medida en que conseguen que teñamos estes debates. (*Aplausos.*)

Hai unha proposta de emenda sobre a que quixera debater, que é a traída aquí polo Grupo Popular. É certo que foi defendida en vinte segundos. Sobre o anterior a verdade é que sinceramente entendo a vontade de quen o defendeu aquí, pero non eran obxecto deste debate as posicións utópicas ou desexables, ou a redacción de discursos que non se axeitan ao que estabamos debatendo. Debemos unha situación moi concreta sobre un informe moi concreto que ten numerosas páxinas. A verdade é que non se pode ler enteiro. Se o leramos enteiro seguramente tamén sería moito máis duro. Hai cuestións, ademais das que eu trouxen aquí, que expuxeron a señora Prado e a señora Solla e que son igualmente duras.

Pero, en definitiva, a nosa valoración é que o informe é inaceptable e é inasumible. E hai que asumir esas recomendacións. Algunhas faríanse, pero todas as que eu describín non teñen resposta emitida. E cremos que son absolutamente contundentes e inaceptables, polo cal esas tamén deberán ser asumidas. Non entendemos por que outras si e esas non.

E sobre a emenda en particular, se cadra o que debemos é matizar sobre cal é a emenda, porque creo que vou ser un pouco máis específico que a señora Amigo, que solicitou que se aprobara a emenda. Difire unicamente da nosa proposta en que nos propoñemos «asumir» as recomendacións do informe e o Partido Popular propón «valoralas». Esa é a diferenza.

Con toda contundencia, non podemos aceptar esa emenda. ¿Por que? Primeiro, porque se hai que valoralas é que aínda non existe unha posición sobre se son válidas ou non. Nós cremos que xa é necesario ter unha posición. Probablemente hai que tela de antemán. Pero, aínda cando non se ten de antemán, é importante ser conscientes de cando é o informe. O informe é de novembro do ano pasado e estamos en setembro, van alá dez meses. Se despois de dez meses dun informe tan duro que avergoña o noso sistema aínda temos que valoralo, malo. Nós propoñemos que se asuma. Se ademais é anunciado aquí, coma sempre, o de que xa se fixeron moitas cousas e que xa se van facer... Isto é coma un estándar que se podería tomar como implícito en todas as intervencións do Partido Popular. Xa se están facendo moitas cousas, xa se fixeron moitas e vanse facer máis. Se se van facer, non nos será moi complicado aprobalo. Se se van tomar esas medidas, ¿por que non aprobalo? E a diferenza está, eu creo, en dúas cuestións. Primeiro, pódese considerar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—remato xa, señor presidente—, pódese considerar por parte do Partido Popular que aprobar algo que trae un grupo da oposición é un desprezo, que non se pode considerar que aprobemos algo que traian estes de aquí. Ben, é un debate menor, eu creo. Non ten ningún sentido. Miren, isto non vai de medallas.

Tamén pode ser que consideremos que, se se vai facer, é mellor aprobalo, porque contribuiremos a facer o que xa fan as asociacións, que é poñer o foco nesta situación e que se resolva canto antes. E ademais contribuiremos a facer que entre todos algunhas veces sexamos quen de poñernos de acordo para unha cuestión tan esencial coma esta. Non nos dediquemos a discutir sobre cuestións sobre as que, segundo o dito aquí, estamos todos de acordo. Porque, se non, sería iso de «veñen vostedes aquí a facer política»; que si, pero

tomariámolo como unha mostra de que non se aproban as cousas porque as trae outro grupo. Se estamos todos de acordo, confío en que o aprobemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que hai que tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas, e para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Durante a sesión de control ao presidente da Xunta asistimos máis unha vez a un exercicio de non asunción da realidade, a unha negación da situación da sanidade pública de Galiza, dende logo, digna de estudo nas facultades, por un lado, de psicoloxía e, por outro lado, das de xornalismo, e de como tapar a realidade con toneladas de titulares, de demagogia e de páxinas en xornais pagados e ao servizo de quen paga.

Hoxe o BNG trae aquí unha iniciativa para demandar que se aclare o que sucedeu no sábado 4 de agosto no PAC da Estrada, un 4 de agosto onde no PAC da Estrada falecía un doente por falta de atención sanitaria. O persoal sanitario deste centro atopábase fóra do mesmo atendendo unha urxencia nun domicilio, que logo requiriu o traslado do doente ao CHUS. Produciuse, polo tanto, o falecemento nun contexto de falta de cobertura e do reforzo do sábado, coa ausencia do único equipo sanitario que desenvolvía o traballo nesa tarde por acudir a unha urxencia fóra do mesmo. O PAC da Estrada ese sábado estaba atendido por un só equipo: un profesional facultativo, un de enfermería e un PSX, cando o normal é que nas fins de semana estea un segundo facultativo. E a realidade é que xa levaba varias fins de semana sen cubrir esta segunda praza de facultativo.

A morte de Xosé Manuel fixo saltar todas as alarmas sobre a situación da sanidade en Galiza, sobre a política sanitaria do Partido Popular. É evidente que na vida, en xeral, e na sanidade, en particular, non existe o control absoluto dos riscos, non existe o risco cero. E non é menos certo que a obriga da Administración, neste caso do Sergas, é a de garantir os medios e recursos necesarios para reducir eses riscos ao mínimo inevitábel. E no caso que nos ocupa estase lonxe, moi lonxe, de ter cumprido con esa obriga de medios.

Lamentamos a actitude que mantivo e segue a manter a Consellería e o Sergas, a actitude que mantivo antes de producirse a morte dunha persoa no PAC da Estrada, a de non escoitar as demandas das e dos profesionais dos PAC que levan meses denunciando a situación, facer oídos xordos ás súas advertencias sobre a falta de persoal, sobre os descubertos que se están producindo, e a actitude mantida despois. É lamentábel por parte dos responsables do Sergas que non fixeran ningún intento de comunicación coa familia do falecido de xeito persoal, aínda que tan só fora para trasladar persoalmente o pésame, e non só a través dos medios de comunicación. É lamentábel que a xerente da EOXI, Eloína Núñez, nin sequera

interrompera as súas vacacións, non dera a cara en ningún momento, non dera ningunha explicación como responsábel da área sanitaria. E é lamentábel que o conselleiro, diante dun feito tan grave como a morte dunha persoa por falta de asistencia, non dera explicacións neste Parlamento.

Non é de recibo que se manteña a posición de minimizar o acontecido, e desde o BNG consideramos preciso esclarecer o sucedido, asumir responsabilidades e dar explicacións neste Parlamento. E por iso o primeiro punto da iniciativa que hoxe traemos a debate o que demanda é que os máximos responsables da Consellería de Sanidade e do Sergas dean explicacións urxentes neste Parlamento —urxentes xa non van ser porque hai máis dun mes do acontecido— sobre as causas da morte da doente no PAC da Estrada o sábado 4 de agosto e a razón de ter negado o reforzo solicitado polo persoal do PAC.

Eu, dende logo, quedaba bastante sorprendida escoitando o presidente da Xunta dicir que había un expediente aberto para ver que fora o acontecido a respecto do persoal. Ata van ser capaces de intentar responsabilizar o persoal do acontecido, ¡ao tempo! Aquí non hai maquinista, mais son capaces de atopar algún responsable no persoal. Sempre son capaces de atopar algún maquinista a quen botarlle a responsabilidade.

O segundo punto da iniciativa solicita que se atendan sen máis dilación as demandas dos e das profesionais que prestan os seus servizos nos puntos de atención continuada, nos PAC, das que é coñecedor o Sergas. É coñecedor porque os profesionais dos PAC levan meses denunciando a situación de deterioración das condicións laborais e asistenciais que se viven nestes centros que atenden as urxencias extrahospitalarias de Galiza. Os PAC seguen cos mesmos recursos materiais e humanos de hai dez anos, cando neste tempo as urxencias non fixeron máis que aumentar. Hai un envellecemento da poboación, o persoal dos PAC fai o 90 % do traballo encomendado polo 061, son os que medicalizan as ambulancias, van aos domicilios, atenden os accidentes, os infartos... Os profesionais denuncian que traballan continuamente en situación de servizos mínimos, que a sobrecarga laboral é brutal, que non substitúen as ausencias dos profesionais, que non se establecen reforzos de fin de semana ou en datas con previsión de aumento de demanda. Levan meses denunciando que así é imposible continuar.

O 21 de xuño o BNG traía a este Parlamento esta situación. Demandáballe ao Goberno, demandáballe á directora xeral de Recursos Humanos, que atendera as demandas destes profesionais. Ao día seguinte había mesa sectorial, onde se estaba abordando esta situación. E nesas mesas están dilatando absolutamente darlles unha resposta ás demandas que están facendo estes profesionais. Na mesa celebrada ao día seguinte produciuse o esperado: máis dilación en dar unha resposta.

A principios de verán, os profesionais dos PAC, organizados nunha plataforma, fixeron pública unha carta, que tamén enviaron aos responsables do Sergas, na que volvían facer pública a situación, na que dicían que, apenas comezado o verán, os problemas non fixeran máis que empezar. Facían público que a última volta de rosca por parte da Administración é deixar descubertos nos servizos de urxencias as ausencias imprevistas. Se un médico se indispon ou por motivo xustificoado ou polo que sexa non pode acudir á súa garda, non se pon a ninguén

no seu lugar. E dicían que isto ocorreu o xoves 5 de xullo no PAC de Redondela, o sábado 7 no PAC de Moaña, o 12 en Redondela, o 13 no Porriño, o 14 na Guarda. Dicían que a consecuencia de todo isto é que se permite que un só médico se teña que facer cargo do traballo para o que dous efectivos xa se teñen mostrado insuficientes en moitas ocasións. Xa non é unha cobertura de mínimos, atopámonos dunha situación de sálvese quen poida. E o peor é que os feitos demostran que non se trata de nada puntual. Poñamos, por exemplo, que un doente acode ao PAC afectado por unha patoloxía grave e repentina, algo que pode pasar no verán, unha picadura de insecto que teña como consecuencia unha reacción alérxica grave, que o doente chegue ao PAC con mareo ou dificultades respiratorias e o médico non estea porque tivo que ir realizar unha asistencia a un domicilio, ou si está pero non lle permite rematar a súa quenda de traballo e leva traballando máis horas das que lle correspondería. No primeiro suposto, o persoal da recepción do PAC tratará de prestarlle axuda sen ser sanitario; no segundo, será atendido por un médico exhausto. En ambos casos o máis probable é que a situación se resolva dun xeito favorable para o doente. A realidade é que os profesionais, ao límite, están a pórse ao servizo dun sistema que fai augas por todas partes. A solución que propón a Administración é a de pechar servizos, deixalos descubertos e cruzar os dedos para que nada irreparable suceda. Até agora a xogada está a saír ben e parece que non nos queda máis remedio que seguir confiando no azar e no traballo ao límite dos que seguimos intentando manter o barco a flote.

Isto é do 15 de xullo. A finais de mes volveron facer pública outra carta na mesma dirección, dicindo que deixaron descubertos unha cantidade inxente de puntos de atención continuada.

Hai uns días este colectivo de sanitarios denunciou en prensa a situación, e a Xerencia acusounos de querer crear alarma na poboación. O que non queren ver é que a alarma é real, os PAC levan tempo traballando en mínimos e estanse permitindo descubertos que propiciarán que algo irremediable suceda algún día. Estamos falando de cartas dos profesionais dos PAC en xullo. Estaban denunciando que ía suceder algo grave. E algo grave pasou.

Señores deputados e deputadas do Partido Popular, non sigan mirando para outro lado. Estaban advertidos de que esta situación podía pasar en calquera momento, e a situación pasou. Non porque non foran advertidos de que estaban xogando con lume, de que a situación de descuberto, a situación de falta de persoal, era algo advertido...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...por activa e por pasiva.

Seguir deixando ao azar e á improvisación a cobertura sanitaria de toda a poboación é unha irresponsabilidade. Non o di hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego, estábano dicindo insistentemente os profesionais dos PAC do Sistema sanitario público de Galiza.

Por iso eu lles pido que voten favorable a que se dean explicacións do que pasou no PAC da Guarda e que atendan as demandas dos profesionais que están ao límite e non aguantan máis esta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

No noso grupo imos apoiar, indiscutiblemente, a PNL que se trae hoxe aquí sobre esta cuestión porque compartimos, como non podía ser doutra maneira, a preocupación e as demandas que se trasladan a través desta proposta. Compartímolos porque, ademais, o que plantexa é unha cuestión que xa todos os grupos temos no seu momento plantexado, que é a solicitude de explicacións. A verdade, non é mal momento nunca para facer algún tipo de reflexións como a dureza que supón ter que estar case un mes e medio despois dunha situación como esta plantexando algo como a petición de explicacións. É dicir, resulta exactamente descorazonador. Onte escoitabamos a algún desafortunado deputado falar aquí das dificultades que algúns concelleiros nalgúns lugares teñen para non sei que cuestións coa información. Non lles desexo ser deputados da oposición a este Goberno, porque sería desesperante. *(Aplausos.)*

Pero trae isto a colación unha cuestión que, coa situación dramática que se deu neste PAC da Estrada, creo que nos permite —sen ánimo de saír do debate concreto, que é tremendamente duro, pero si cunha perspectiva máis global— visualizar en realidade cal é o obxectivo político deste Goberno cando hai unha situación como esta, que non é outro que escabullirse. Dá a sensación de que a cuestión non é resolver algo tan dramático como por que faleceu unha persoa ante un sistema sanitario que ten ou debería ter os medios e os recursos para poder atendelo, que é algo moi duro que un home faleza nun centro de saúde, nun PAC, nun punto de atención continuada onde non había atención continuada. Pois, ademais diso, o obxectivo do Goberno non é resolver ese debate, senón resolver como saír desta cuestión.

E, a verdade, é dramático igualmente comprobar como se pode chegar ata celebrar a capacidade de saír indemne dos debates. Algún conselleiro considera que saír incólume destas cuestións é un logro. E, miren, non; porque para facer iso, aparentemente, un ten que ampararse, primeiro, nunha maioría absoluta desalmada. E xa o dixo o ex-conselleiro Agustín Hernández: «Ás veces hai que facer política co corazón», un pouquiño, aínda que sexa. Fáganlle caso, porque era o seu compañeiro.

A verdade é que non dar ningunha explicación, desaparecer para que as cousas negativas as fagan outros, desmentir os propios para saír un mesmo indemne da cuestión, como fixo o seu presidente e que o desmentiu a Xerencia de Santiago, por certo, que dixo que algunhas veces as fins de semana non hai dous equipos no PAC da Estrada. «Algunhas veces», e o presidente hoxe dixo que sempre os hai. ¡Mentira! E sábeo. ¡Mentira! E sábeo. E, se non, que o presidente poida garantir —que non pode— que esta fin de semana non houbo PAC neste país cun só equipo, que os houbo. Puido volver pasar.

Pero saír incólume destas cuestións parece que é un obxectivo fantástico para este Goberno. E non pode ser, non pode ser que o fin último da acción política sexa que non me

manchen os problemas. A acción debe ser resolver os problemas. E a pregunta é: ¿que fixo este Goberno para resolver que non poida volver ocorrer unha situación así? ¡Nada! ¡Nada! E iso é o dramático, que poida volver ocorrer. Pero é que isto non é unha situación inesperada, como se dixo ou como se escoitou a algún responsable do Partido Popular, «unha fatal casualidade». ¡Oia!, mire, as fatais casualidades non teñen unha coincidencia, que é que sexan advertidas. Porque os colectivos profesionais que se dedican a isto advertiron que podía pasar. Porque neste Parlamento algún deputado dixo literalmente nalgún debate parlamentario: «Hai PAC que están quedando as fins de semana cun só equipo e moitas veces teñen que saír e estar fóra máis dunha hora ou máis de dúas horas e non hai atención médica nos PAC. ¿Saben para que o dixo? Para facer unha proposta de garantir que polo menos houbera dous equipos en cada PAC. ¿Saben o que votou o Partido Popular? En contra.

Non foi unha situación inesperada que non se podía prever, porque lamentablemente incluso as desgrazas ás veces se poden prever. E os profesionais dos PAC alertaban de que podía pasar e alertan de que pode volver pasar.

Por favor, que non se trate de saír limpos da situación, que se trate de resolver a situación, que non teñamos que escoitar mentiras onde se contradín uns aos outros para ver quen é capaz de saír máis limpo. Non hai máis profesionais no sistema, non hai vontade de resolvelo porque non se está corrixindo. Hai PAC que están quedando vacíos durante máis dunha hora, durante máis de dúas..., hoxe mesmo, onte, e seguirán quedando mañá. Pode volver pasar.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: E aínda que non imos devolver a vida de ninguén, por favor, que non volva ocorrer. Non é a sanidade unha ferramenta para xogar ao listón e a ver se somos capaces de xogar ao límite e aforrar uns cartos. Non é este ese espazo para aforrar. Hai outros, seguro, e son, polo menos, máis dignos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós imos apoiar, obviamente, a proposición non de lei. A verdade é que pola mañá houbo que escoitar aquí cousas que... ¡manda truco, ten tela! Habería que presentar os orzamentos en termos reais sobre o custo da vida e sobre o ascenso dos prezos e sobre a proporción de anos anteriores, porque perdemos máis dun 9 % do orzamento sanitario e aquí cadaquén dá as cifras que lle parece. A atención primaria representa tan só o 15 % de todo o orzamento en materia de sanidade, ¡unha aposta tremenda pola atención primaria! Hai que escoitar ás veces cousas aquí que realmente dan a medida da ausencia de catadura moral.

E unha e un millón de veces, unha e un millón de veces, dixemos xa, efectivamente —trasládase agora—, que poderían acontecer desgrazas como a que aconteceu no PAC da Estrada. Eu creo que faltan dedos nas mans para contar as veces que falamos na Comisión de Sanidade deste Parlamento, e tamén neste Pleno, da insuficiencia que supuña ter tan só un equipo traballando en moitos puntos de atención continuada da xeografía de Galicia. Advertimos da dispersión, da lonxanía dos puntos de urxencias respecto do hospital, advertimos das saídas aos domicilios, das saídas en ambulancia que facían, que fan, os sanitarios e as sanitarias cando van atender unha urxencia fóra, cando atenden un tráfico, cando teñen que ir a un domicilio, que se fai de maneira forzosa e que ademais dotan de profesionais esas ambulancias non medicalizadas, porque están traballando. E non se fixo caso absolutamente a esta circunstancia. Ás veces dáse a circunstancia —denunciámolo tamén— de que quede un compañeiro, unha compañeira, un PSX só nun centro de saúde, nun punto de atención continuada, e na situación moi difícil de que chegue xente e non haxa profesionais sanitarios para atendelos. Non os poden atender. Iso estase a dar e levámolo denunciando moitas veces.

O «eu xa cho advertín» non vale absolutamente de nada se non se toma ningún tipo de medida. Nós non temos ningún tipo de satisfacción en ter que estar hoxe aquí debatendo esta circunstancia, pero é que xa se lles advertiu. Eu onte, repasando o traballo que se fixo, tiña unha nova, unha noticia do 2014 que estabamos a debater. Nós propuñamos —e eu defendíao na Comisión 5ª— que se tomaran medidas sobre como estaban os profesionais dos puntos de atención continuada, facendo horas de máis e nunha situación que non cubría as necesidades sanitarias. E votouse en contra, votouse en contra cada vez que se trouxo este tema a este Parlamento dende entón, obviamente, e seguramente moito antes de que eu estivera aquí.

E os votos en contra teñen moito que ver tamén co que estamos a falar, tamén cando se vota en contra de dotar máis ambulancias medicalizadas. Porque, desgraciadamente, os profesionais dos PAC teñen que saír, e pedimos moitas —están redactadas nos orzamentos—. Pedimos as que considerabamos necesarias, as que nos dixeron os profesionais que eran necesarias por toda Galicia. Pero, claro, votouse en contra tamén das ambulancias medicalizadas. E cando votan en contra de dotar a atención primaria, para evitar que se teña que acudir ás urxencias, tamén se incide neste problema. E tamén cando se vota en contra de mellorar as condicións de traballo nesos puntos de atención continuada. Efectivamente, acábase de trasladar aquí que as demandas dos profesionais seguen sen atender. Eran unhas demandas que todos teñen por escrito e que eran bastante sinxelas, e que teñen que ver, incluso, con cumprir dereitos laborais básicos pero que teñen moito que ver coa calidade asistencial que pode prestar un profesional no seu posto de traballo e con non deixar desatendido un punto de atención continuada porque se estea traballando noutro sitio. E os profesionais non poden estar en dous sitios á vez.

Así que premer o botón e votar ten moito que ver coas consecuencias que logo suceden nos puntos de atención continuada, nos hospitais, na atención primaria do noso país. Polo tanto, deberían pensar qué é o que van facer, porque o risco está aí. Evidentemente o risco cero —repítено moitas veces na Consellería de Sanidade— non existe, pero os gobernantes responsables, os xestores e as xestoras responsables, minimizan a posibilidade de risco

poñendo todos os medios que teñen na súa man; algo que non se está a producir na atención primaria e algo que non se produciu nin se produce nos puntos de atención continuada.

Polo tanto, o «xa cho advertimos», no caso do falecemento desta persoa, non serve para nada. A nós non nos serve, á familia non lle serve e non serve para o resto de persoas atendidas se a Consellería non toma nota, se a Consellería non reflexiona, se a Consellería non pon medios suficientes. E isto vai, ao final, de modelo sanitario. Nós, evidentemente, imos votar a favor.

Outra das cousas que se escoitou esta mañá aquí —e, dende logo, paréceme bastante atrevido— é falar de que, cando non están, os cobre o 061. ¿Con que persoal? ¿Con que profesionais? ¿Eses mesmos que están en folga protestando e que non están sendo atendidos pola Consellería de Sanidade? ¡Hai que ter valor, a verdade, ás veces para dicir cousas cando se descoñece o que se está a facer dende a súa consellería!

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego a este Pleno unha proposición en relación coa situación e as demandas dalgúns profesionais dos puntos de atención continuada do Sergas, e faino, señorías, utilizando o desafortunado falecemento dunha persoa, don Xosé Manuel Brey, a cuxa familia desexo, en primeiro lugar, transmitir as condolencias do noso grupo parlamentario.

Respecto desta desgraciada situación teño pouco que engadir ao que manifestou o presidente no turno de preguntas. Hai unha investigación por parte da Inspección e hai, parece ser, unha investigación xudicial por unha querela da familia, o que motivou que a propia Fiscalía desestimara unha investigación solicitada por unha asociación.

Señorías, o PAC da Estrada está ben dimensionado e cumpre as isócronas axeitadas á normativa. O equipo asistencial, explicouno o presidente, tivo que saír a unha urxencia e estaba a dez minutos cando se agravou o cadro desta persoa —que levaba alí, efectivamente, máis tempo—, cando realmente o cadro se converteu nun cadro de gravidade e o paciente foi reanimado durante trinta minutos por este propio persoal e desgraciadamente sen éxito.

As deputadas e deputados do Partido Popular —repito— lamentamos, como non podía ser doutro xeito, este desenlace fatal e reiteramos aos familiares o noso pesar pola dolorosa perda. E tamén quero manifestar a miña repulsa e a repulsa do grupo polo intento de

utilización política dun desafortunado suceso, tentando restar confianza respecto do destacado labor que a diario desempeñan os PAC, nos que, como dicía o presidente, cada día se atenden máis de 4.000 persoas e teñen unha resolución do 91 %.

Coñecen vostedes, señores da oposición, tan ben coma nós as dificultades para cubrir as substitucións por déficit de persoal que houbo este verán en Galicia e no resto de España. Esa dificultade é a que fai que, a pesar das previsións, en moitas ocasións se teñan que cambiar as previsións porque un médico nomeado para un posto ao mellor ten que ir para outro —por unha baixa, por un accidente, por unha enfermidade, por calquera outra circunstancia que modifica esta planificación—.

Neste caso —díxoo o presidente— sabemos que estaba prevista a presenza dun médico ese sábado no PAC, que non puido ser e que, sen embargo, si se cubriu a praza o domingo. Repito, a capacidade de resolución dos PAC en Galicia é do 91 % e aténdense preto de 1.600.000 urxencias anuais neses PAC.

E é certo que en ocasións os profesionais temos que saír do PAC, temos que saír do PAC porque hai unha demanda de atención de emerxencia. E nese suposto o persoal auxiliar queda ao cargo, avisa ao 061 e o 061 é o que recolle as posibles demandas ou chamadas que se poidan producir nese PAC durante eses momentos onde non está o equipo médico que ten o PAC, e é o que define os recursos que hai que utilizar, os recursos que se utilizan en cada caso, diante dunha solicitude de atención ou dunha emerxencia.

¿Vostedes pensan de verdade que sería posible, que sería sostible, duplicar todo o persoal dos PAC galegos? ¿Pénsano? E ¿por que dous e non tres, se é posible —eu téño experimentado moitas veces— que teñan que saír os dous equipos? ¿Que pasa cando teñen que saír os dous equipos? ¿Ou pensan facer vostedes que o segundo equipo non saia de ningunha maneira do centro? Acaba de pasar en Andalucía, acaba de falecer unha señora, unha señora nova, cun ictus porque houbo un tema aí de ambulancias, de descoordinación, do que fora, non pasa nada. Segundo a noticia, tiña un centro de saúde a 50 metros dela e non se atendeu dende o centro de saúde. ¿Que hai? ¿Hai orde de non saír do centro de saúde? Eu de verdade que non sei.

A min gustaríame que revisaran vostedes un documento, que é un documento de propostas de transformación da atención primaria en Galicia. Xa falamos algunha vez. É un informe elaborado —no capítulo dos PAC— por dous profesionais, desde logo, nada sospeitosos de conivencia co Partido Popular e si pertencentes a asociacións de defensa da sanidade pública. E nese documento recoñecía, por exemplo, que a ausencia de limitacións ou filtros para a utilización das urxencias producía o uso inadecuado e colapsos nos servizos sanitarios; recoñecía que nun importante número de casos non existía unha urxencia obxectiva; dicía, textualmente, que «o incremento do uso das urxencias en España non tiña parangón internacional». Estamos a falar dos anos 2007, 2008, cando había cartos, cando non había problemas, cando había cartos. Recoñecía que os PAC consumían moitos recursos humanos e dificultaban o desenvolvemento da atención primaria en Galicia por ese propio consumo. E recoñecía que unha gran maioría de PAC rurais presentaban unha moi baixa actividade, de xeito especial en horario nocturno. Nas conclusións dicía: «Faise necesario realizar unha

reforma en profundidade que produza unha redución do actual número de PAC, cun menor consumo de profesionais e unha mellora da calidade asistencial».

Cando se publica este informe, o señor Feijóo gaña as eleccións. E un goberno e unha persoa que é «recortador» e que é «privatizador» *per se* non fai caso deste informe e non se recortan os PAC e non se pechan nin se recortan os profesionais. Esa é a realidade, e o resto é o que é. O que nos contan agora non ten que ver con isto.

Remato. Respecto das demandas da iniciativa, nós non consideramos axeitada a comparecencia polo que dixo o presidente. Falou hoxe o presidente e ademais hai unha investigación por dúas vías. E as reivindicacións dun colectivo de traballadores están a ser estudadas na mesa sectorial, nunha comisión técnica específica. Eu entendo, señora Prado, que vostede non quere dicir que hai que atender todas as reclamacións deste grupo de profesionais. Supoño que haberá que estudalas. Non sei o que podería pasar se calquera administración collera todas as reclamacións de todos os colectivos laborais e as cumprira todas. Non o sei, non o quero saber. Desde logo, onde gobernan vostedes, señora Prado —e eu seino—, non fan exactamente o mesmo que propón vostede na súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu, en primeiro lugar, quero agradecer o apoio manifestado por En Marea e polo Partido Socialista a esta iniciativa do BNG. E, dende logo, intentarei facelo despaciño para que o Partido Popular entenda que unha cousa é investigar as responsabilidades xurídicas e xudiciais —efectivamente, a familia ten o tema no xulgado—, unha cousa é a investigación, e outra cousa son as responsabilidades políticas, señores do Partido Popular, as responsabilidades políticas. E, se o Partido Popular considera que diante da morte dunha persoa por falta de asistencia sanitaria non hai que dar explicacións políticas, é que entón teñen un auténtico problema. E o que demanda o BNG e demanda a sociedade, alarmada porque unha persoa estea durante horas agardando unha asistencia médica e que morra afogada sen esa asistencia médica, é que, se iso non merece que ningún responsable político veña dar explicacións ao Parlamento, entón, efectivamente, temos un problema.

Falta autocrítica, faltan solucións, e sóbralles prepotencia, sóbralles prepotencia. Porque, mire, a opción non pode ser que non hai profesionais, a opción non pode ser deixar a poboación sen asistencia e a opción non pode ser o inmovilismo e non facer nada.

Porque, efectivamente, é cuestionable e lamentable a actuación da Xunta de Galiza e do Sergas antes do acontecido, por non ter escoitado o que estaba pasando. Todos os indicadores dicían que o risco era máis que evidente e que iso podía pasar en calquera momento. E é lamentable que, despois de ocorrer, a única opción de vostedes é non facer nada, non asumir ningunha responsabilidade e non cambiar absolutamente nada. O Sergas

non está, dende logo, explotando todas as posibilidades, todos os mecanismos que ten á súa disposición para poñer medidas correctoras encima da mesa, non está poñendo nin aproveitando todos os mecanismos do acordo do 2008, como ofertar as voluntariedades en todas as áreas, non o está facendo. Non está fidelizando os profesionais para rematar coa precariedade. Non está poñendo en marcha procesos de formación nin aumentando as prazas nas facultades de medicina nin realmente insta con toda a vehemencia e contundencia o Goberno español para aumentar as prazas MIR. Non está presentado un plan de estabilidade no emprego para negociar de inmediato e convocar en oposición todas as prazas para darlles estabilidade aos profesionais e que non haxa esa estampida permanente de profesionais buscando unha estabilidade que non lles dá o Sergas aquí, unha estampida permanente de profesionais cara a outros sistemas de saúde. Porque o Sergas aquí maltrátaos permanentemente. A falta de persoal, dende logo, non se soluciona sobreexplotando o persoal, e pasa por formar sanitarios suficientes que cubran as xubilacións e por ofertar prazas suficientes en oposicións para asegurar esa cobertura. A solución pasa realmente por querer apostar pola sanidade pública, que non é o que está facendo o Partido Popular. Evidentemente, o Partido Popular está facendo o que quere e o que quixo facer sempre, que é desmantelar a sanidade pública. E as consecuencias están aí á vista, nin sequera diante da morte da poboación vostedes reaccionan. É autenticamente lamentable, autenticamente lamentable. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado en relación coas centrais térmicas de carbón das Pontes e Meirama

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Debese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei pola seguinte:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

<<1. Instar o Ministerio de Industria e Turismo a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integren ás Comunidades Autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambientalmente e economicamente.

2. Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda, con participación da administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para

desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea.

3. Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Enerxética a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

4. Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Enerxética a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER) que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

5. Incluír nos orzamentos de 2019 e 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

6. Instar a Endesa é Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser partícipes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Promover unha Mesa de Negociación para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentábel ambiental e economicamente na que, ademais da propia Xunta, estean presentes o Comité de Empresa da Central Térmica de Meirama e as Centrais Sindicais, para tratar da concreción e dos prazos de execución para a adaptación desta Central Térmica aos requisitos da Directiva de Emisións Industriais.

2. Constituír un Grupo de Traballo para a Transición Enerxética de ámbito galego no que se avance no modelo enerxético propio galego, a comezar por establecer a posición a defender diante da

revisión da directiva europea sobre o mercado da electricidade e, especialmente, a respecto dos mecanismos de capacidade.

3. Demandar o fin da situación de agravio de Galiza reclamando a súa inmediata entrada, en igualdade co resto de comunidades do carbón, no Plan da Minaría 2013-2018 así como en todas as medidas de apoio que determine o goberno central para este ámbito sectorial, particularmente do mecanismo de apoio, por un importe de 20 millóns de euros, para a redución das emisións ambientais contemplado na Lei 6/2018, do 13 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.>>)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación do primeiro punto.

Débase modificar o primeiro punto da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

<<Primeiro. Que se constitúa, coa maior brevidade posible, un grupo de traballo interministerial, no que se integren ás comunidades autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente e no que teñan cabida as centrais térmicas máis eficientes, entre elas as de Meirama e As Pontes.>>

Emenda de modificación do segundo punto.

Débase modificar o segundo punto da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

<<Segundo. Que se instauren canto antes os mecanismos de capacidade suprimidos (pagos por dispoñibilidade) (Orde ETU/1133/2017 do 21 de novembro, publicada no BOE do 23 de novembro de 2017) de acordo cos criterios establecidos pola U.E. para as centrais térmicas de carbón máis viables económica e ambientalmente.>>

Emenda de adición.

Débase engadir o seguinte contido á parte resolutiva da proposición non de lei:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

Primeiro. Presentar no Parlamento, abrindo a participación aos grupos parlamentarios, e antes do remate de 2018, as Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020, recollidas xa no Plan Estratégico de Galicia 2015-2020 coa pertinente periodificación.

Segundo. Que se fagan efectivos os mecanismos de apoio a corporacións locais, empresas, familias e institucións sen fins de lucro, por un importe de 15.731.323 de euros, correspondentes ao programa

orzamentario 733-EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES contemplado na Lei 8/2017, de 26 de decembro 2017, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Grazas, presidente.

Señorías, moi bo día a todos.

Hoxe este grupo parlamentario trae esta iniciativa diante da preocupación que desgraciadamente xera o Goberno do señor Sánchez cada día que permanece na Moncloa. Hai xa na rúa, entre a xente e entre moitos comentaristas políticos, o convencemento de que Sánchez vai facer bo a Zapatero. E créanme que cada vez está máis estendida esta idea.

O problema non radica en que nunca gañou unhas eleccións, non; tampouco radica en que conseguiu os dous peores resultados do Partido Socialista, tampouco. Nin sequera en facer unha moción de censura na que non dubidou en apoiarse en calquera voto, con independencia de que quixeran rachar España ou de que foran cómplices ou autores do maior problema político que viviu España dende hai séculos. Non, o problema radica no propio Sánchez, na súa conformación do Goberno, en pensar que gobernar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —Atenda un momento, que xa verá como entende o que lle quero dicir.— ...en pensar que gobernar é facer anuncios e nesa querencia innata de dicir unha cousa pola mañá e outra pola tarde. E, cando non lle chega, sempre lle quedará El Valle de los Caídos.

Dende que este Goberno tomou posesión, son moitos os anuncios que se fan sen pensar, ou quizais para recuperar algún foto fuxido a Podemos. Pero, en todo caso, despois de cada anunciou acéndese unha luz vermella en moitos sectores e en moitos territorios de España.

Imos poñer algún exemplo para que entendan cal é a problemática. A ver se son capaz de explicárllelo.

Unha das ministras, Magdalena Valerio, aceptou e aprobou a creación dun sindicato de traballadoras do sexo. Puxo en marcha o expediente para a súa legalización e deu o visto bo e todos os pasos previos para a súa creación ata a publicación no BOE. Logo dixo que non era tal, que fora un gol por toda a escuadra. Eu quero pensar que, se isto o chega facer unha ministra do PP, ou un ministro do PP, ¡amigos!, aquí ardería a rúa, pediríamos a dimisión e teríamos problemas continuos e cotiáns! ¡Seguro! ¡Seguro! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Pero non é todo, non é todo, hainos peores. A ministra de Defensa, esta mesma semana, o propio luns, vén de intentar apagar outro lume que ocasionou o Goberno por proposta, nesta ocasión, de Podemos. A preocupación chegou logo da paralización do contrato de venda de armas a Arabia Saudí e as consecuencias sobre o contrato de Navantia e a construción das corvetas. (*Murmurios.*) ¡Cádiz está en loita, Cádiz está en loita! Pero non o digo eu, dio o

alcalde de Podemos de Cádiz. E a presidenta de Andalucía, que é a señora Díaz, tamén está en loita, ¡claro! O Partido Socialista en Galicia non dixo nada. Probablemente se explique polos distintos liderados que hai en Andalucía e en Galicia, pero ese é outro tema que non nos toca agora. *(Murmurios.)*

Do ministro de Deportes non imos dicir nada, porque realmente aínda hai xente que a día de hoxe non cre o que ocorreu. Pero centrémonos en Teresa Ribera, da que onte dicían que era unha ecoloxista convencida e que «daba a cara», en palabras dunha deputada deste Parlamento. Hai un dito moi acaído para a señora Ribera cada vez que fala. E é que, cada vez que fala, sobe o pan. Cada vez que fala sobe o pan. ¿Saben do que lles falo?

É difícil, en escasos cen días, poder ocasionar máis preocupacións no país. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A min gustaríame, señor presidente, que, se quere intervir a señora do Partido Socialista, a deixaran falar.

O señor PRESIDENTE: Vostede sabe ben o que é isto.

O señor CALVO POUSO: Tamén o que é estar aquí, pero ela non para de falar. ¡Que lle imos facer! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Tivo un debut complicado a señora ministra, señora... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! É bo que todos pasemos por aquí. Así sábese o que é a cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, silencio! Por favor, está no uso da palabra o señor Calvo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu vou centrando o tema ben. *(Fortes murmurios.)*

O señor CALVO POUSO: Tivo un debut complicado. Esta ministra da transición enerxética dixo que «*el diésel tiene los días contados*», co que esta afirmación supuña para innumerables usuarios de vehículos diésel, e sobre todo para os traballadores que traballan nesta industria. Iso é o que deu a entender, que o diésel estaba acabado. Logo dixo que non, que non ía desaparecer, que todo era un globo sonda, que era para saber cal era a opinión do país e que todo estaba controlado. Pero resulta que na mesma semana que estaba a dicir isto, no mesmo momento e á mesma hora, o presidente do Goberno dicía que non, que ao diésel había que subirlle os impostos e que había que acabar con el. A ministra, loxicamente, dixo que todo o que dicía o presidente estaba ben dito e que, en consecuencia, ela apoiaba todo iso. É dicir, o gasóleo é malísimo, imos ter que pagar moito máis por el porque contamina moito. Pero, en fin, o falar non ten cancelas, que eles falan, logo rectifican e xa está. *(Murmurios.)*

Pero neste asunto que traemos hoxe ao Parlamento non podemos agardar a ver se haberá unha rectificación ou non por parte da ministra. O caso é que, dende o Partido Popular, consideramos que este asunto é o suficientemente grave para que entre todos comecemos a poñerlle unha solución ou, cando menos, facilitemos unha opinión conxunta, unha posición

unánime, sobre este asunto —que xa o fixemos hai escasos meses tamén neste Parlamento—.

O anuncio da ministra para a Transición Ecolóxica sobre o peche de inmediato no ano 2020 de sete das quince centrais térmicas que non realizaron ningún investimento é un tema preocupante e alarmante, e que para Galicia podería ter nefastas consecuencias se non facemos todo o que estea na nosa man para evitalo. As súas declaracións situando o peche no ano 2020 xeraron unha grande alarma entre os traballadores das dúas centrais existentes en Galicia, en Meirama e nas Pontes —velaí por que explicaba todo isto— e tamén —algo lóxico— sobre todo o tecido produtivo e social que depende destas infraestruturas enerxéticas.

O peche repentino das centrais das Pontes e de Meirama podería supoñer para as súas comarcas a perda de 110 millóns de euros ao ano, se temos en conta os salarios dos traballadores, os impostos que pagan as empresas, as compras a provedores locais, etc. Falamos de cartos, si, pero tamén de persoas que poderían perder o seu posto de traballo. Dende o punto de vista do emprego, falamos de que directa e indirectamente hai máis de 1.600 persoas que están traballando nestes dous centros, entre Meirama e As Pontes, 1.600 familias. E temos que valorar tamén a brusca baixada no tráfico dos portos, tanto da Coruña como de Ferrol, e o impacto negativo que iso carrexaría para o desenvolvemento industrial. Falamos tamén de microeconomía, porque este peche, ademais, pode supoñer nun prazo de tempo bastante curto que teñamos que asumir entre todos un custo inxustificable do prezo da enerxía. E iso notarase, sobre todo, no custo da factura eléctrica nos fogares, pero tamén nas empresas e a súa competitividade.

Hai un informe que manexa o sector, feito por expertos para Deloitte, que sinala que o peche prematuro das centrais de carbón provocaría un aumento do prezo da electricidade que rondaría os 35.500 millóns de euros entre o ano 2020 e o ano 2030, é dicir 3.500 millóns de euros ao ano de media. Os expertos neste informe, e tamén noutros, apostan por un proceso gradual e máis lento para conter o risco de encarecemento significativo da electricidade e o seu impacto nos custos industriais. Falamos dun aumento do prezo da electricidade dun 15 %, o cal é preocupante.

Polo tanto, ese proceso de descarbonización da economía española que nos propón o novo goberno socialista ten que existir polo menos, ou ten que basearse, no diálogo, nunha reflexión profunda e no consenso.

En Galicia, o Goberno da Xunta aposta por unha transición enerxética axeitada a través dun mix enerxético coherente, económico e equilibrado entre as diferentes formas de produción. O Goberno do PSOE non pode ter unha posición pasiva e pechar as centrais térmicas sen máis, debe garantir o equilibrio entre o prezo da electricidade e a sustentabilidade respecto do medio ambiente. Calquera outra cousa obrigaría o Goberno a dar unha explicación contundente sobre o incremento do prezo da enerxía que produciría en España. Por todo isto, temos que ter en conta que unha mala decisión no que respecta ao peche das centrais xerará un impacto irreversible na nosa economía, na nosa competitividade e nas nosas familias.

O Goberno do PSOE ten que ser consciente, dunha vez por todas, que hai que afastarse das improvisacións, ás que, por desgraza, nos teñen acostumados, e actuar con prudencia e rigor. Non vale máis falar por falar en todos os sectores, non vale dicir unha cousa e rectificar pola tarde. Non, neste tema estamos convencidos de que é necesario ter claridade e que se adopten as medidas que sexan necesarias para garantir que Meirama e As Pontes non van sufrir. Non podemos agardar que as decisións se tomen en Madrid sen que o Parlamento galego teña un posicionamento, por iso apelamos ao sentido común dos membros desta Cámara —que ás veces é o menos común dos sentidos—.

Nós defendemos as enerxías limpas e a súa implantación para quedar xa para sempre como un dos motores principais da economía galega. A Xunta é a primeira que aposta por unha transición enerxética a base das enerxías renovables. Iso témolo claro. Pero o que nós queremos é seguir o camiño adecuado, sen dar pasos en falso que nos obriguen a desfacer o feito. Queremos facelo de maneira ordenada e cun mix enerxético que sexa competitivo.

Insisto, a Xunta é a primeira en apostar polas enerxías limpas e os ciclos combinados de gas, como vén de demostrar nas súas directrices enerxéticas para os vindeiros anos. Agora ben, requírese un período de transición e que este período de transición cara ás enerxías renovables se produza de maneira paulatina e con sentido común. Por iso temos que ser conscientes da necesidade da súa coexistencia coas centrais térmicas para que sexa unha transición equitativa, controlada e solidaria.

Gas Natural Fenosa —agora Naturgy— en Meirama e Endesa nas Pontes acaban de facer importantes investimentos. ¿Van tratar estas empresas e estes asentamentos coma se non fixeran nada?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CALVO POUZO: Remato, presidente.

¿Saben vostedes o que supón Endesa nas Pontes? ¿Saben vostedes o que supón Meirama en Cerceda? Pregúntenlle á súa deputada. ¿Que vai facer o Partido Socialista? ¿Vai defender o peche destas centrais ou vai defender a toda a xente que traballa aí para facer unha transición enerxética adecuada?

Esa é a pregunta e iso é o que nós esperamos que nos aclaren nas súas intervencións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, bo día.

Señor Calvo, a verdade é que, co exercicio de hipocrisía que acaba de facer en calidade de voceiro do agravio, case case houbo un momento aí no que me convence co seu ton afectado. Menos mal que temos memoria e temos hemeroteca para saber que a ausencia dun proxecto de país, que é esa ausencia de proxecto de país que ten o Partido Popular en Galiza, sumado a unha ausencia dunha política enerxética sería que se plantexa de verdade pasar do modelo colonial da sobreexplotación que temos a un modelo, aproveitando esa transición enerxética, que sexa sostible ambiental e economicamente, se non fose porque teñen vostedes unha gran parte de responsabilidade do que pode pasar en breve, case case me convencería. Pero é que chegamos aquí e parece que vostedes acaban de descubrir a semana pasada que este país ten dúas grandes termoeléctricas nas Pontes desde os setenta, e en Meirama desde os oitenta. Parece que acaban de descubrir que esta forma de xeración ten un importante impacto ambiental en materia de emisión de CO₂ e gases acidificantes. Parece que acaban de descubrir tamén que hai unha directiva europea de emisións industriais e que hai que cumprir sobre todo con esa data do 2020, como se fora algo novidoso que nunca xamais o Partido Popular, tendo a presidencia do Estado español, votou a favor, nin tampouco nos parlamentos europeos nin nada polo estilo. Tamén parece que acaban de descubrir a pólvora, e a nós preocúpanos ese [...] (Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesiós.) que ten de repente o Partido Popular.

Se vostedes teñen propostas en serio para que Galiza conte e Galiza camiñe con certeza na transición enerxética, nós estaremos aí. Pero temos que denunciar tamén a hipocrisía, porque vostede agora fala de que está afectado polo perigo dos postos de traballo, nós tamén temos preocupación por iso. E temos tamén unha preocupación sobre como pode ser a adaptación do noso país a este novo escenario. Temos unha preocupación tamén polas repercusións no medio ambiente, porque se hoxe xa as dúas centrais estiveran adaptadas a estas emisións, todos e todas respiraríamos un aire mellor, porque ten consecuencias nas nosas comarcas, ten consecuencias sobre todas e todos, ao tempo que se inflan os prezos da luz.

Di vostede que cando fala o Partido Socialista sobe o pan, pero é que tamén cando falan vostedes sobe a luz, e aínda hoxe volvemos bater un récord histórico. (*Aplausos.*) E isto pensamos que lle debera preocupar a un partido que parece que non preside a Xunta de Galiza e que parece que nunca presidiu o Estado. Porque saben vostedes desde hai moito tempo que os retos que hai por diante tiñan unha adaptación inaprazable, que é 2020. E durante este tempo nada fixeron, non impulsaron unha posición propia de Galiza diante desta adaptación. Tampouco fixeron como Goberno o que debían para que Meirama —que é o caso concreto que está en perigo, porque As Pontes si fixo os deberes e está a cumprir o nivel de emisións— tamén o fixera. Vostedes non fixeron os deberes como Goberno. Vostedes tiveron incluso mandatos deste Parlamento para facer ese papel negociador e limitáronse a facer publicidade e propaganda, a facer anuncios. Teño aquí eses posados maravillosos que nos regalaron o señor Feijóo e o señor Conde en 2015, anunciando a posta en marcha das medidas en Meirama, e agora atopámonos con que esta central non cumpre os niveis de emisión. Pois ¿que estaban facendo aí?, supoño que buscar unha porta xiratoria para algún consello de administración; pero, desde logo, pouco para protexer unha adaptación enerxética que permita o mantemento dos postos de traballo, que permita un mellor coidado do medio ambiente e que nos sitúe.

Por iso desde o Bloque Nacionalista Galego hoxe o que facemos é emendar a súa proposta e enriquecer e propoñer un maior nivel de exixencia na súa resolución. Porque, a verdade, pouco máis din que que se cumpra a lei e se cumpran os orzamentos do Estado. Para o discurso tan afectado que fixo, esperabamos un maior nivel de exixencia.

Nós propoñémoslle tres cuestións, señor Calvo, e pensamos que, despois de que nos diga que non se pode agardar a que quen decida sexa Madrid, aceptará as nosas propostas. En primeiro lugar, que o que haxa sexa iniciativa política da Xunta de Galiza. Para iso a Xunta debe promover unha mesa de negociación, onde, por suposto, estea tamén incluído o Comité de empresa de Meirama —que é a situación, insisto, máis preocupante neste momento— e tamén as centrais sindicais, porque non podemos facer este camiño excluindo os traballadores e traballadoras.

Propoñemos tamén, no segundo punto, onde vostedes falan dos mecanismos de capacidade olvidando que cos gobernos anteriores, presididos polo Partido Popular, os que se beneficiaron deses mecanismos de capacidade foron sobre todo centrais con carbón autóctono. Galiza non ten carbón autóctono, polo tanto, nós entendemos que, diante destes debates —que, por certo, están a ser simultáneos, nos organismos europeos, a este Pleno do Parlamento—, Galiza debe ter unha posición propia, e que para iso haxa un grupo de traballo sobre a transición enerxética que vexa o todo; que vexa que pasa coas centrais, pero que vexa tamén moitas outras cuestións; que teña unha posición de país para defender e non unha posición subsidiaria, segundo quen está ou non está no Goberno e na Moncloa.

E, por último, fixemos mención sobre todo a Meirama porque é a situación máis preocupante neste momento, pero hai que recordar que temos outra comarca, As Pontes, marcada polo carbón xunto con Cerceda. Ambas as dúas marcadas polo carbón, pero tamén pola desidia da Xunta de Galiza e do Partido Popular alí onde estivo. Porque hai que recordar a letra pequena deses orzamentos que vostedes piden agora que se cumpran. Debe ser que como están acostumados a que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—remato, señor presidente— non os executaban, agora piden iso. Esa letra pequena fai mención ao Plan carbón, ao Plan de minaría actual, do que vostedes permitiron que se excluía a Galiza. Entón, o mínimo sería pedir que Galiza entre aí, e o mínimo sería reclamar —como o están facendo outras latitudes— todos eses investimentos pendentes que anteriormente non se fixeron, todos eses investimentos pendentes, economicamente fundamentais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...para a reindustrialización, que deberíamos ter...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...vía ese Plan carbón, do que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e o seu «sí, bwana» ao señor Rajoy nos excluíron no seu día.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Presas, como eu sei que foi no contexto de non querer insultar, eu pediríalle —e ímola retirar— que retirase a palabra «desequilibrio mental do Partido Popular». Sabe ademais que ese é un tema que... *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, dixo desequilibrio mental. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Entón, ímolo retirar. Entendín que non estaba na súa vontade insultar, pero queda retirado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, hai quince horas que dimitiu a ministra Montón e o señor Casado segue aí. *(Murmurios.)* El dixo... *(Murmurios.)* —a ver se...— ...que os casos non eran iguais e, efectivamente, non o son; el está investigado e a ministra Montón non o estaba. Efectivamente, non son iguais, a min gustárame, en fin, que esta predicación co exemplo se desenvolvera acaídamente, como dixo o voceiro do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Señor Calvo, a verdade é que, escoitándoo, eu son consciente de que está aberto o concurso restrinxido para conselleiro de Medio Ambiente. *(Risos.)* O que non sabía é que tamén estaba aberto xa o concurso restrinxido para presidente da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Vexo que hai realmente unhas posibilidades de promoción profesional elevadas no ámbito do Partido Popular.

O titular, sen ningunha dúbida, debería de ser «de San Sadurniño para o mundo». *(Risos.)* Eu creo que iso acouta perfectamente o marco teórico da súa intervención. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, claro que podo falar da zona frana, ¡só faltaría que non puidera falar da zona franca! Si, si, podo falar da zona franca perfectamente. Podo falar dos negocios que fixeron algúns presidentes da zona franca do Partido Popular. ¿Quere que falemos diso, señor Tellado? *(Aplausos.)* ¿Quere que falemos diso? *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¿Quere que falemos do prezo de compra...? *(Murmurios.)* ¡Por favor! *(Interrupcións.)* ¿Quere...? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Eu estou no debate! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Quere que falemos do prezo de compra de terreos no Morrazo e o prezo de venda 24 horas despois? *(Murmurios.)* ¿Falamos diso?

O señor PRESIDENTE: Non derivemos, se non, podemos terminar aquí falando ata dos mundiais de fútbol. *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Foi o señor Tellado quen dixo que faláramos da zona franca. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Correcto. Pero entón vamos ao tema, se non, podemos terminar aquí falando da Copa de Europa e do...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou intentar ir ao tema na mesma medida que foi ao tema o voceiro do Partido Popular. *(Aplausos.)* Exactamente na mesma medida. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Con liberdade.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vale, vale. Ben. *(Aplausos.)*

Mire, a verdade é que eu xa tiña dous conversos climatolóxicos e medioambientais no Partido Popular, que eran o primo de Rajoy e o señor Arias Cañete cando marchou a Bruxelas. Agora temos tres, está vostede. É verdade que ata o de agora nunca interveu neste tema, pero parece que, efectivamente, pasou tamén á transición enerxética e á transición ecolóxica. ¡Benvido!

Vostedes presentan aquí —e agora si que vou ao tema porque a min si que me preocupan as comarcas de Cerceda e As Pontes—... Por certo, quero recordarlle que no concello de Cerceda e no das Pontes temos maioría absoluta os socialistas, exactamente igual que no de Vigo. Eses cidadáns que parece que non están conectados... *(Murmurios.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Oia, eu agradecería que o señor Tellado, que é portavoz do Partido Popular, estivera calado un pouco. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, ¡un pouco! *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Porque cando é... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Cando é...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio! *(Murmurios.)* Silencio, por favor. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois imos evitalas todas... *(Murmurios.)* Imos evitalas todas, as de alí e as de aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio.

Señor Losada, continúe. *(Murmurios.)* Vamos con calma todos. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Menos mal que eu sei que baixar 200.000 o desemprego significa que o desemprego diminúe, que sempre é un avance aritmético. Espero que iso si que o teña aprendido o intervinte na sombra do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Exactamente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A iniciativa do Partido Popular, efectivamente, é unha iniciativa reversible, por dicilo dalgunha maneira. Hai algunha cuestión, señor Calvo, que vostede creo que non afinou convenientemente, mentres falaba do Valle dos Caídos e estas cousas. A verdade é que está ben falar do Valle dos Caídos aquí, sobre todo porque o outro día a Televisión de Galicia —esta televisión pública de todos os galegos— deulle saída, como ben sabe, á participación da Fundación Francisco Franco nesa televisión pública. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A verdade é que os vexo tensos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Creo que non lles saíu mediaticamente moi ben a Comisión de investigación de onte, ¿non? *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.) (Risos.)* Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Dáme a sensación, vendo os periódicos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, si, dáme a sensación de que non lles saíu demasiado ben porque os vexo un pouco tensos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Xa o verán! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, a min non me rifaron. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Sabe a vantaxe, señor Trenor?

O señor PRESIDENTE: Vamos aos temas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Que se me rifan... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e me cabreo, volvo ao meu traballo na universidade. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, señor Losada, non entre...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Como que non? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Non entre a contestar!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Como que non? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Vostede, por favor, vaia ás térmicas, home, e ao tema que interesa agora. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor Calvo... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor Calvo, fala vostede dos investimentos de Naturgy e Endesa. Mire, Naturgy aínda non fixo nada, fixo — como dicía a señora Presas — fotografías co señor Conde e co señor Feijóo xa no ano 2015; e dende entón, tres anos despois, non fixo absolutamente nada.

O que vostedes piden, primeiro, efectivamente, un grupo de traballo que se vai facer, vai ser un grupo de traballo interministerial entre o Ministerio de Industria e o Ministerio de Transición Ecolóxica. E, por suposto, a min paréceme moi ben que participen as comunidades autónomas, e imos apoiar que participen as comunidades autónomas como, por certo, fixemos sempre. Creo que non hai nada reprochable ao Partido Socialista de Galicia nesta cuestión.

O segundo. Que se instauren os mecanismos de capacidade suprimidos. Olvidouse dicir quen os suprimiu, ¿verdade?, porque os suprimiu o ministro Nadal. (*O señor Calvo Pouso pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, home, suprimíunos o ministro Nadal. Vostede di que non, pero eu creo que exactamente o 21 de novembro do ano 2017, gobernaba o Partido Popular, gobernaba o señor Rajoy e era ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital Álvaro Nadal Belda. En fin, ao mellor resulta que estou equivocado.

E o terceiro, efectivamente, que se cumpran os orzamentos. Pois si, que se cumpran os orzamentos.

Estaría ben tamén que metera algo sobre o esquecemento absoluto do Partido Popular de Galicia da reivindicación do mantemento do Plan carbón nas comarcas mineiras de Cerceda e das Pontes, a pesar de que, efectivamente, neste momento non haxa explotación mineira directa, como todos sabemos. Creo que iso estaría moi ben.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente. Olvidouse de metelo.

Olvidáronse tamén no Partido Popular, neste caso de Madrid, de que na proposición de lei de cambio climático e transición enerxética que presentaron antonte a palabra minaría — ou minería en castelán — e carbón non apareza nin unha soa vez. Iso é fácil buscalo agora no... (*O señor Calvo Pouso pronuncia palabras que non se perciben.*) Oia, téño aquí, eu, en fin... Ao mellor hai dúas versións. Eu teño a que vostedes presentaron e está publicada no *Boletín Oficial das Cortes Xerais*. Polo tanto, esa é a cuestión relevante.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E nós incluímos dúas emendas, unha bastante evidente: que se fagan públicas esas directrices enerxéticas de Galicia das que vostede falou, pero que, ou

forman parte do arcano maior do Partido Popular ou, desde logo, este humilde deputado non foi capaz de atopalas en ningún sitio excepto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non, non, a comparecencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Murmurios.)*

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A min a tradición oral... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...non me serve, señora Nóvoa.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. Non entre...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu son un pouco antigo...

O señor PRESIDENTE: Non entre en todo. Xa está.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e prefiro a tradición escrita.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Un segundo só, por favor.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non, mire o reloxo, por favor. *(Murmurios.)*

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A segunda, que se cumpran os orzamentos da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas. Moitas grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Eu vou centrarme totalmente no asunto, porque como non teño ningunha oportunidade de pillar sillón nesas consellos de administración onde hai verdadeiros expertos no sector eléctrico como o señor de Mesa, e non sei se agora vai empezar a ser experto tamén... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non entremos porque, se non, van entrar todos.

O señor CASAL VIDAL: Imos ao tema, que o tema xa dá de sobra, en vez de andar con... O informe da OIT di que, por cada emprego que se perda pola transición enerxética, crearanse catro de maior calidade. Por iso, traballemos dende xa para que unha parte importante deses empregos poida crearse nos concellos afectados en Galicia, é dicir, As Pontes e Cerceda. Temos que liderar os plans urxentes para paliar os efectos da transición enerxética, para os que haberá importantísimos fondos estatais e europeos; nesta liña vai a nosa emenda de substitución. Pensemos desde xa no futuro das Pontes e Meirama-Cerceda, e non pensemos no pasado.

Os chamados contratos da transición enerxética xa levan tempo sendo aplicados en Francia, Alemaña e Gran Bretaña. Eu participei nun deles no norte de Francia e podo dicirlles que o éxito é enorme. Unha rexión pesimista, que pensaba que non tiña futuro, neste momento está a ser unha das rexións de maior desenvolvemento na liña de todo o que é a industria da economía circular e da transición enerxética.

Impliquemos neses contratos os concellos, entidades sociais, sindicais e empresariais para desenvolver plans estratéxicos de desenvolvemento económico e industrial dos concellos das Pontes e Cerceda-Meirama. Por iso solicitamos tamén na nosa emenda a recuperación dos fondos do Plan Miner, paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 —parece que diso non recordan—, e que se estiman en 56 millóns de euros no caso das Pontes e en máis de 20 millóns de euros no de Cerceda-Meirama. Por contra, o Grupo Popular, por boca do señor Calvo, explicitou que intereses defende neste Parlamento. Como xa comentaba, ao mellor están facendo méritos para transformarse tamén en expertos no sector eléctrico como o seu ilustre compañeiro ferrolán e así pillar sillón nalgún consello de administración, ou outro sillón, polo que por aquí comentan, cousas nas que eu, a verdade, non teño experiencia.

Non reclama a recuperación para os concellos dos fondos cancelados polo seu goberno no Estado no ano 2012, que tamén están previstos na disposición adicional centésima oitava dos orzamentos do Estado de 2018. É curioso, esta disposición adicional centésima oitava ten tres puntos. Vostedes só miraron un: o que implica pagarlle diñeiro a Naturgy. En cambio, os outros dous puntos, que é devolverlles aos concellos o que se lles retirou no 2012, iso parece que non chegaron a lelo.

O que están solicitando aquí, na súa proposta, é pagarlle directamente 20 millóns de euros do peto dos galegos e do resto dos españois, porque van nos orzamentos do Estado, a Naturgy. E digo a Naturgy porque Endesa xa está facendo os traballos para adaptar a central das Pontes ás novas exixencias de emisións cos seus propios fondos. Ou sexa, regalarlle 20 millóns de euros a Naturgy para financiar algo que teñen que financiar eles. Imaxino que os 56.000 millóns de euros de beneficio das eléctricas durante os anos da crise, que levaron á pobreza enerxética a millóns de persoas e á falta de competitividade ás empresas, serán suficientes, e se non o foran, tamén poden botar man do tarifazo de 30 millóns de euros que nos van cargar a todos os galegos nos nosos recibos coa súa demanda, que tamén foi a todos os galegos, para que lles devolvamos os canons medioambientais. A verdade, sorpréndenos que o BNG tamén apoie este regalo de 20 millóns de euros a Naturgy.

Tamén cuestionamos o regalo ás eléctricas dos pagos por capacidade que pagamos nós no recibo. Non o paga o Estado, non o paga Europa, pagámolo todos os cidadáns de Galicia no noso recibo. Por exemplo, podería supoñer que Naturgy hibernara a central de Meirama reducindo drasticamente o persoal propio e suprimindo os traballos de mantemento, o que eliminaría o emprego indirecto e, por contra, cobraría 3 millóns de euros ao ano só por seguir existindo, por seguir encendendo a luz de que esta central existe. Parécenos moi cuestionable.

En resumo, pensemos no futuro, exixamos a reposición dos 76 millóns de euros que vostedes lles arrebataron ás Pontes e Cerceda–Meirama coa paralización do Plan Miner en 2012, e poñámonos a traballar xa nos contratos de transición enerxética, que polas experiencias xa comprobadas nas comarcas afectadas en Alemaña, Francia e Gran Bretaña, poderían augurar unha senda de forte progreso e ilusión para As Pontes e Cerceda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Calvo.

O señor CALVO POUZO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu estou encantado de ser de San Sadurniño. É un orgullo para min e para todos os que vivimos ou nacemos alí. Non o pode dicir calquera, señor Abel Losada, pero ben.

Eu non vou falar de nomeamentos en distintas empresas nin da adecuación das distintas persoas para traballar. Preocúpanme máis os nomeamentos que fai o Goberno. Porque que á fronte de Navantia poñan a unha enxeñeira de montes... ¡manda truco! (*Aplausos.*) ¡Manda truco! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu estou moi tranquilo, moi tranquilo. Cando en Navantia sempre pedían que fora xente da casa como a que había. Ou que nomearan a un filósofo para a empresa pública de industrias avanzadas, tamén me tranquiliza, porque o Partido Socialista soe facer estas cousas. Na Zona Franca non o fixo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) na Zona Franca non o fixo. Eu xa sei que hai cabreo porque o señor Caballero optou por outras vías. Pero, oia,... ¡en fin!

Señora Presas, eu creo que, se o nivel de exixencia que presentamos é tan baixo, supoño que se apoiará a iniciativa. E iso non debería ser, en ningún caso, un impedimento para apoiala. Vostedes na súa iniciativa esquécense das Pontes. Di vostede que non está en perigo. Si, si que está en perigo. Non, na iniciativa non aparece. Está en perigo. A importancia que ten que o responsable dun asunto tan importante nun ministerio —a ministra neste caso— cambie de opinión é que os investimentos que se están facendo poden correr perigo. E nas Pontes hai unha certa sensación de preocupación, haina. Vaia por alí, comente con algún ex-compañeiro seu, o señor Nandi, e xa verá como lle di que nas Pontes hai un problema. Levan investidos 53 millóns dos douscentos e pico millóns que había comprometidos. Si, pero jollo!, non vaia ser que paren. E isto é como consecuencia dos anuncios que fai unha ministra.

Eu intentaba ao principio dicir que parece que é unha práctica común que os ministros un día din unha cousa e outro día din outra. Pero cando din unha cousa, poñen en corentena moitas decisións de investimentos ou introducen unha situación bastante complicada, e ese é o problema, jese é o problema! Por tanto, vostedes na súa emenda se olvidan dunha parte.

Do señor da Marea, do portavoz da Marea, ¡claro!, vostedes aquí o que están ocultando é que a súa intención é que todas estas centrais cerren no ano 2025. Iso está no proxecto de lei que teñen presentado no Congreso e se publicou no BOE este mesmo luns. A súa intención é que todas as centrais cerren no 2025. E ante a situación que iso ocasiona, ante os problemas que ocasionan en todas aquelas zonas onde hai unha central, agora veñen e fan unha emenda coa que intentan branquear esa proposición de lei e intentan poñer aquí axudas para todo tipo. Dá igual de que. Si, dá igual de que as axudas, o caso é que imos encher de cartos —de cartos de todos— as decisións do Goberno. De cartos de todos, non só galegos, de todos os españois. ¿Para que? Para branquear a verdadeira intención do grupo confederal de Podemos nas Cortes Xerais do Estado, onde queren que no 2025 se cerren as centrais. E iso ten consecuencias.

E no Partido Socialista, ¿eu que quere que lle diga? Mire, onte nesa iniciativa, nesa proposición de lei para modificar a lei do sector eléctrico, simplemente se trataba de modificar as condicións polas cales o Goberno podía impedir que unha central cerrase. Ata agora era só que tiña que haber unha garantía de subministración, e o que se quería poñer era: ten que haber unha garantía de subministración, pero tamén ten que haber unha garantía de que o prezo da enerxía non vai subir desmesuradamente. Iso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Oia, ¿eu que quere que lle diga? Non vou discutir con vostede estas cousas.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CALVO POUSO: ¿Cal é o problema? Que o Partido Socialista e Podemos nas Cortes, e o resto de partidos, votaron que non.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CALVO POUSO: É dicir, votaron que se cerren as centrais; votaron que lles dá igual que suba o prezo da enerxía. Onte debatían aquí sobre este asunto. Vai subir un 15 %, ou pode subir un 15 %. ¿Que problema hai en poñer medidas para asegurarnos de que iso non prospere, ou que non se produza? ¿Cal é o problema?

O señor PRESIDENTE: Ás emendas, por favor.

O señor CALVO POUSO: Por tanto, ¿que queren que lles diga? Se queren poñer... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Si, ás emendas.

O señor CALVO POUSO: Xa remato, presidente.

Se queren poñer todas esas medidas en marcha e facer moitas máis, eu agardo, agardo. Polo tanto, como esta iniciativa é tan sinxela e é tan pouco reivindicativa, supoño que acadará o beneplácito de todos os deputados desta Cámara.

O señor PRESIDENTE: ¿E sobre as emendas?

O señor CALVO POUSO: E sobre as emendas, como a nosa é tan básica, imos quedar na básica para facilitar o apoio dos grupos. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non acepta. Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores e para a súa axeitada atención

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei hai unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 34618)

Emenda de adición.

Débense engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

<<8. Deixar sen efecto a suspensión do artigo 19 do Vº Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

9. Axilizar as obras de reparación dos centros públicos nos que as deficiencias que presentan os inmobles non permiten a plena ocupación e aplicar un plan integral de mellora das instalacións de todos os centros de titularidade da Xunta de Galicia.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Coñecemos recentemente o informe do Consello de Contas relativo á fiscalización do gasto asistencial, dese gasto residencial, a persoas maiores e dependentes; un informe que supón a constatación e o reforzo da preocupación que dende o PSdeG vimos amosando nestes últimos anos; unha preocupación froito do desamparo en que se atopan os nosos maiores por culpa das políticas do señor Feijóo, pola falla de recursos públicos e a perda de calidade dos mesmos e tamén por alimentar o sector privado na atención a estas persoas, mentres se está deixando famélico o noso sistema de atención público aos maiores.

Dende a chegada do señor Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia, hai máis de nove anos, fixéronse cero residencias públicas de xestión pública. De feito, diminuíron un 7 % o número de prazas públicas, incrementáronse un 9 % as que están sostidas con fondos públicos, e hai casos tan curiosos como que a pesar do déficit que ata o propio presidente da Xunta recoñece que hai de prazas públicas, a residencia do Carballiño, que ten prazas concesionadas, resulta que está ao 40 % da súa capacidade. E todo isto mentres, segundo o informe do Inerser do ano 2017, estas prazas custan un 8 % máis a todos os galegos e galegas, cunha oferta privada que se incrementou dende o ano 2010 un 110 %. Hoxe o señor Feijóo deu un dato aquí; que se incrementou o número de prazas en residencias un 40 %. Eu estou convencida, é unha evidencia científica, que todas e todos os que estamos aquí, todos os seres humanos, temos cerebro, e do que estou convencida tamén é de que hai que ter unha cara moi dura para, despois de que este incremento se deba a residencias privadas e a residencias que están sostidas con fondos públicos, vir presumir deste dato a este Parlamento. *(Aplausos.)*

Un atraso na residencias de maiores nas sete cidades. Oito anos que as levan ofertando, dicía antes o voceiro do Grupo Socialista. Con 900 prazas non se cobren nin a metade das necesidades que hai agora mesmo; non se van cubrir tampouco a cuarta parte desas necesidades. E hai que lembrar que, segundo datos do IGE, no 2031 haberá máis de 780.000 persoas maiores de 65 anos, un incremento do 17 % a respecto das cifras actuais, co cal, se a situación é insostible agora mesmo, de seguir así, aínda o será máis.

Hoxe tamén viamos que para cada residencia había unha escusa. Falábase dos terreos, do Plan xeral de Ourense... Eu non teño tempo, porque tería que falar de que non temos orzamentos dende o 2014 e outras moitas cousas para as que non hai tempo; dos gobernos locais onde non está o Partido Popular, e eu me pregunto, porque non sei se foi por falta de tempo, cal é a escusa, se os terreos son da Xunta, para as residencias públicas de Pontevedra e de Vigo, porque eses son terreos da Xunta de Galicia, co cal aí non hai ningún tipo de problema.

Esta deixadez de funcións leva a que Galicia sexa unha das comunidades autónomas que está á cola en número de prazas residenciais; unha taxa de praza residencial por habitante maior de 64 anos do 3,05 %, que está por debaixo da media estatal, do 4,02 %, e moi lonxe do recomendado pola Organización Mundial da Saúde, do 5 %. Isto non o di o Grupo Socialista, dío o propio informe do Consello de Contas.

Ademais, o tempo medio de tramitación para obter unha praza nestas residencias é escandaloso. Se a normativa o que recolle son 3 meses, 180 días, agora mesmo é de máis do dobre, de 453. Un verdadeiro calvario non soamente para esas persoas, que, como comprenderán as súas señorías, non teñen toda a vida para esperar por unha praza residencial, senón tamén para as súas familias. E quero facer unha mención especial ás mulleres, a esas coidadoras dos dependentes que en moitos casos están asfixiadas pola situación que teñen, sen ningún tipo de recurso, e que en moitos casos están tamén á espera dunha praza residencial. *(Aplausos.)*

Ademais, o propio informe di que se reduciu a calidade da prestación do servizo público e que se inviste un 7,1 % menos en persoal. Isto de facer máis con menos xa sabemos que é

imposible. Non se cobren as baixas, non se cobren as vacacións, incúmprese a ratio de persoal legalmente establecida, e a pesar de que se mantivo máis ou menos, pódese dicir que constante —imos ser xenerosos— o número de prazas públicas, diminuíron en 2 millóns de euros os investimentos a centros públicos a respecto do ano 2010.

A pesar de que se incrementa o número de prazas privadas de xeito creo que bastante claro, o número de efectivos da inspección non se incrementou —e nisto tamén fai especial fincapé este documento—, e os centros privados campan ás súas anchas na nosa comunidade autónoma coa complicidade do Goberno galego.

O informe do Consello de Contas constata que nos casos nos que se detectaron irregularidades, e despois de comunicalo, as deficiencias non se subsanaron e a Administración pública non sancionou. Claro, é que estamos falando —e pon un exemplo concreto— da Fundación San Rosendo, residencia de Valdegodos: rexistro sen actualizar dende o ano 2011. Residencia da Nosa Señora das Dores: graves irregularidades en materia de persoal con profesionais cos que di contar, e cos que nin sequera é capaz de demostrar ningún tipo de relación contractual. Eu imaxino que isto será porque se trata da Fundación San Rosendo, porque entendo que en calquera outro caso o Partido Popular e a Xunta de Galicia estaría actuando. *(Aplausos.)*

Ante este escandaloso informe, en lugar de rectificar, ¿o Goberno galego que fixo? Redobra a súa aposta pola asistencia privada aos maiores cun bono para pagar residencias privadas con fondos públicos. Non acaban de descubrir a pólvora, isto existe, unha axuda para o pago de prazas en residencias de maiores privadas, que se está substanciando a través da Lei de dependencia, en concreto a través da libranza para a adquisición de servizo residencial.

E claro, hai que lembrar que ademais este bono vai ser insuficiente, porque o custo medio destas prazas é de 1.500 euros ao mes, cunhas axudas que na maior parte dos casos van ser de 490 euros ao mes e que poderán chegar hasta os 700. Iso por non falar desa nova invención das Casas do Maior, onde veremos e estudaremos ese regulamento para ver se as persoas que as van atender cumpren ou non todos os requisitos.

É, señorías, a mesma estratexia que coas escolas infantís públicas: deixar un número de prazas sen cubrir e inventar un bono para desviar tanto os cidadáns como os recursos públicos de todos e de todas a centros privados.

Hoxe o que pedimos nesta iniciativa é que se incremente de maneira urxente o número de prazas en residencias de maiores de xestión pública, que se constrúan novos centros e que se optimicen os que xa existen, que se poñan todas a prazas ao dispor, que agora mesmo non o están. E non é demasiado ambicioso. O que pedimos é que ao final da lexislatura igualemos esa media estatal, nin sequera que cheguemos ao 5 % que recomenda a propia OMS. E, sobre todo, pedimos que abandonen a complicidade cos centros privados que non cumpren as normas, e que se doten os centros públicos de recursos humanos e materiais suficientes para ofrecer unha atención de calidade aos nosos maiores.

Hoxe, dende logo, o presidente da Xunta tiña unha magnífica oportunidade para rectificar as súas políticas e non o fixo. Volven ter, señorías do Partido Popular, unha nova oportunidade para cumprir non o que di o PSdeG, porque agora xa non se trata de nós, non se trata do noso grupo parlamentario nin do resto da oposición, agora mesmo trátase do informe dun organismo do que creo que ninguén dubida da súa imparcialidade, como é o Consello de Contas. O que en realidade estamos agora mesmo pedindo é que se lles dea aos nosos maiores os recursos que necesitan e que merecen.

Por certo, antes de rematar, unha puntualización tamén. Hai 15 horas e 15 minutos exactamente que a ministra competente nesta rama presentou a súa dimisión. Unha persoa que, todo hai que dicilo, quero dicilo hoxe aquí, comezou a reverter en pouco tempo o desastre que fixeron vostedes na Lei de dependencia (*Aplausos.*), entre outras cousas, devolvendo a dignidade e o respecto con esas cotizacións á Seguridade Social, que vostedes eliminaron, das cuidadoras. Nós o que esperamos hoxe é que o que levamos pedindo estes últimos anos: que muden as súas políticas, que lles dean aos nosos maiores os recursos que necesitan e, por suposto, que merecen.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidenta.

Debatemos hoxe un informe que en realidade vén confirmar as análises que toda a oposición temos exposto aquí sobre a situación en xeral da dependencia no noso país, pero, en concreto, sobre as residencias de maiores.

O primeiro que temos que dicir, e que o repetimos porque é evidente, é que temos un reto estratéxico como pobo na atención a maiores e dependentes, un reto ao que esta Xunta non é quen de responder. Estamos —segundo os datos do IGE— en que as persoas de 65 anos xa representan máis do 24 % da poboación, pero é que esta situación non vai facer máis que aumentar porque a nosa pirámide demográfica vai camiño de converterse nunha pirámide totalmente invertida, e isto non é máis que un reflexo do desleixo do país, e, por certo, un dos factores que contribúen a que isto siga así é, precisamente, a falta de servizos públicos de calidade accesibles en todo o territorio.

Esta estrutura demográfica, evidentemente, conleva maiores taxas de dependencia. Non só falamos das persoas valoradas como dependentes, que xa son bastantes, 67.864 persoas con dereitos recoñecidos, e aínda continúa unha lista do 16 % por agarda de prestación. Falamos tamén de que nesa enquisa que hoxe o presidente da Xunta menospreciou, que é unha enquisa sobre a autopercepción da dependencia, é unha enquisa importante, os resultados son demoledores: non se pode minimizar que o 4,4 % das persoas galegas se sintan con dependencia, e que case o 30 % destes casos se poidan catalogar como de gran dependencia.

É máis, esta enquisa di que aumentou o número de persoas que realizan tarefas de coidado de persoas dependentes; máis do 62 % destas persoas son mulleres; e a maior parte teñen máis de 45 anos. Di tamén esta enquisa que o 30 % das mesmas dedican máis de 70 horas á semana a esta tarefa. Así pois, actuar con servizos públicos no eido da dependencia e das persoas maiores é fundamental para a vida das mulleres, porque son as que padecen maior dependencia e maior envellecemento, pero tamén para actuar mellorando a situación destas persoas coidadoras.

Neste marco estrutural do noso país, ao que a Xunta non é quen de atender, o Consello de Contas analiza unha serie de eivas no servizo residencial para persoas maiores que, evidentemente, debería de ser o último recurso. Debería vir precedido por unha política global de prevención e de servizos integrais no territorio, pero é que tampouco os temos. ¿Que sucede cando se opta por este último recurso de residencias? Pois ben, o Consello de Contas dá unha serie de recomendacións e ten unha serie de conclusións, as que xa temos exposto En Marea neste Parlamento, sen que tiveran resposta por parte da Xunta.

En primeiro lugar, é evidente a privatización, a aposta polo modelo privado, e é que a porcentaxe de prazas privadas en residencias de maiores do noso país é a maior de todo o Estado. Este é o récord do Goberno da Xunta, do Goberno de Núñez Feijóo: 67 % de prazas privadas sobre o total, que custan —como xa lembro a voceira socialista— un 8 % máis que as xestionadas de xeito directo, págase un 8 % máis que polas xestionadas de xeito directo, e é que o concerto é a modalidade de xestión que máis aumentou nos últimos anos. Ese é o récord do Goberno Feijóo: reducir a porcentaxe de prazas públicas do sistema.

Hai unha falta de prazas, xa o dixemos moitas veces. A ratio de prazas en residencias por cada cen persoas maiores de 65 anos é das máis baixas do Estado; moi alonxada dese 5 % que recomenda a OMS, só tres prazas por cada cen persoas maiores. Pero é importante que o ritmo ao que se van aumentando esas prazas é totalmente insuficiente respecto do ritmo ao que cabalga o envellecemento da poboación.

Ademais, esta falta de prazas é tamén aínda máis grave no caso das persoas dependentes, porque só dous centros públicos da Xunta ofrecen exclusivamente prazas para dependentes. E esta situación, se a miramos a nivel territorial, é aínda máis inxusta para as provincias de Ourense e Lugo. Estamos en pleno debate demográfico e nese observatorio saíron xa uns documentos sobre a situación demográfica galega. Vaian a ese documento do observatorio, ao mapa onde se ve a porcentaxe de envellecemento dos concellos galegos, e miren as provincias de Lugo e Ourense, que son as que menos prazas públicas teñen, e miren tamén a coincidencia entre esa falta de prazas públicas e a extensión da Fundación San Rosendo no caso de Ourense, ou de, por exemplo, Mensajeros de la Paz no caso da Mariña de Lugo. E é que vostedes teñen este concepto dos servizos públicos, dos servizos necesarios, que son oportunidades para o negocio privado.

Xa non me dá tempo a determe en todos os puntos deste informe, pero vaíamos a un que é excesivamente demoledor e que xa o levamos denunciando dende o inicio da lexislatura, e é que a Xunta aforrou irresponsablemente en persoal de atención directa cando aumentou ou mantivo estable esa oferta de prazas e sistematicamente non se cubriron as baixas médicas

de curta duración, nin os permisos, nin as vacacións se substituíron integramente. Isto é gravísimo, porque estamos a falar dun persoal xa sobreesaturado, que se lle recortaron dereitos mantendo suspendido ese artigo 19 do 5º convenio...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...—xa remato—, e por iso facemos esa emenda: que tamén se inclúa que debe rematar xa o recorte de dereitos ao persoal público, que cargaron sobre as súas costas un aumento da carga asistencial e aumentaron terriblemente as baixas debidas ao sobreesforzo.

Non é de recibo a situación na que se atopan as persoas maiores galegas nas residencias da Xunta, hai que mellorar tamén as súas instalacións, e sobre todo hai que cambiar de modelo, e iso só se pode facer expulsando do Goberno a este Partido Popular. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Bo día de novo.

O BNG vai apoiar esta iniciativa extensa que presenta hoxe o Partido Socialista, que incide nunha cuestión que temos tamén abordado en varias ocasións: a situación en xeral da dependencia e da atención aos maiores no noso país, que representan cada vez unha porcentaxe maior da nosa poboación.

Galiza ten unha poboación moi envellecida. As persoas maiores de 65 anos superan xa o 25 % da nosa poboación, e destas, as que superan os 80 anos aproxímanse ao 8 %, e ademais é unha tendencia que vai en aumento.

Preocúpanos que se persista desde o Goberno en lanzar a mensaxe de ser os campións: de ser os campións dos que máis invisten, de ser os campións das menores listas de espera, de ser os campións do maior número de persoas atendidas en canto á dependencia. O que non se quere despois é desmenuzar esa realidade, a realidade de que esa atención á dependencia agocha que cada vez se atenden con recursos de menor custo. Neses datos, ademais, a atención ás persoas en situación de dependencia é con recursos de menor custo, recursos low cost, e o que non se quere dicir é que realmente os recursos que supoñen máis investimento son os que non se están a dar. Porque, segundo eses datos que dá a Xunta, aumenta o número de persoas atendidas, cando o orzamento non vai en progresión. O cal significa que máis persoas atendidas, co mesmo orzamento, hai un menor custo por persoa atendida e un recurso de menor custo.

Preocúpanos tamén, e moito, o modelo que está a impulsar o Partido Popular; un modelo onde se aposta por capitalizar a empresa privada e non por crear dispositivos públicos. O modelo implementado nas escolas infantís é o modelo polo que se aposta agora para atender as persoas maiores.

Ese discurso continuamente esgrimido polo Partido Popular de que Galicia sexa o mellor sitio para nacer, de que Galicia sexa o mellor sitio para ser persoa maior. No que se aposta por ese modelo das Casas Niño e agora por ese modelo das casas para os nosos maiores; no que se aposta polos bonos e por capitalizar a empresa privada e non por crear recursos. Aí é onde se enmarca esta iniciativa do Partido Socialista das residencias para maiores.

Preguntábase a deputada do Partido Socialista por que hoxe, na intervención do presidente da Xunta, na que pretendeu dar unha explicación de por que esa promesa da construción dunha residencia pública en cada unha das sete cidades feita hai un ano, e da que nunca máis se soubo, o señor presidente da Xunta dixo que había dúas nas que os terreos eran da Xunta. ¿Por que? ¿Cal era a escusa? Por exemplo, na de Pontevedra o terreo é da Xunta pero hai un hospital en funcionamento nese terreo. E entre tanto non se faga o Gran Montecelo, o Hospital Provincial non se desaloxe e se poidan trasladar os pacientes que alí son atendidos para o Gran Montecelo, non se pode facer a residencia nese espazo, co cal, evidentemente, esa promesa non se vai verificar nesta lexislatura. O Gran Montecelo leva anos paralizado e sen executar, pola posición totalmente contraria aos intereses da poboación, de non ter realizado e dado para adiante a ese hospital tan necesario.

En Galiza as prazas para residencia de maiores son totalmente insuficientes, non se corresponde a actuación...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: ...da Xunta de Galiza nesta materia coas necesidades do país, non hai planificación. E non hai, dende logo, unha aposta por crear un recurso tan necesario.

Non teño tempo —remato, presidenta— para falar de cal é tamén a avaliación e os tempos de espera para a concesión das prazas nesas residencias. A realidade é que os datos que ofrece continuamente o Partido Popular non se comparecen coa realidade, nin en tempos de espera, nin en prazas, nin en nada que se lle pareza. E a realidade, se falamos de grandes dependentes, é que as familias, e fundamentalmente as mulleres, o que teñen é que botarse ao lombo a realidade de atender eses maiores.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Popular de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas. Bo día.

Hoxe acabamos de descubrir que todas as residencias, centros de día, servizos para atender as persoas maiores en situación de dependencia, se construíron e se puxeron en marcha en Galicia no período 2005-2009. Antes do 2005 non existía absolutamente nada, ningún tipo de servizo para os maiores, e despois do 2009 tampouco existía nada. Polo tanto, todo o que teñen os maiores en Galicia, dende logo, llo teñen que agradecer ao Bipartito, porque foi o

único Goberno que en Galicia se preocupou polos maiores. (*Aplausos.*) Foi o único Goberno que construíu residencias e o único Goberno que puxo en marcha centros de día.

A realidade —isto parece un chiste, pero con cuestións destas non se pode facer mofa— é que soben aquí as portavoces dos grupos parlamentarios a dicir que o Goberno Feijóo está apostando pola privatización das residencias, cando todos sabemos —e vostedes os primeiros, porque estaban no Goberno— que durante o período 2005-2009 o único que se facía non era construír residencias nin centros de día, senón dar libranzas. As libranzas non as inventou agora o señor Feijóo, as libranzas están recollidas na Lei da dependencia do ano 2006. E o primeiro presidente que utilizou as libranzas —porque parecía ser que así lle cundían máis ao vicepresidente da Xunta, ao señor Quintana— foi o señor Quintana. ¡Libranzas! Libranzas para as persoas en situación de dependencia. Non apostaba por servizos, non apostaba por residencias —non, señora Pontón—, non apostaba por centros de día; apostaba polas libranzas, porque así tentaba atender as persoas dunha forma máis rápida.

En relación co informe do Consello de Contas, do que trata a iniciativa da deputada socialista, o presidente da Xunta xa dixo que a Xunta non só respecta as súas recomendacións, senón que traballa para cumprir con elas.

Estamos falando dun informe que analiza o período 2012-2015, pero a min tamén me gustaría destacar os datos do último informe do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar, porque ese informe se refire ao sistema de dependencia no mes de xullo deste ano. Ese informe, elaborado polo ministerio, di que Galicia rexistrou un notable impulso na atención á dependencia. E, dende logo, así como non dubidamos da imparcialidade do informe do Consello de Contas, a señora Blanco non dubidará do informe de imparcialidade do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar.

A nosa comunidade, Galicia, pasou de ter unha ratio de atención do 61,5 % no ano 2015 a unha ratio de atención do 85,1 % neste mes de xullo de 2018, que sitúa a Galicia sete puntos por riba da media do Goberno do Estado. Isto quere dicir que Galicia está atendendo o 85,1 % das persoas en situación de dependencia, que a media do Goberno do Estado é sete puntos máis baixa que a media de Galicia, e que Galicia incrementou a súa cobertura en máis dun 23 %. E este esforzo para atender os maiores é posible grazas ao esforzo no incremento dos recursos económicos nos últimos nove anos.

Miren, no 2018 destínanse 360 millóns de euros para atender as persoas en situación de dependencia; 30 millóns de euros máis que no 2017, 243 millóns de euros máis que no 2009. E o obxectivo da Xunta é ampliar a cobertura a máis de 61.000 persoas. En principio era o obxectivo da lexislatura, agora o presidente da Xunta di que é o obxectivo deste ano: antes de que remate o ano 2018, 60.000 persoas en situación de dependencia estarán atendidas. E, dende logo, nós consideramos que niso tamén algo terá que ver a política da Xunta de Galicia reforzando o servizo de axuda no fogar.

E falando concretamente das prazas públicas en residencias, son exactamente na actualidade 7.820 prazas públicas en residencias ou concertadas con fondos públicos, un 40 % máis que no ano 2009. Pero aquí está o descoñecemento, a deputada socialista cre que estas prazas

son absolutamente todas en residencias privadas. Non, revise os datos, son en residencias de titularidade municipal, en residencias de iniciativa social de entidades sociais que están facendo un labor imprescindible coas persoas maiores e que non teñen ánimo de lucro. Polo tanto, revise vostede a porcentaxe da que vostede está falando.

En 2018 está prevista a posta en marcha de 197 novas prazas en residencias para maiores, fogares do Consorcio Galego dos Servizos Sociais. E a finais deste ano, Galicia contará con 8.000 prazas públicas en residencias, ademais desas sete novas residencias. Agora como está a Xunta de Galicia planeando a construción de sete novas residencias —que vostedes din que son necesarias—, explica o presidente da Xunta en que situación está a construción desas residencias, e vostedes veñen aquí dicir que o Partido Popular pon escusas. Non, a ver, a ver se se aclaran. Se queren esas sete residencias nas sete grandes cidades, se non as queren, ou que é exactamente o que queren.

No ano 2017 o custo de atender as persoas dependentes en Galicia foi de 334 millóns de euros. ¿Saben vostedes canto aportou a Xunta de Galicia deses 334 millóns de euros? Un 75 %. ¿Saben canto aportou o Estado? Un 25 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Polo tanto —remato, presidente—, por unha banda, a Xunta de Galicia vai continuar reforzando o servizo de axuda no fogar e a rede de residencias públicas. Pero, por outra banda, tamén temos que poñernos de acordo para que o Estado cumpra ese compromiso que adquiriu coas comunidades autónomas de revisar o sistema de financiamento da dependencia e do incremento dos fondos. Dende logo, esperemos que esa fonda preocupación do Partido Socialista de Galicia tamén estea neste asunto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Imos aceptar a emenda de En Marea porque entendemos que vén complementar a nosa iniciativa. E agradecemos tamén o apoio do BNG a esta cuestión.

Non se está privatizando. Vou dar un exemplo concreto de privatización e das súas amizades perigosas. Residencia de Lobios, en Ourense. Levan na Baixa Limia, nesa zona, esperando exactamente oito anos a que se cumpra esa promesa electoral. Ás portas das eleccións autonómicas do 2016, o conselleiro de Política Social reuníase coa alcaldesa de Lobios, do Partido Popular, e anunciaba: «*Rey Varela anuncia el apoyo de la Xunta de Galicia en la futura construcción de una residencia de mayores en el municipio de Lobios*». ¿Que ocorreu finalmente, señorías, despois de que pasaran as eleccións autonómicas?: «*La Fundación San Rosendo hará tres nuevas residencias*», e entre elas está —como non podía ser doutra maneira— a residencia de Lobios.

¿Que é a Fundación San Rosendo? ¿Quen a compón? O presidente de honra da Fundación San Rosendo —e vou desempolvar, imos tirar tamén de atrás, señora deputada do Partido Popular— é Benigno Moure. Benigno Moure é unha persoa condenada por sentenza firme a cinco anos de prisión por apropiación indebida e continuada no ano 2008. O tribunal considerou probado que enganou a unha muller con Alzheimer que estaba ingresada nun dos xeriátricos que el xestionaba, que lle substraheu case 600.000 euros ingresándoos na conta bancaria da entidade e que traspasou a esta fundación máis de 60 propiedades.

Pois resulta que esta residencia vaina facer a Fundación San Rosendo, o señor Benigno Moure —esta persoa, repito, condenada por roubar a unha anciá con Alzheimer—. Aquí o ven na foto, o presidente da Deputación de Ourense, o señor Baltar, dándose a man con Benigno Moure e coa alcaldesa de Lobios. Este é un exemplo clarísimo de privatización que entendo que non negará. *(Aplausos.)*

Vostedes defenden os seus, ¿por que? Porque, señora deputada, un lobo a outro non o comeu nin o mordeu, xa o sabemos nós precisamente por este tema; e vostedes levan moitos anos defendendo a esta persoa. Ano 2011, cando se coñeceu a sentenza: «*El PP, con Baltar a la cabeza, arroja al cura condenado por estafar a una anciana*». Algún deputado e deputada que está nesta Cámara estaba nesta manifestación defendendo a unha persoa, a un crego, que subtraeu cartos —repito— a unha anciá con Alzheimer. Non é pasado, é presente, porque a provincia de Ourense é precisamente a provincia onde máis se incrementa o número de residencias privadas con este chiringuito caciquil que teñen montado dende hai moito tempo. E teremos tempo ao longo da lexislatura para falar tamén do tema dos balnearios e de moitas outras cuestións que teñen tamén con eles.

E se non lles vale este exemplo, déixolle —deixareillo á Presidencia da Cámara— este gráfico do Consello de Contas —que vostede non sei se é que pasou a páxina ou que o esqueceu—, onde se reflicte perfectamente o incremento de prazas privadas a respecto das outras.

E, dende logo, seguindo cos lobos, o lobo perde o pelo pero non as mañas. Desde logo, señora deputada, hai que ter tamén moita jeta para vir aquí —ou moita cara, permítame a expresión— falar do financiamento do 50 % da dependencia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Cando a escoitei a vostede en plenas vacacións de verán denunciar e pedir ao Goberno de España, dígolles: ¿que estiveron facendo vostedes todos estes anos? ¿É que non lles facían caso en Madrid ou é que realmente son e eran o mesmo lobo, Rajoy e Feijóo e o conselleiro de Política Social tamén, a respecto da ministra?

A respecto das prazas, por suposto, sempre seguen co tema do financiamento. ¡Claro que si, que hai máis financiamento hoxe que hai vinte anos, porque a Lei de dependencia non estaba posta en marcha! *(Aplausos.)* E non me cansarei... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...de repetilo nesta tribuna —remato xa, presidente— ...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Dende logo, é moi difícil superar o récord de facelo mal...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...da candidata do Partido Popular da Coruña.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: A ver se agora...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...porque o conselleiro de Política Social...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...candidato do Partido Popular de Ferrol...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...nos sitúa á cola en residencias públicas...

O señor PRESIDENTE: Señora Blanco, terminou o seu tempo.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...temos que lanzar cohetes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central referido á asunción da débeda financeira xerada no porto de Valencia

O señor PRESIDENTE: Hai emendas de todos os grupos.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

«1. Exixir do Goberno de España a igualdade de trato e consideración entre as diferentes autoridades portuarias galegas en relación ao acordado para o Consorcio Valencia 2007 nos termos relativos á adopción das medidas orzamentarias e normativas que procedan ao efecto do financiamento estatal e asunción polo Estado das débedas xa contraídas ou que se xeren polas autoridades portuarias pola execución de infraestruturas de interese xeral en terreos portuarios ou necesarias para a súa operatividade, conectividade e competitividade.

2. En relación coa situación da Autoridade Portuaria da Coruña, e dada a súa especial relevancia, tanto en termos de débeda como das previsións para a súa amortización en relación coa venta de terreos da súa fachada marítima-portuaria : 1º Instar ao Goberno do Estado a condonar o préstamo concedido por Puertos del Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, ou, no seu caso, conceder as axudas económicas equivalentes ou as medidas procedentes que se acorden, conducentes, en calquera caso, á amortización efectiva e global de dito préstamo, acordando para isto a aprobación dos actos e disposicións normativas e orzamentarias que correspondan para o exercicio 2019.

2º Instar ao Ministerio de Fomento a convocar, no menor prazo, a Comisión de Seguimento do Convenio de febreiro de 2004 co fin de negociar un protocolo de colaboración que, deixando sen efecto o de abril de 2018, teña por obxecto a revisión dos convenios de 2004 e, con ela, a do PXOM do 2013, sobre o fundamento e a definición dun novo horizonte litoral e portuario para a cidade, baseado nos seguintes principios básicos: titularidade e xestión pública dos terreos, equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios complementarios.

3º Instar ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridade Portuaria, ADIF a que, xunto ao Concello da Coruña e a propia Xunta de Galicia, constitúa un consorcio público como forma de participación e xestión dese novo horizonte litoral.

4º Instar ao Ministerio de Fomento e Portos do Estado a impulsar e financiar a execución da conexión ferroviaria do Porto Exterior de Punta Langosteira e, a tal efecto, demandar a correspondente inclusión de orzamento axeitado e suficiente, tanto no Plan de Investimentos de Portos do Estado como na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2019, de xeito que poida ser licitada no primeiro semestre de dito exercicio. Do mesmo xeito, instar ao conxunto de administracións e entidades competentes a incrementar os esforzos na plena operatividade, conectividade e promoción internacional do Porto Exterior.

3. Que solicite, a través dos seus representantes no Consello de Administración das autoridades portuarias galegas, a celebración de cadanseu Consello de Administración extraordinarios para que formalmente se dirixan ao Ministerio de Fomento-Portos do Estado co obxectivo de demandar o sinalado nos apartados 1 e 2 do presente acordo. 4. Trasladar o presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridades Portuarias dos portos de interese xeral do Estado en Galiza, ADIF, así como ás Cortes Xerais e aos grupos parlamentarios de Congreso e Senado.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

«1º) Promover a convocatoria inmediata da Comisión de seguimento prevista nos convenios asinados en 2004 para abrir con carácter urxente un proceso de negociación entre o Concello da Coruña, o Concello de Arteixo, a Autoridade Portuaria da Coruña, a Xunta de Galicia, ADIF, Portos do Estado e o Ministerio de Fomento. Este proceso de negociación terá por obxecto a revisión dos convenios portuarios asinados en 2004, así como dos criterios de ordenación, forma xurídica de xestión dos terreos, financiamento e demais apartados contidos na proposta de Protocolo trasladado desde o Goberno municipal da Coruña, que debe servir de base, suxeita a negociación aberta, para o obxectivo de acadar os acordos conveniados e de colaboración, diálogo e cooperación institucional que concreten e definan detalladamente os obxectivos básicos contidos en tal protocolo.

Esta negociación interinstitucional polo futuro da Coruña e da súa área, será a base para iniciar a transformación urbanística dos solos portuarios liberados para a cidade e, ao mesmo tempo, garantir os fondos e financiamento sostible e necesario para a viabilidade e competitividade, presente e futura, das dúas dársenas (A Coruña e Punta Langosteira) xestionadas pola Autoridade Portuaria da Coruña.

2º) Iniciar as xestións oportunas para deixar sen efecto o Protocolo asinado entre a Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria da Coruña con data 18 de abril de 2018, no que non se contou coa participación do Concello da Coruña.

3º) Dirixirse o Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridade Portuaria da Coruña e ADIF a que xunto co Concello da Coruña e a Xunta de Galicia se constitúa un consorcio público como forma de participación e xestión do proceso de reordenación da fachada portuaria interior da Coruña.

4º) Dirixirse o Goberno central para que impulse os plans de investimentos de Portos do Estado en Galicia, así como as necesarias medidas normativas e orzamentarias que garantan á Autoridade Portuaria da Coruña, así como ás demais autoridades portuarias galegas, os necesarios mecanismos de financiamento dos programas de investimento previstos en cada unha delas e a asunción de cargas financeiras contraídas pola execución das infraestruturas necesarias para a operatividade e competitividade de Punta Langosteira e das demais instalacións portuarias galegas de interese xeral.

5º) Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, ADIF, Autoridade Portuaria da Coruña, Xunta de Galicia, Concello da Coruña, Concello de Arteixo.»»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Ana Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<1. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a exixir do Goberno do Estado:

a. Igualdade de trato ás autoridades portuarias galegas en relación coas inversións que o estado ten impulsado noutros portos de interese xeral (como nos casos de Gijón, Valencia, Barcelona ou Bilbao) ou a condonación de débedas -como a recentemente acordada co Consorcio Valencia 2007-.

b. En base a este principio de igualdade de trato o goberno impulsará a sinatura dun novo convenio entre Concello da Coruña, Xunta de Galiza, Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria da Coruña para que o estado asuma o compromiso de asumir o custe íntegro da débedas da Autoridade Portuaria da Coruña pola construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións ferroviarias.

c. Impulsar, no caso da Coruña, unha Mesa do Porto na que participen Xunta de Galiza, Autoridade Portuaria, Ministerio de Fomento, Concello da Coruña e entidades representativas da veciñanza coruñesa para definir o futuro do peirao interior da cidade.

d. Reclamar un plan de inversións nos portos galegos de titularidade estatal, que no caso de Vigo inclúa a conexión coa Plisan, a conexión ferroviaria con Porto e un proxecto que permitan a exportación de peixe fresco a través do aeroporto de Vigo.

e. Solicitar a transferencia á Xunta de Galiza dos portos de interese xeral radicados no territorio galego.

2. O Parlamento de Galiza acorda como resolución reclamar aos deputados e deputadas do Congreso, electas polas circunscricións galegas, que negocien nos orzamentos xerais do estado de 2019 a inclusión da vontade expresada no punto 1, e condicionar o seu voto a introdución deste principio de non discriminación.

3. O Parlamento de Galiza acorda como resolución reclamar que os peiraos de peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego, así como os terreos da Solaina e Hotel Finisterre, sexan devoltos á cidade da Coruña por parte do Estado, paralizándo as poxas e venda destes bens públicos, e garantindo que estes espazos serán destinados a fins sociais, paralizándo o uso especulativo e a construción masiva de máis vivendas e centros comerciais.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Hoxe temos unha iniciativa que ten un obxectivo moi claro que se nos supón común a todos os deputados desta Cámara, que é defender os intereses de Galicia e os intereses dos galegos por riba doutros intereses ou doutras funcións.

Falaba onte o señor Villoslada de que nós en cen días queríamos todo da parte de Sánchez, pero a verdade é que en cen días hai récord de rectificacións nese Goberno, hai récord de romper as regras do xogo e hai récord tamén de beneficiar outras comunidades autónomas e darlle as costas a Galicia. Polo tanto, nós queremos unha exixencia de trato igualitario, neste caso con respecto aos portos galegos de interese xeral.

Durante os últimos anos o Grupo Parlamentario Popular de Galicia e o propio Partido Popular veñen apoiando a construción e veñen exixindo o desenvolvemento do tecido portuario galego, centrando este apoio na creación de servizos que doten de plena operatividade e competitividade estes peiraos, que son os obxectivos primordiais dos portos. Polo tanto, nós cremos que todos os portos de interese xeral do Estado en Galicia cunha decisión de Pedro Sánchez foron en certa maneira discriminados.

No caso de Vigo, por exemplo, pola proximidade que podo ter eu con este porto, a aposta traducíuse na construción de estruturas de atracada, por exemplo, para cruceiros, na transformación de edificios para usos sociais e na dotación de medios, por exemplo, coa nova rampla de silo de automóbiles na área de Bouzas, a proxección de acceso ferroviario a esta zona. E así temos os diferentes portos ubicados nas diferentes vilas e que pertencen ademais ao Estado.

Todas estas peticións —insisto: xunto con outros portos— son xustas e están en sintonía co que agardamos dun goberno sensato, dun goberno que non rompa —insisto— as regras do xogo, que é un trato equitativo e igualitario entre comunidades autónomas, e neste caso e nesta PNL centrado nos portos de Galicia.

Pero cando hai un goberno —como digo— como o de Sánchez que en lugar de cumprir coas súas obrigas de afrontar os temas importantes, como son o financiamento autonómico ou como son, por exemplo, temas neste caso de infraestruturas portuarias, o que fai é pagar e condonar débedas a outros portos doutras comunidades autónomas, entón nós temos que reaccionar, porque Galicia, coma sempre, queda discriminada, e cando o PSOE goberna en Madrid Galicia sempre queda discriminada.

Polo tanto, vostedes tamén saberán ao que me refiro (*Murmurios.*) porque o presidente Sánchez leva cen días, leva cen días de goberno pagándolle os favores a Podemos, pagándolles os favores aos partidos nacionalistas e independentistas que lle deron os votos para que saíra adiante esa moción de censura. Son os seus socios de goberno e ten que cumprir. E cen días eu creo que xa incluso é moito tempo para pagarlles todos os favores para que estea hoxe na Moncloa.

Cando no seu discurso de investidura Sánchez falaba, xa con ton ademais moi comprometido e se erixía como o adañ do diálogo, se erixía como o adañ das negociacións, co tema de financiamento autonómico como prioritario, pero de repente chega ao goberno e fai todo o contrario, pois pasan estas cousas, e unha das principais discriminadas neste caso é Galicia. Porque xa estamos vendo outra vez como este goberno lle dá as costas a Galicia. Como pasou na historia con moitos cargos do Partido Socialista que tiñan outras responsabilidades en Bruxelas e en Madrid, que sempre tomaron decisións prexudiciais para a nosa comunidade autónoma.

É curioso observar como o valenciano Ximo Puig, hai máis ou menos un ano, saíu á rúa manifestándose, pedindo un debate de financiamento autonómico, exixíndolle a Rajoy un debate en profundidade, e de repente chega este ano, con Sánchez como presidente, no Consello de Política Fiscal e Financeira abstense nun primeiro momento e logo, cando Abalos e Sánchez lle dan e condonan a débeda do porto de Valencia, cambia radicalmente o voto. A verdade é que iso —dito en linguaxe coloquial— é a compra dun voto, discriminando outras comunidades autónomas, discriminando outros portos do Estado.

Polo tanto, o Partido Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular reaccionan ao minuto e piden un trato igualitario para os portos de Galicia, tendo en conta ademais, por suposto, a deslealdade absoluta de Pedro Sánchez co resto das comunidades autónomas. E a verdade eu creo que esta decisión bota por terra ademais moitos acordos que se tiñan establecido ata o de agora, ou cando menos principios de acordo co Partido Socialista, entre o Partido Popular e o Partido Socialista, para falar de financiamento autonómico, para falar no Consello de Política Fiscal e Financeira en seriedade e en profundidade deste tema. Pero vemos agora que si que hai diferenza entre as comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular e polo Partido Socialista. Polo tanto, nós vemos que opina o Partido Socialista de Galicia cando hai esta maneira de afrontar o financiamento autonómico.

Nós, ante unha decisión desta gravidade —insisto—, sempre imos defender os portos de interese xeral e de interese galego aquí en Galicia. Ademais digo que o fixemos sempre, non modificamos as nosas decisións. Onte tamén falabamos dunha moción específica na Coruña sobre o porto da Coruña, e tamén vemos como o Partido Socialista vai mudando o discurso. O Partido Popular —xa o dixo o señor Fernández Prado— sempre pediu o mesmo e votou o mesmo para defender o interese do porto da Coruña.

Por iso as infraestruturas de punta Langosteira e de Caneliñas únense á rampla de silos de automóviles de Vigo —como digo—, ao acceso ferroviario ao porto de Vilagarcía, ás melloras de operatividade para contedores de Marín. Todas esas obras foron asumidas de forma xeral polas propias autoridades portuarias e con cargo fundamental aos seus propios recursos económicos; cuestión que supón un importante esforzo económico e orzamentario por parte deses portos, desas autoridades portuarias e que deriva nun equilibrio difícil que só se pode manter como se fai grazas a unha mellora na xestión portuaria, consecución dun maior movemento de mercadorías e prestación de servizos. Claro, en Valencia, Sánchez acaba de dicirlle que toda esa xestión de todos os portos e todos os portos que hai en Galicia así como todos os esforzos non valen absolutamente para nada. Iso porque son do mesmo partido político.

Esas apostas e as súas correspondentes derivadas de custos realízanse no marco dunhas regras —como dixen antes—, dunhas regras sempre manifestadas polos distintos gobernos de España, e ademais nas que non se condonaba a débeda de ningún porto de interese xeral do Estado, condicións que eran idénticas para todos eles. Eu insisto en que cando a forma de chegar á Moncloa é a través dunha moción apoiada por partidos independentistas, apoiada por Podemos e tes que estar pagando favores non se pode facer un goberno serio e responsable.

Polo tanto, Sánchez rompe, en definitiva, as regras do xogo nun exercicio de compadreo político con Ximo Puig e dunha deslealdade absoluta co resto do territorio nacional. ¿E como?

Pois asumindo no Consello de Política Fiscal e Financeira a débeda xerada en Valencia pola Copa América e a Fórmula 1. Ademais, insisto en que é moi diferente ao que nós pedimos hoxe aquí para os portos galegos, que está baseado fundamentalmente nas infraestruturas e no aumento da competitividade, do que fixo o señor Sánchez con Valencia.

A nós parécenos unha absoluta aberración e unha irresponsabilidade. Nós cremos dende o Partido Popular de Galicia —e agardamos que todos os grupos desta cámara consideren o mesmo— que isto é unha discriminación aos galegos. Polo tanto, necesitamos que no Goberno central reaccionen e saiban que Galicia necesita ter cando menos o mesmo trato que teñen outras comunidades autónomas. ¿Ou van negarse vostedes a atender as necesidades de financiamento de punta Langosteira, o seu acceso ferroviario, a súa derivada de aproveitamento dos peiraos interiores da Coruña? ¿Van negarse vostedes a outorgar esa mesma equidade ao trato e á aposta polo acceso ferroviario á terminal rodada de Vigo? ¿Van negarse vostedes a verificar a igualdade de atención ao acceso ferroviario ao porto exterior de Ferrol ou pola propia infraestrutura de Caneliñas? ¿Ou van negarse a atender outras necesidades amosadas polos portos de Marín, de San Cibrao, de Vilagarcía? Estes portos son os que nos teñen que preocupar aquí neste parlamento e non o porto de Valencia. Pero vostedes, só por intentar emendarlle outro erro garrafal a Sánchez, son capaces de negarse e non apoiar os portos galegos de interese xeral. Polo tanto, se algo destaca dese goberno son as rectificacións, pero espero que aquí en Galicia o Partido Socialista manteña a súa liña de defender polo menos os intereses galegos.

Deberían anotar e aprender dos presidentes responsables e leais autonómicos —tamén do Partido Socialista—, que se reúnen e que falan en serio e con maiúsculas —como tanto lles gusta— de financiamento autonómico, como o de Aragón, o de Asturias, o de Castela-A Mancha, xunto co de Castela e León, A Rioxa e Galicia. Eses presidentes, que representan o cincuenta e un por cento da poboación de toda España, acordaron desenvolver unha estratexia común para falar de financiamento autonómico por consenso, para garantir os servizos públicos igualitarios, con independencia da comunidade autónoma da que esteamos falando, e desenvolver unha estratexia común tamén no que respecta o reto demográfico. É dicir, negociar todos sen privilexios, coas cartas sobre a mesa e non por detrás e —como dixen antes— comprando votos.

É así como se fai política, como nós entendemos a maneira de facer política, como hoxe cremos que dende este parlamento temos que demandar que os portos de Galicia non sexan discriminados. Polo tanto, nós pedimos en resumo —polo tempo que me queda— os tres puntos —vostedes xa teñen a PNL para saber o que realmente di— unha igualdade de trato e consideración entre as diferentes autoridades portuarias galegas con relación á de Valencia nos termos relativos ao financiamento e á asunción das débedas contraídas; pedimos achegar unha compensación económica semellante ás decisións adoptadas para o caso do porto de Valencia, que libere as autoridades portuarias galegas das cargas económicas xeradas para acometer investimentos e infraestruturas que melloren a competitividade e a situación económica laboral das comarcas nas que se atopan, que iso é o máis importante; e pedimos a celebración de consellos de administración extraordinarios para dirixirse a Puertos del Estado co obxectivo de dar vía libre para a liberación das débedas ou compensación en investimentos.

Agardamos o apoio unánime da Cámara porque cremos que isto é xusto para Galicia, porque cremos ademais que así teremos portos moito máis competitivos e portos preparados para o futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Moitas grazas, presidente.

A verdade é que estamos hoxe aquí asistindo a un inicio do cambio de estratexia política do Partido Popular que só se sustenta nun feito: o Partido Popular xa non goberna no Estado e entón agora empezan a mover a súa posición. E isto non é algo novidoso. Aquí estamos vendo unha práctica que é unha práctica moi vella, e é como os partidos estatais en Galiza cambian as súas posicións en relación de se están no goberno ou se están na oposición en Madrid. E isto é unha política negativa para este país.

Faime moita graza que agora cando un goberno negocia con outra forza política ou con outro goberno asuntos para o seu país é comprar votos, claro. Creo que o señor Rajoy negociou co PNV tres mil cincocentos millóns de euros para a aprobación dos orzamentos. (*Aplausos.*) Naquel momento era política de Estado. A min o que dá pena é que teñamos un presidente ausente que ao final fai o panoli, porque —hai que dicilo desta maneira— é incapaz de defender os intereses do noso país, e nunca defendeu nada. Claro, porque rescataron as radiais madrileñas, e aquí na AP-9 sóbennos as peaxes. O seu goberno cos señores do PNV negociou unha tarifa eléctrica vasca, e aquí sóbennos o prezo da luz e métennos un tarifazo. Claro, agora acórdanse de que o Estado nos debe cento oitenta e seis millóns de euros en dependencia, cando votaron ata dúas veces neste parlamento en contra de reclamarllo ao señor Rajoy. (*Aplausos.*) É que é todo unha auténtica tomadura de pelo. E o problema é que así nos vai.

Porque discriminación dos portos, discriminación dos portos, enterámonos agora. Claro, non querían falar do porto exterior da Coruña, e eu entendo que é un tema difícil para vostedes. Difícil porque no 2004 foi o señor Aznar co señor Fraga, co señor Feijóo loando iso e —tamén hai que dicilo— con Paco Vázquez os que fixeron un convenio que era unha discriminación en toda regra con Galiza. Porque é un porto exterior titularidade do Estado e vostedes asinaron un convenio dicindo que para financialo había que vender o borde interior da cidade da Coruña. E vén aquí o Partido Popular darnos lección de cohere... Que ¿que? Pero se vostedes cambian de opinión continuamente e o único que lles interesa son os votos e ser fieis á dirección do seu partido en Madrid. Porque mentres vostedes asinaban ese convenio vergoñento o Estado investiu setecentos millóns de euros nos portos de Xixón, investiu mil millóns de euros no porto de Valencia, en Barcelona mil trescentos, en Bilbao dous mil millóns, e agora acaban vostedes de descubrir a discriminación.

Que pena, señores e señoras do Partido Popular, que en maio, cando o BNG estaba defendendo neste parlamento que o Estado financiara o porto exterior, vostedes votaran en contra, porque, claro, gobernaba Mariano Rajoy, e non vaia ser que se incomodara e non vaia ser que defenderan Galiza. Agora está ben. ¡Benvidos e benvidas a que hai que defender os intereses de Galiza! A ver se isto serve para que o presidente se poña as pilas e empece realmente a facer algo, aínda que sexa por oportunismo, para defender os intereses deste país.

E nós, efectivamente, no BNG imos ser coherentes e imos seguir defendendo exactamente o mesmo, porque, si, Galiza non pode estar discriminada; non podía estar discriminada co señor Rajoy e tampouco cremos que poida estar discriminada co señor Sánchez.

E na nosa emenda cremos que hai que concretar exactamente como hai que facer esas cousas. Entón, nós dicimos que si, que o porto exterior da Coruña o financie o Estado ao cen por cento, porque é unha obra estatal que nos prometeron —por certo, despois do *Prestige*—, e non pode ser que o Estado non puxera nin un só euro para financiar un porto que é da súa titularidade.

Tamén, desde logo, cremos que hai que poñer sobre a mesa outras necesidades máis concretas. Efectivamente, investimentos noutros portos, como é o porto de Vigo. E para isto tamén é importante que os señores e as señoras do Partido Popular e das outras forzas políticas se poñan as pilas. E nós, aos que nos gustaría chegar a un acordo neste tema, cremos que, para o que aquí se vote e logo teña solidez, as forzas de ámbito estatal teñen que comprometerse a defender o mesmo en Madrid. E agora que se están negociando os orzamentos, por exemplo, o señor Feijóo pode dicir que compromete o apoio dos deputados e das deputadas do Partido Popular a cambio de que haxa investimentos e un trato xusto para o noso país, por exemplo, en materia portuaria. ¿Ou os deputados e as deputadas do PP se isto se consegue van votar en contra deses orzamentos? Estaría ben que nolo dixeran. Nós cremos que ten que ser unha posición xeral que este parlamento lles exixa aos deputados e ás deputadas.

E, por último, se queremos saír desta roda na que estamos sempre coa discriminación, con que o Estado tirirí, tarará, sería lóxico que tiveramos algo máis de ambición de país. E por iso nós propoñemos que solicitemos a transferencia dos portos do Estado a Galiza, porque o Estado fai un gran negocio con eses portos. E nós cremos que son base para poder poñer en marcha un sistema portuario galego, que nos permita tomar as decisións importantes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MODELO: ...e non estar ao albur destes pimpampums bipartidistas, que, de verdade, son aburridos e, sobre todo, inútiles para este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Bo día.

Señora Egerique, despois do papelón que están a facer en Vigo, vaia papelón o de hoxe tamén para defender, polo menos polo de agora e dende esa perspectiva, esta PNL. Falaba dos cen días de Pedro Sánchez, que vexo que lles preocupan moito porque no fondo eu creo que aínda seguen sen entender e sen compartir que no parlamentarismo europeo e no parlamentarismo español se pode acceder ao goberno como se accedeu ao goberno. Seguen sen entendelo, e por iso lles custa tanto asumir un Goberno progresista, por iso lles custa tanto.

¿Sabe que fixo en cen días Pedro Sánchez e o Goberno central respecto de Valencia? Tapar o burato que fixeron nas contas de Valencia (*Aplausos.*) cos temas da Fórmula 1, cos temas da Copa América, incluso tangaron o papa. Son cousas tremendas o que fixeron na Comunidade Valenciana, con Zaplana, con Cans, con Rita Barberá. (*Murmurios.*) Iso é un compromiso que tiña que asumir o Goberno central para axudar a Comunidade Valenciana.

De todas formas, señores do Partido Popular, creo que non convén entrar en debates ou discriminacións territoriais, porque aí xa sabemos cales son as dinámicas de confrontación territorial, entre, por exemplo, temas de AVE, temas de corredor mediterráneo, etc.

É certo —como se dicía— que o que estamos a sufrir é a máxima incapacidade e a falta absoluta de competencia do presidente Feijóo para posicionar Galicia en España, agora e durante sete anos de goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Pero parece ser polo que estamos falando á hora de transaccionar un grande acordo, porque creo que podería e debería saír un grande acordo pola cidade e polo porto da Coruña, que incluso o Partido Popular na defensa desta PNL debería rectificala para reconducir esa posición a ese grande acordo que poderíamos acadar.

E nese sentido, indo ao primeiro parágrafo expositivo da PNL que presentaron para este debate, negariamos a maior. Negamos a maior no sentido de que din que durante os últimos anos o Grupo Popular no Parlamento de Galicia vén apoiando de diversos xeitos —non sei cales— a construción e o desenvolvemento do tecido portuario galego. Non é certo. Nego a maior desta PNL.

Nós, en todo caso, dende o Partido dos Socialistas de Galicia, dende o Partido dos Socialistas na Coruña e por suposto será así dende o Goberno central, incluímos unha cláusula nese grande acordo precisamente para que se impulsen dende o Goberno central —e así o exixiremos— os plans de investimentos necesarios para todas as autoridades portuarias de Galicia, tanto para cubrir os investimentos necesarios con fondos estatais como incluso para cubrir cargas financeiras contraídas para levar adiante eses investimentos.

Por certo, tamén foron gobernos do señor Rajoy os que acordaron cesións gratuítas de portos de interese xeral. Non foi o caso do porto da Coruña. Realmente, a xestión do Partido Popular neste caso no porto da Coruña —porque é o que utilizan para traer á colación esta PNL,

porque se non eu creo que non terían interese en falar de portos de interese xeral nesta cámara—, a xestión do Partido Popular en materia de portos e de portos de interese xeral é unha historia dun fracaso continuado, polo menos polo que respecta a punta Langosteira. E sabemos perfectamente que os fracasos como temos anunciado ou recordado daquel anuncio do grupo chinés B3, que prevía investir douscentos setenta millóns, da gran foto de Pemex (*O señor Díaz Villoslada amósalle á Cámara un folio cunha foto.*), esta é a gran foto de Pemex, este era o gran futuro de punta Langosteira no acordo de Pemex por parte do señor Feijóo. Tamén nos gustaría saber— como temos dito— como van as negociacións da instalación de Oil Coruna Deposit, para investir máis de trinta millóns de euros e ocupar o vinte e cinco por cento de punta Langosteira. Espero que o señor Enrique Losada nalgún momento dea contas da súa xestión á fronte da Autoridade Portuaria da Coruña, quen máis que dirixir un porto de interese xeral parece que quere intervir na cidade.

Non vou relatar, porque están aquí os informes do Tribunal de Cuentas de fiscalización dos exercicios 2012, 2013 e 2014 da Autoridade Portuaria da Coruña. Por certo, (*O señor Díaz Villoslada amósalle á Cámara un folio.*) estas son as contas do Porto da Coruña do 2017, e poderemos incluso ver como a xestión do Partido Popular o único que fixo foi incrementar máis a débeda, porque resulta que parece ser que das obras do túnel están pendentes de reclamar máis de dez millóns de euros.

Señora Egerique, creo que non é exemplo da xestión do Partido Popular en materia portuaria de portos de interese xeral o que están reflectindo a evolución das contas e da incapacidade da xestión dos gobernos populares na Coruña, en Santiago e en Madrid...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...para cubrir as necesidades do porto.

En todo caso, nós estamos dende o Partido Socialista en condicións, por suposto, de chegar a un grande acordo para defender o porto da Coruña e para defender as medidas necesarias que garantan a viabilidade e a sostibilidade do porto. Os socialistas estivemos aí en 2004, e durante vinte e tres anos demostrámolo dende gobernos na Coruña, en Santiago e dende Madrid, e volverémolo demostrar, estean seguros. O Partido Popular non pode dicir o mesmo.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Ben, antes de nada aclarar dous conceptos:

Primeiro, onte na nosa proposición non de lei non falabamos só do porto da Coruña, falabamos dende unha visión xeral do que debe de ser unha actuación para non consentir

un agravio comparativo, que pode ser se non hai unha actuación análoga á que se fixo con Valencia, e especificamos a situación da Coruña porque en canto á débeda non hai outra situación análoga en Galicia. A débeda do porto da Coruña son trescentos oito millóns, un préstamo de doscentos millóns; a débeda do porto de Vigo é de 21,4 millóns, un préstamo de nove millóns de euros. Non hai comparación, o porto de Vigo ten outros problemas que hai que atender e nós tamén o pedimos, pero non hai comparación.

Despois outro concepto que me gustaría aclarar é que o problema, señora Egerique, non é a actuación de Ximo Puig, non é. El exerceu como presidente dos valencianos e das valencianas e defendeu os intereses dos valencianos e das valencianas. O problema é a non-actuación do señor Feijóo, nin co Goberno Rajoy nin co Goberno socialista, que non exerceu como presidente dos galegos e das galegas e que exerceu como militante do Partido Popular. ¡E así nos pintou o pelo!

Porque falando de agravios, os agravios non comezan agora, non comezan co Goberno socialista. Os agravios Galicia sufriunos nestes anos de gobernos populares en Madrid e en Santiago coas autoestradas, co rescate das radiais, mentres que temos que soportar os prezos da AP-9, subindo e subindo, unha vía que une todo o país de norte a sur. Iso si que é un grande agravio. E o señor Feijóo non dixo nin mu. Tivemos que soportar o agravio de que se traspasasen autoestradas catalás e vascas e se negase o acordo unánime deste parlamento para traspasar a AP-9, con métodos ademais antidemocráticos, manipuladores e mentireiros. ¡Claro que había agravios! Agravios gravísimos.

E agravios houbo tamén dentro do país, porque outra das cuestións que denotan estes debates é a falla de proxecto de país. E aí é onde nace o xogo do localismo, onde non se pode dicir o mesmo na Coruña que en Vigo. E mentres as forzas políticas non poidan dicir o mesmo na Coruña que en Vigo, así nos irá, así nos irá sen proxecto de país.

Porque vostede falaba que defenderon a competitividade e o funcionamento dos portos galegos. Os datos non din iso. Falamos moito do aeroporto de Porto e a súa competencia con Vigo, coa Coruña e con Santiago. Pero podemos falar do porto de Leixões tamén e dos datos, que non deixa de medrar. Só ese porto move máis mercancía que todos os portos galegos, e está comendo terreo a pasos axigantados. Mentres que aquí o Goberno sempre segue instalado no discurso localista, incapaz de manter o mesmo discurso na Coruña que en Vigo. E mentres iso pase pagamos todos un custo enorme. Porque os datos aí están, e os datos non son casualidade, son porque as infraestruturas se pensan en clave de país, e aquí non, aquí as infraestruturas pénsanse en clave local, da miña leiriña. E iso pasa factura a todos os portos galegos, que perden a pasos axigantados posicións con Leixões.

¿Que fixo o Partido Popular dende o Goberno central e dende a Autoridade Portuaria o señor López Veiga sobre a conexión Ro-Ro en Vigo e sobre a conexión Vigo-Porto?, ¿que se fixo?, ¿que se adiantou niso?

Falando de agravios, ¿por que Ferrol ten que pagar a súa conexión ferroviaria cun préstamo dos fondos de accesibilidade? Aquí vemos (*O señor Sánchez García amósalle un folio cunha foto á Cámara.*) o señor Rey Varela, futuro candidato do Partido Popular, e Diego Calvo, tamén

nesta foto, presumindo dun préstamo, cando a conexión ferroviaria do porto da Coruña xustamente se acadou cun acordo para que fose financiada con fondos estatais.

Os agravios están aquí, porque aquí non hai proxecto de país. Seguimos coas pelexas entre: cando eu estou na oposición, ti estás gobernando, e cando eu estou gobernando, ti estás na oposición, cando eu son de Vigo ou eu son da Coruña... E non temos unha proposta para todo o país. Iso é o que tristemente acontece. ¡E así nos vai cos datos dos portos galegos!

Polo tanto, claro que estamos a prol de que Galicia non se discrimine, non haxa ese agravio; claro que estamos de acordo niso, pero sen trampas e sen disfrazar a realidade dos últimos anos. Foi Feijóo un presidente ausente cando houbo que dicir e defender os dereitos dos galegos e das galegas, ausente totalmente. E aí están os resultados.

Por iso presentamos a nosa emenda. A nosa emenda creo que vai en parte no sentido do que presentan, en parte só, pero a nosa emenda aporta cuestións diferentes, concreta máis, e agardamos a súa resposta ante as nosas emendas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Ben, grazas, presidente.

Señora Pontón, xa lle dixen que non somos iguais. Ademais vostedes agora non teñen representación en Madrid, pero apoiaron nun momento determinado os orzamentos do señor Zapatero, con decisións ademais de agravios tamén para Galicia. E se estiveran ademais en Madrid estarían apoiando probablemente e con toda seguridade este goberno, como o están facendo o resto dos partidos nacionalistas.

Polo tanto, non somos iguais tampouco porque no período de goberno de Mariano Rajoy, do Partido Popular, nunca se fixo un agravio destas características cos portos de Galicia, condonándolle unha débeda a Valencia, e ademais como di vostede pola Fórmula 1 e por diferentes eventos, que non fixemos no Partido Popular de Galicia, por certo. *(Murmurios.)*

O Partido Socialista di que teño que facer un papelón. Eu non fago ningún papelón, eu defendo os intereses de Vigo aquí, defendo os intereses de Galicia en xeral aquí. E o papelón é o que fan vostedes con referencia á cidade da Coruña, o que fan vostedes con referencia á cidade de Vigo, o que fan vostedes no Parlamento de Galicia. ¿Onde está o Partido Socialista de Galicia? Nós non sabemos que intereses queren defender vostedes, pois modifican os votos, modifican as peticións.

Miren: nós mantivémonos sempre no mesmo sitio con referencia aos portos, con referencia á transferencia da AP-9. Porque o señor Sánchez falaba de que Feijóo non defende os intereses de Galicia. Levamos solicitando a transferencia da AP-9 sempre co mesmo voto, o

señor Feijóo dende que é deputado e incluso presidente da Xunta. E como non hai tratos de favor —que é o fixo Sánchez con Ximo Puig—, porque é un trato de favor en bandexa, pois temos que esperar a que os trámites sexan os que haxa. É a responsabilidade por parte do Partido Popular no Goberno de España e responsabilidade por parte do Partido Popular de Galicia aquí no Parlamento e na propia Xunta de Galicia.

Polo tanto, non nos metan no mesmo saco En Marea e o Bloque, porque non somos o mesmo. E vostedes verán no Goberno de Sánchez —como xa o están vendo— como van pasando as decisións, van pasando as rectificacións e van cometendo agravios para Galicia, que xa se están vendo no referente á AP-9, no referente aos portos galegos, no referente ao AVE, etc. Nós mantemos sempre a mesma posición e seguiremos manténdoa.

Con respecto ás emendas, eu creo que as emendas que presentan os tres grupos teñen unha esencia moi similar á transacción que imos votar e aprobar coa PNL que presentou En Marea. Eu creo que esta PNL é un tema basicamente de xustiza e que engloba ademais todos os portos de interese do Estado en Galicia. E creo que coa votación da PNL de En Marea, que creo que imos apoiar na Cámara, quedan recollidas as dúas sensibilidades. Polo tanto, nós imos manter o texto como o temos sen aceptar as emendas, crendo que a que presentou de En Marea e coa transacción que se vai facer xa recolle esa esencia que queren vostedes plantexar tamén nesta PNL.

Pola nosa banda, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez.

Hai unha proposta de transacción. Se nola le.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vouna ler, aínda que a coñecen todos os portavoces; é algo extensa.

O señor PRESIDENTE: ¿É moi longa?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Léoa, léoa:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno central para que impulse os plans de investimentos de Portos do Estado en Galicia, así como as necesarias medidas normativas e orzamentarias que garantan

ás autoridades portuarias galegas os necesarios mecanismos de financiamento dos programas de investimento previsto en cada unha delas e a asunción das cargas financeiras contraídas pola execución das infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.

2. En relación coa situación da Autoridade Portuaria da Coruña, e dada a súa especial relevancia, tanto en termos de débeda como das previsións para a súa amortización en relación coa venda de terreos da súa fachada marítimo-portuaria:

2.1. Instar o Goberno do Estado a condonar o préstamo concedido por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de punta Langosteira, ou, se for o caso, conceder as axudas económicas equivalentes ou as medidas procedentes que se acorden, conducentes, en calquera caso, á amortización efectiva e global do dito préstamo, acordando para isto a aprobación dos actos e disposicións normativas e orzamentarias que correspondan para o exercicio 2019.

2.2. Instar o Ministerio de Fomento a convocar, no menor prazo, a Comisión de Seguimento do Convenio de febreiro de 2004 co fin de negociar un protocolo de colaboración que teña por obxecto a revisión dos convenios de 2004 e, con ela, a do PXOM do 2013, sobre o fundamento e a definición dun novo horizonte litoral e portuario para a cidade, baseado nos seguintes principios: titularidade e xestión pública dos terreos, equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios complementarios.

2.3. Instar o Ministerio de Fomento, Portos do Estado, a Autoridade Portuaria, o ADIF, o Concello da Coruña e a propia Xunta de Galicia a constituír un ente público como forma de participación e xestión dese novo horizonte litoral.

2.4. Instar o Ministerio de Fomento e Portos do Estado a impulsar e financiar a execución da conexión ferroviaria do porto exterior de punta Langosteira sen aportación económica da Autoridade Portuaria da Coruña e, para tal efecto, demandar a inclusión do orzamento axeitado suficiente, tanto no Plan de investimentos de Portos do Estado e o ADIF como na Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019, de xeito que poida ser licitada no primeiro semestre do dito exercicio. Do mesmo xeito, instar o conxunto das administracións e entidades portuarias estatais competentes a incrementar os esforzos na plena operatividade, conectividade e promoción internacional do porto exterior.

3. Que solicite, a través dos seus representantes no Consello de Administración das Autoridades Portuarias Galegas, a celebración de cadanseu consello de administración extraordinario para que formalmente se dirixan ao Ministerio de Fomento e a Portos do Estado co obxectivo de demandar o sinalado nos apartados 1 e 2 do presente acordo.

4. Trasladar o presente acordo ao Concello da Coruña, ao Ministerio de Fomento, a Portos do Estado e ás autoridades portuarias dos portos de interese xeral do Estado en Galicia e ao ADIF, así como ás Cortes Xerais e aos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado.»

O señor PRESIDENTE: Votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co protocolo asinado o 18 de abril de 2018 co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria sobre os terreos do porto da Coruña, a revisión dos convenios portuarios de 2004 e a proposta do Concello da Coruña ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Francisco Casal.*

Non se aceptaron as emendas, salvo a súa autoemenda.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do tratamento que se lle está a dar na CRTVG aos contidos informativos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado.*

Foron aceptadas as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque e de En Marea, e non a do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a aplicación pola Xunta de Galicia das propostas do informe do Defensor del Pueblo en relación coa atención ás persoas con enfermidade mental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.*

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que hai que tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do deputado Calvo Pouso.*

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

(Unha señora deputada pide a palabra.)

Perdón, ¿para que quere a palabra?

(Unha señora deputada pide a votación por puntos, de ser posible.)

(O señor Santalices Vieira diríxese ao señor Calvo Pouso.)

O señor PRESIDENTE: Vostede saberá.

O señor CALVO POUSO: ¿Desde aquí?

O señor PRESIDENTE: ¡Home!, dígame si ou non, e xa está.

O señor CALVO POUSO: Era moi brandiña. Ímola votar toda xunta. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Vale, non se acepta.

Votamos tal como está.

(Murmurios.) (Risos.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado en relación coas centrais térmicas de carbón das Pontes e Meirama.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noela Blanco.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores e para a súa axeitada atención.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Egerique.

Non se aceptaron as emendas dos outros grupos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central referido á asunción da débeda financeira xerada no porto de Valencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41, abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor, que remataron as votacións.

Pasamos ao punto 6 da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señor conselleiro.

En realidade contaba con que viñera o responsable na materia, pero, ben, calquera persoa do Goberno é benvida para que nos poidan contestar.

Hoxe o Grupo Parlamentario do PSdG facemos unha interpelación sobre un asunto que vostede coñece perfectamente. —Insisto en que a verdade é que estaba pensando en que era o responsable da Administración local, pero seguro que vostede tamén o coñece perfectamente—. Vimos unha vez máis pedirlle explicacións sobre o xeito de actuar que ten o Goberno da Xunta de Galicia, do Partido Popular, respecto dos concellos galegos, o xeito de xestionar o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia os recursos de todos e todas as galegas en determinados gobernos municipais dependendo da súa cor política.

Unha Xunta de Galicia na que o señor Rueda foi vicepresidente e conselleiro durante nove anos ininterrompidamente. ¡Nove anos, señor conselleiro, en que o conselleiro e vicepresidente ten unha responsabilidade en Administración local continuada e ininterrompida! E, polo tanto, nós preguntámoslle se vostede cre que despois de nove anos —nos que digo que levan gobernando ininterrompidamente con maioría absoluta— poden ter algunha razón na que escudarse para non ter achegado aos concellos galegos máis recursos que lles permiten atender axeitadamente as demandas da súa veciñanza.

Señor conselleiro, as reivindicacións dos concellos galegos hoxe son as mesmas que hai nove anos. Nada mudou porque nada mellorou para os concellos galegos no seu conxunto. (*Aplausos.*) O Goberno da Xunta de Galicia, do Partido Popular, emprega o financiamento local coma unha ferramenta electoral a favor do seu partido. ¿Vostede cre, señor conselleiro, que os homes e as mulleres deste país poden ter un trato diferente por parte da Xunta de Galicia dependendo do concello no que vivan e, polo tanto, dependendo de quen sexan os seus gobernantes? ¿Vostede cre, señor conselleiro, que os concellos galegos se atopan nunha situación financeira boa como para prescindir de máis de corenta e tres millóns de euros que a Xunta de Galicia deixou sen executar no exercicio 2017?

Señor conselleiro, dende que o PP goberna na Xunta de Galicia, na nosa comunidade —dende 2009 a 2018, é dicir, en nove anos—, perdemos máis de noventa e cinco mil persoas. Temos o crecemento vexetativo máis baixo de todas as comunidades autónomas. Temos un indicador conxuntural de fecundidade por comunidade autónoma de 1,12 fillos por muller, sendo os terceiros empezando pola cola. E temos un índice de envellecemento para este exercicio 2018 de 195,21. É dicir, que por cada cen menores de dezaseis anos temos cento noventa e cinco maiores de sesenta e catro anos. E, como vostede ben sabe, temos unha realidade, unha estrutura municipal, que son trescentos trece concellos, dos que douscentos noventa e un teñen menos de vinte mil habitantes. E temos, segundo a Xunta de Galicia, tres mil quiñentas parroquias catalogadas como zonas pouco poboadas. Polo tanto, vostede sabe perfectamente que a dispersión e o avellentamento son dous dos problemas máis importantes do noso país. ¿Verdade que o sabe, señor conselleiro? Pola súa cara xa vexo que si, que comparte comigo esta afirmación. E, polo tanto —como dicimos moitas veces—, as políticas públicas teñen que ir dirixidas ao territorio e á poboación sobre os que actúan.

¿Considera vostede, señor conselleiro, que con estes datos podemos perder, deixar sen executar, corenta e tres millóns de euros para que os concellos poidan levar adiante as políticas necesarias que lles permitan promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das comunidades veciñais, tal e como establece a Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local, aprobada polo Partido Popular? ¿Este é o xeito que ten de gobernar o Partido Popular para mellorar as condicións de vida dos homes e das mulleres que viven no noso territorio? ¿Este é o xeito de evitar a sangría demográfica que estamos a padecer en Galicia, agravada durante estes últimos anos coas políticas de austeridade do Partido Popular?

Os concellos —sábeo vostede, señor conselleiro; sábeo todo o Goberno da Xunta de Galicia— foron, na súa gran maioría, os que permitiron que a situación de emerxencia social non se desbordara, foron os que evitaron a exclusión social e a exclusión económica da parte máis vulnerable da nosa sociedade. E os concellos foron os que permitiron que homes e mulleres do noso territorio non perderan ata a súa dignidade nos anos máis duros da crise. (*Aplausos.*) Mentres, a Xunta de Galicia cadraba contas. Vostede sábeo perfectamente e en primeira persoa. Vostedes eran o alumno máis avantaxado de Mariano Rajoy: contas fronte a persoas.

Mire: a xestión da Xunta de Galicia cara aos gobernos locais durante estes nove anos é que o Fondo de Cooperación Local en 2018 é de tres millóns menos que no 2009; que o Fondo de Cooperación Local —na súa parte adicional— pasa de ser un fondo non condicionado a un

fondo condicionado; que o crédito consignado no título V dos orzamentos se reduciu en máis de setenta e catro millóns de euros; que nestes nove anos, durante sete, non convocaron nin unha soa vez a Comisión Galega de Cooperación Local; que votaron en contra dunha iniciativa traída polo noso grupo parlamentario para aprobar unha lei de financiamento local que recollía as demandas aprobadas dentro do seo da Fegamp, que —como vostede ben sabe— é onde están representados todos os grupos políticos. E aprobaron varias leis neste parlamento sen que levaran aparelado o correspondente financiamento local, tal e como establece o artigo 25 da Lei de bases, que foi modificado tamén pola Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local, aprobada e promulgada polo Partido Popular. Unha vez máis, o PP lexisla para que cumpran outros. É dicir, a Xunta invita e, novamente, os concellos son os que pagan. Vostedes aproban leis e públicas, pero téñolles que recordar, unha vez máis, que coa publicación non se executan; hai que aprobalas, promulgalas e despois executalas para que realmente teñan accións sobre a cidadanía ou sobre o territorio.

Señor conselleiro, vostedes son capaces —sen ningún pudor— de convocar subvencións en concorrencia non competitiva e esgotar os créditos o mesmo día en doce minutos. Señor conselleiro, ¡en doce minutos! ¿A vostede parécelle que ten algún sentido que a Lei de transparencia e bo goberno estea aprobada e que vostedes aludan continuamente a esta lei cando publican unha convocatoria de subvencións e esgótanse en doce minutos? Vostede sábeo —está publicado—: o 4 de maio de 2018 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio convoca, en concorrencia non competitiva, axudas para a creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para 2018, dotadas con máis de catro millóns de euros. Publícase —repítolle: DOG do 4 de maio—, inicia o prazo de presentación o 5 de maio, e ás 00.12.18 horas do 5 de maio está esgotado ese crédito, segundo informa a propia Consellería.

Dígame, ¿ás cero horas do día 5 estaban os concellos rexistrando as súas solicitudes? ¿Cales son os concellos que rexistraron ás cero horas as súas solicitudes? Porque ademais esas solicitudes tiñan que ir acompañadas de documentación —como vostede sabe—, e esa documentación era: declaración responsable, certificacións de secretaría e memorias xustificativas no caso de obras, proxectos e anteprojectos, que teñen que ter —como mínimo— memoria, orzamento e planos, e, no caso de equipamentos, memoria e orzamento. ¡Home!, cando menos soa un pouco estraño, ¿verdade que si, señor conselleiro? Soa bastante estraño. Sabemos —non o podemos demostrar, pero estaremos máis atentos— que determinados concellos, que se corresponden coa cor política de quen goberna na Xunta de Galicia, tiveron avisos. E se non, doutra maneira, non é posible, e xa temos outras experiencias, señor conselleiro. Estaremos pendentes de cando se publiquen cales foron os concellos beneficiados polo Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia. Estaremos moi atentos. Xa tivemos este mesmo problema co Plan Hurbe e xa tivemos o mesmo problema cunha convocatoria de subvencións feita pola Vicepresidencia e Consellería de Administracións Públicas.

¿Quérennos explicar por que non todos os concellos galegos teñen o mesmo dereito ou a mesma oportunidade para optar a determinadas subvencións? (*Aplausos.*) ¿Cales son as razóns que agochan? ¿Cales son as razóns máis que facer política dende o propio Goberno da Xunta de Galicia cos seus concellos? Explíquenos, de verdade, señor conselleiro, porque a nós cústanos bastante traballo entendelo.

O criterio de distribución do Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular é segundo conveña: se agora me convén que veñan os meus, saco en concorrencia non competitiva, avísosos previamente e ás cero horas están rexistrando.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Claro, así é imposible que o resto dos concellos teñan as mesmas oportunidades. ¿Quérese dicir que as persoas, os veciños e as veciñas que vivimos naqueles concellos que non son agraciados con estas subvencións non temos os mesmos dereitos?...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...¿que non temos os mesmos problemas?

Espero a súa resposta.

Moitas grazas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente en funcións.

Señoría, interpélame en relación coa política do Goberno galego sobre o financiamento das entidades locais e formula tres cuestións ás que tratarei de dar cumprida resposta.

Respecto da execución, o primeiro que quero explicar é que os fondos que distribúe o Goberno galego aos concellos poden agruparse en dúas categorías: por un lado —como ben coñece—, están os fondos incondicionados —fixo unha referencia tamén en parte da súa intervención—, que integran o Fondo de Cooperación Local, e sobre os que as entidades locais non teñen que realizar ningún tipo de xustificación ao Executivo autonómico; e, por outra parte, están os fondos condicionados, que se distribúen mediante convenios e subvencións —tamén fixo referencia na súa intervención—, e que están suxeitos a determinados niveis de xustificación por parte das entidades locais ante a Xunta de Galicia, no cal —permítame que lle adiante— creo profundamente, porque na xestión de fondos públicos creo que todas as precaucións son poucas. Iso non quere dicir que inhabiliten todo o tema de xestión e que non o poidamos facer entre todos mellor.

Dito isto, o que quero salientar é que no caso dos incondicionados, como o Fondo de Cooperación Local, o Goberno galego transferiulles aos concellos o cen por cento dos compromisos de acordo coa normativa. En canto aos condicionados, existen razóns que provocan que teñan un ritmo de execución inferior ao dos incondicionados, aínda que, con todo, os fondos condicionados acadaron unha execución do 80,9 %.

Hai que lembrar que estes fondos se destinan, en parte, a financiar gastos correntes, tamén —como ben coñece— gastos de capital. E no caso das transferencias correntes que financiamos, os gastos correntes dos concellos tramítanse por medio de convocatorias de axudas e convenios —algunha referencia tamén fixo vostede— con distinto tipo de modalidade. A súa preparación, unha vez aprobadas as subvencións de execución dos proxectos, e a posterior xustificación dilatan en certa medida o recoñecemento das obrigas pola nosa parte.

No caso das transferencias de capital e convenios que financian investimentos, aos condicionantes anteriores engádense tamén a tramitación da contratación das obras e a necesidade do cumprimento escrupuloso —e así seguirá sendo— da normativa, que contribúen, obviamente, a atrasar a liquidación dos proxectos. Sen embargo, hai que ter en conta que unha parte dos fondos condicionados ten a súa orixe tanto en fondos do Estado como europeos, e que son incorporables polo seu carácter plurianual, posto que isto significa que non se perden os ditos fondos.

En calquera caso, e tendo en conta todos estes condicionantes, a execución orzamentaria dos fondos comprometidos coas entidades locais en 2017 foi do 94,7 % sobre os créditos iniciais. Tendo en conta que a Lei 3/2017, que aprobamos neste parlamento —xa pasado mediados de ano—, provocou un incremento e tamén unha forma distinta dos créditos, iso lévanos a un 87 % sobre o orzamento vixente.

Lembremos que a Lei 3/2017 entrou en vigor —como lle dicía— o 15 de xullo, polo que, operativamente, os prazos para a execución de actuacións suxeitas a xustificación foron bastante máis curtos que os que soen ser os habituais. Tendo isto en conta, desde o Goberno galego ampliamos os prazos previstos en moitas —non en todas, pero en moitas— das liñas de subvencións, e do que viña sendo normal —ata o 30 de setembro— diferimos o prazo inicial ata o 15 de novembro. Isto tivo como consecuencia, nalgúns casos, que non se completara a execución orzamentaria durante o exercicio.

Para os trámites de comprobación, os concellos —como ben coñecen— dispoñen dun prazo de dez días hábiles —normalmente desde a recepción dos requirimentos—, e, como exemplo, unha vez completada a documentación xustificativa realizamos visitas de comprobación in situ. Isto é moi importante, sobre todo polo que ten que ver cos investimentos que se deducen do FEDER, que nos leva a realizar visitas in situ ao cen por cento dos investimentos, e no caso do Fondo de Compensación Ambiental, que —como ben coñece— tampouco se perde, ás actuacións que superan os seiscentos mil euros. Sinalo todo isto para que se vexa tamén a complexidade que temos respecto da execución orzamentaria, non tanto inducida desde a Xunta, senón tamén polo tipo de investimentos —ou non-investimentos— dos que estamos a falar.

En segundo lugar, tamén me preguntaba vostede —das tres preguntas que facía—, se o Goberno galego considera que os concellos están suficientemente financiados. O que lle teño que dicir en primeiro lugar, e como non pode ser doutro xeito, é que o primeiro que defendemos desde a Xunta de Galicia é a autonomía local. Pero, ao mesmo tempo, facemos o mesmo fincapé no tema da suficiencia das facendas municipais. Debemos lembrar que o

ordenamento xurídico establece un sistema financeiro de carácter mixto, integrado tanto por medios propios como alleos, que son os que garanten esa suficiencia financeira á que me refería, e que a autonomía financeira leva consecuentemente aparelhada unha corresponsabilidade fiscal. Os municipios, polo tanto, teñen que axustar a súa capacidade e os seus ingresos en función das súas necesidades.

Creo que Galicia foi unha das comunidades pioneiras en fixar un modelo de participación estable das entidades locais nos tributos autonómicos. Temos unha garantía de mínimos, unha verdadeira participación en ingresos á que está vinculada a recadación tributaria da Facenda autonómica, que é obxectiva e incondicionada na súa aplicación, facendo, polo tanto, unha firme defensa da suficiencia financeira das entidades locais, como consagra a nosa Constitución.

Polo que respecta ao Goberno galego, o noso compromiso de financiamento ás entidades locais é claro. Na Lei 8/2017, de orzamentos da Comunidade Autónoma para este ano 2018, incluímos 360,7 millóns de euros asignados ás corporacións locais, o que —por simple reflexo do que era a época de crise— supón un 30,2 % máis do que foi no ano 2014.

Como xa me referín ao principio, os créditos distribúense entre o Fondo de Cooperación Local e o destinado aos distintos convenios e subvencións, con multitude de consellerías e de xestores que ten a Xunta de Galicia.

Con toda probabilidade, o financiamento local —teño que recoñecelo— é nalgúns casos insuficiente, pero no momento actual o estado da situación é que desde o Goberno de España deberíamos, entre todos, definir o novo modelo de financiamento, tanto polo que respecta á parte local como tamén polo que respecta á parte autonómica. Creo que é o momento de gañar entre todos. O próximo paso será a nosa relación para coa Administración local na parte cuantitativa; non así na cualitativa, porque desde a Xunta creo que estamos a facer ese esforzo económico de máxima colaboración cos concellos.

Pregunta tamén, en terceiro lugar, se imos acometer este ano o financiamento local. A Xunta —como lle dixen— e a Fegamp estamos a colaborar —creo— de modo permanente na defensa dos intereses municipais. Quero salientar que as relacións institucionais —permítanme a expresión— son case inmellorables; case, pois todo se pode mellorar, pero estamos moi cerca dunha relación fluída.

E en materia de financiamento local, sabe que o diálogo entre estas institucións ten lugar na Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro, dentro da Comisión de Administración Local. Neste momento, co avance dos traballos da dita subcomisión, está pendente, por parte do Estado, esa definición dos modelos autonómico e local. E cando teñamos esa certeza de recursos, non lle caiba a menor dúbida de que será a nosa intención —como creo que vén sendo habitual nestes nove anos— chegar a ese acordo cos seus representantes a través da Fegamp.

Tamén hai que valorar moito a composición que ten a Fegamp en todos estes temas, onde teñen distintos tipos de técnicos e expertos en distintas materias. Pero sempre debemos de

lembrar que a Fegamp ten a súa relación tamén coa FEMP e o que considere que significa a primeira derivada en termos de financiamento local.

Pero si consideramos que o obxectivo ten que ser, na futura reforma dese sistema de financiamento local, que se reflicta axeitadamente a existencia de elementos diferenciais que son propios dos nosos concellos, os cales inciden substancialmente no custo da prestación dos servizos que, en principio, son da súa competencia. Para iso sempre contará co apoio da Xunta de Galicia, tanto técnico como financeiro, e así o estamos a facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Martínez.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor conselleiro.

Insisto en que eu contaba co señor Rueda, que ten coñecemento, non porque vostede teña menos —non é esa a miña intención—, senón simplemente porque xa coincidimos nalgúns temas de ámbito local.

Vostede fálame de que hai subvencións condicionadas e outras que non son condicionadas, e de que teñen transferido o Fondo de Cooperación Local ao cen por cento. ¡Home!, eu dígolle que só faltaría que non transferiran o Fondo de Cooperación Local no cen por cento a todos os concellos galegos. Non sei onde está ese mérito. (*Aplausos.*) O que si lle podo dicir é que as diferenzas no xeito de gobernar non se demostran con bo talante —que vostede o ten; aínda que ás veces me di que eu me exaspero un pouco, pero vostede é moito máis tranquilo ca min (*Risos.*)—, senón que se demostran con feitos.

O Fondo de Cooperación Local, cando o Goberno de Emilio Pérez Touriño —ese bipartito que vostedes deostan moitas veces e ao que aluden continuamente—, estaba a principios do 2006 en algo máis de noventa millóns de euros. Ben, collemos o Goberno en 2005 e o 20 de xaneiro de 2006 firmouse o Pacto local. O Pacto local tivo unha incidencia diferente, porque despois xa non nos tocou a nós implementar unha boa parte, senón ao Goberno do Partido Popular; por iso hoxe, despois de nove anos, aínda estamos a falar do desenvolvemento dese Pacto local. Pero a realidade é que, durante o Goberno de Emilio Pérez Touriño, o Fondo de Cooperación Local se incrementou en vinte e catro millóns de euros. Eses son os feitos, señor conselleiro, esas son as realidades e esa é a xestión que lle pedimos á Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular.

Vostede dicíame que para este ano estaban consignados algo máis de trescentos cincuenta e nove millóns. ¡Home!, non nos fagamos trampas. Ímoslle restar os cento trinta que son de transferencias, nos que está tamén o Fondo de Cooperación Local, polo que son douscentos vinte e nove millóns (*A señora Rodríguez Rumbo amósalle un documento ao señor conselleiro de Facenda.*) —se quere déixolle este cadro, voullo deixar aquí ao presidente para que llo pase—, mentres que partiamos de douscentos sesenta e nove no ano 2007. Polo tanto, baixaron;

non subiron, baixaron. (*A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao presidente.*) Señor presidente, por favor, fágallo chegar despois ao señor conselleiro para ver se falamos dos mesmos datos, que son os que nos facilitan vostedes dende a Xunta de Galicia.

E vostede falaba tamén, ao principio, de que todas as prevencións son poucas. Eu creo que as prevencións que aplican non son ningunha, porque —vólvolle insistir— unha das últimas subvencións publicadas neste ano 2018 foi publicada no *DOG* o día 4, e o día 5 ás 00.12 esgótase o crédito.

Xa lle digo tamén que lle pedimos ao Consello de Contas que nos faga un informe de fiscalización, porque a verdade é que é bastante curioso, así que a ver que nos ten que dicir o Consello de Contas a este respecto. Supoño que non faremos unha comisión de investigación, pero si que lle pedimos ao órgano encargado de xestionar e de fiscalizar este tipo de temas que nos diga algo; a ver como se fai para que os concellos, en menos dun día, teñan preparada toda a documentación e ás cero horas empecen a rexistrar toda a documentación preparada.

Vostede alude á suficiencia das facendas locais, e eu non lle quero dicir, señor conselleiro — e sabe que deste tema estamos falando continuamente—, que o raquitismo das facendas locais é un tema —polo menos así o entendo eu— que é un principio aceptado por todos os grupos políticos. E no seo da Fegamp precisamente ese é un dos temas dos que máis se debate e sobre o que —como ben dicía antes— as peticións seguen sendo as mesmas porque nada mudou. É dicir, hai moi bo rolo ou moi bo diálogo con todos os representantes da Fegamp, pero a verdade é que os concellos non melloraron absolutamente nada durante estes nove anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. E as súas reivindicacións son varias; entre outras cousas, teñen varios documentos, fundamentalmente un no que adoptaron unha serie de acordos todos os grupos políticos por unanimidade, que foi publicado e que foi enviado á Xunta de Galicia. E —insisto— sete anos despois convocaron a Comisión Galega de Cooperación Local, na que se volveron constituír varias comisións para estudo. Pero avances reais, avances efectivos que teñan realmente incidencia no mundo local, absolutamente ningún.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, xa acabo, señor presidente.

Polo tanto, o que lles pedimos é, primeiro, explicacións. Se non é vostede, que veña a conselleira de Medio Ambiente explicar as razóns de que en doce minutos se esgote unha convocatoria de subvencións —que debería de ser en concorrencia competitiva, posto que non entendo por que non pode haber unha prelación e unha comparación—, e, polo tanto, que nos explique que concellos e que contías levaron eses concellos, porque evidentemente tampouco entraron todos os do Partido Popular. Supoño que aos seus alcaldes e alcaldesas do Partido Popular tamén lles teñen que explicar cales foron os criterios e por que a uns os avisaron e a outros non.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra para a réplica o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Se me permite, gustaríame facer chegar documentación —como no seu momento fixo a representante do Partido Socialista— sobre este tema, datos oficiais para apoiar un pouco as miñas tres teses.

Pero, antes de empezar, o que si é máis importante é reiterar o compromiso deste goberno dende xa hai máis de nove anos coas dificultades e coas competencias importantes e complexas que teñen os nosos concellos e deputacións no ámbito local, sinaladamente os concellos; esta era a pregunta que nos trae aquí.

E antes de pasar a algunhas cuestións, si que me gustaría falar un pouquiño máis polo miúdo do que é a execución. Son datos que me acaban de facilitar hoxe á mañá e, polo tanto, non coinciden exactamente cos que ten vostede, pero vou dar os que temos nós. En concreto, o orzamento inicial —que era ao que se refería a súa señoría— era de 336,2 millóns de euros no ano 2017, no vixente foron 364,7 millóns de euros. A fase O chegou a 318,3 millóns de euros; polo tanto, cunha diferenza de 46,4, que é lixeiramente superior aos corenta e tres que vostede dicía. Pero o que me estraña é que unha persoa tan coñecedora do ámbito local coma vostede, que tivo responsabilidades moi altas e que domina bastante o tema económico... Outras veces temos falado sobre o concepto de incorporación, sobre todo ligado a fondos europeos. Como ben sabe vostede, deses 46,4 millóns de euros, no día de hoxe —orzamento do 2018— están recuperados, é dicir, incorporados, 34,9 millóns de euros. Polo tanto, deixemos as cousas no seu xusto termo. No día de hoxe, que incluso se pode incrementar máis porque imos incorporar algún fondo europeo. Polo tanto, do que estamos falando é dun diferencial que supón o tres por cento sobre o crédito vixente que había o ano pasado.

Como xa todos imos tendo unha certa idade e temos responsabilidades en todas partes, como simple valor referencial, voulle dar as execucións do Tribunal de Contas —tamén lle deixo o documento ao que me refería antes— das deputacións da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra. Aí temos de todas. Por exemplo, a execución do gasto non financeiro da Deputación da Coruña foi o 37,82 %. ¡Menudo exemplo! A Deputación de Lugo tivo unha execución do 60,76 %. ¡Menudo exemplo! A Deputación de Ourense, o 76,81 % —son os últimos datos oficiais publicados—. E a de Pontevedra, o 50,11 %. Permitiranme vostedes dicir que ese noventa e sete por cento de execución respecto da Administración local que presenta a Xunta de Galicia é algo do que teño que estar moi, pero que moi orgulloso. (*Aplausos.*)

Tema número dous, e non suficientemente valorado ás veces neste parlamento. Cando falamos do Fondo de Cooperación Local coincido con vostede, pero o que si que ten que dicir vostede é que está correlacionado automaticamente —e non é ningunha cuestión que teña que ver cun partido político moi concreto ou con outro— no día de hoxe cos ingresos da Xunta. Polo tanto, non veña aquí sacar peito. Nós si que podemos sacar peito, porque na etapa de crise 2009-2014 o Fondo de Cooperación Local tiña que baixar vinte e un millóns

de euros e non baixou nada. Dende aquela está medrando a taxas por riba do que o fai o orzamento da Xunta, por exemplo, neste ano. E sempre de acordo coa Fegamp, como foi este ano a asunción de cento corenta centros de saúde —quédannos trinta e algo por asumir que non son en edificios puramente dedicados a centros de saúde—; ou como é o tema da comarcalización de bombeiros —poñámolo en valor— con algunhas dificultades nalgunhas cidades, e todos sabemos do que estamos a falar; como poden ser os conservatorios de música, se queda algún remanente; ou como pode ser —polo que significa— o convenio recentemente asinado coa Fegamp nunha competencia compartida: a limpeza das franxas. Eses dez millóns cos que imos facer o famoso fondo para limpar ano a ano, durante os próximos catro anos e máis, dos cales a Xunta pon 7,5 e os concellos, a través do Fondo de Cooperación Local —cando poidamos— 2,5. Iso poñámolo en valor.

Pero é que, ademais, o valor referencial que ten o Fondo de Cooperación na Xunta de Galicia como fondo incondicionado é —datos de 2015, porque son os últimos que teño— de 125,6 millóns de euros. Resulta que somos a segunda comunidade autónoma de España que ten este importe. Para poñerlle un exemplo: Cataluña, tres veces máis grande ca nós, ten 124,6 millóns de euros. Por exemplo, eu, que critico tanto Andalucía, agora non a podo criticar: ten catrocentos oitenta. Pero non existe ningunha outra comunidade autónoma que non sexa insular que se poida comparar nin o máis mínimo con isto. E isto poñámolo en valor porque, con carácter incondicionado, estes 125,6 millóns de euros son máis que todo o que invisten as comunidades nas deputacións no ano 2017, que foron cento dezasete millóns de euros en orzamento, non en gasto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Conclusión: ¿de que estamos a falar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pola nosa parte, sempre consideramos que o financiamento local é insuficiente. Os estudos que fixo a Xunta —que lles transmitimos tamén á Fegamp e ao Estado— o que nos indican é que as competencias homoxéneas están no 95,5 % da media española; polo tanto, hai unha clara insuficiencia. E para iso sempre contarán coa Xunta de Galicia. Hai que recuperar ese diferencial.

Pero tamén lle adianto: o gasto non financeiro das comunidades autónomas está por debaixo do 0,9 % en financiamento incondicionado, xa metendo dentro todas as insulares, e a Xunta está chegando ao 1,4 %...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...é dicir, que hai moito que mellorar, pero pouco. E nós, coma sempre, da man da Fegamp polo que representa cos cidadáns. Porque, ao final, sexa unha ou outra administración, o que temos son os mesmos cidadáns, e nós sempre de acordo con eles, porque obxectivamente si que están mal financiados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a xestión da CRTVG

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro e vicepresidente.

O que abordamos é un tema recorrente, necesario e importantísimo. Precisamos medios públicos de todos e de todas para poder alimentar as consciencias, sen disfraces, sen mordazas, un xornalismo honesto con programación diversa, equilibrada e representativa nunha CRTVG ao servizo da cidadanía.

O sábado día 8 —como ben se sabe, e onte xa abordamos esta cuestión— os comités de empresa da CRTVG e da Televisión Española convocáronnos a unha manifestación, de protesta histórica, de enorme calibre, pola dignidade dos medios públicos de comunicación. As traballadoras, apoiadas por partidos, sindicatos, movementos sociais e colectivos culturais e profesionais, celebramos esta manifestación en contra, sobre todo e fundamentalmente, da manipulación, a prol do cumprimento e do desenvolvemento da lei e pola fin da inxerencia política no seu traballo. As cadeas públicas teñen moitos problemas de credibilidade, é o momento de dicir «¡Abonda xa!».

A exigencia do cumprimento íntegro da Lei de medios públicos pódese constatar en varios aspectos:

Un, produción propia. A produción propia é algo que a Televisión, a CRTVG, debe cumprir. E sabemos que hai un cambio de programación, e neste cambio de programación certifícase a dirección para erradicar a produción propia. Os proxectos que se anuncian na grella son practicamente todos de produción externa.

Con respecto a un dos puntos cruciais, que é o Consello de Informativos, ao non estar desenvolvido non hai ferramenta axeitada para actuar politicamente contra a demoleadora maquinaria propagandística, que é no que están convertendo dende hai anos esta corporación.

E que non sexa sexista é algo que eu quero pedirlle encarecidamente aquí, xa que aquí, publicamente, vostede dixo que existía un código de regulación de boas prácticas de igualdade de oportunidades e de medios de comunicación, e non é certo. Isto é moi grave: que se diga publicamente, tanto aquí como na comisión, que existe, e non exista.

Con respecto á identidade, a CRTVG ten a obriga da promoción e difusión da cultura e da lingua galegas, así como da defensa da identidade de Galicia. Unha cultura diversa,

equilibrada e representativa é, por definición, inherente e de obrigado cumprimento para todas as cadeas públicas.

Local. A eliminación das desconexións locais valorámola como unha utilización partidista. A CRTVG tamén ten a obriga de garantir a máxima continuidade da «prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio galego».

Plural. A CRTVG ten a obriga de reflectir o pluralismo ideolóxico, social, político e cultural; non o fai.

Con respecto á elección do director xeral, o que se pide, o que se reclama, o que se exige é que sexa elixido conforme o establecido pola lei. As traballadoras e os traballadores alertan da grave deterioración das relacións laborais na Corporación por parte do equipo directivo que preside Sánchez Izquierdo dende o 2009 anomalamente. O director non debeu seguir no posto a partir do 2011, xa que a Lei de medios públicos obriga a que o Parlamento o elixa cunha maioría cualificada, que exige o consenso de varios grupos políticos. E tamén a propia CRTVG denunciou no comité e en Bruxelas —no Parlamento Europeo, na Comisión de Peticións— e solicitou que o Goberno galego cumpra coa normativa europea. Segundo se denuncia —e a denuncia está en trámite—, o seu goberno, señor Rueda, incumpre a Directiva comunitaria 2010/13, sobre servizos de comunicación audiovisual, e cartas de dereitos fundamentais da Unión Europea.

Gustaríame dicir tamén que, se analizamos como actúa o seu executivo, constatamos varias cuestións. Actúa facendo ouvidos xordos; non escoita e, ademais, nega a realidade. Actúa botando balóns fóra. Se non cobren as demandas dos seus propios traballadores, ¿que é o que están cubrindo? E nós, as deputadas e os deputados de En Marea, cremos que temos que ser tamén altofalantes destas reivindicacións, porque o cumprimento da lei é unha encomenda fundamental desta cámara. Actúa con inmovilismo á hora de cumprir e impulsar unha lei que vostedes, o PP, hai sete anos que impulsaron. Actúa cun modelo de xestión que non atende os criterios de servizo para os que foron concibidos, con constantes recortes nos orzamentos, precarización do persoal e externalización da produción. Contidos tamén afastados desta encomenda. E actúa con represalias políticas irracionais, e tamén con ameazas, diante da protesta do uso partidista e do control informativo público. Non admiten discrepancias cos criterios informativos da Dirección. A Dirección abre, co seu apoio, expedientes sancionadores como o de Tati Moyano. E esta maneira de actuar está máis achegada á corrupción institucional que á normalidade democrática.

As purgas son unha práctica frecuente. Utilizan tamén redacción paralela. Diante do baleiro, súplese coa chamada «redacción paralela», importada de medios afíns ao Goberno, como, por exemplo, un xornal de clarísima tendencia da dereita máis recalcitrante. E estanse utilizando reporteiros que se encargan dalgúns faladoiros para ocupar estes postos.

E non queren falar cos traballadores e coas traballadoras. É un paradoxo que nun medio no que o diálogo debería ser o eixe fundamental da engrenaxe comunicativa, este estea ausente. ¿Que motivos ou que propósitos ten? Naturalmente, se non adoptan medidas para evitar e erradicar a censura previa e a manipulación instalada nos medios públicos xa como un mal

estrutural, ¿que podemos pensar? Dende logo, defender a pluralidade, a liberdade, a veracidade e a imparcialidade non parecen ser estímulos para vostedes; si o silenciamento. ¿E isto con que ten que ver? Máis cunha política de silenciamento e máis con sacar rédito político da manipulación caciquil. É moi bo para vostedes, naturalmente; constrúen moitas mentiras cos disfraces da verdade. Son moitos anos de poder e moita corrupción que ocultar. Basta con reparar na maquillaxe de todas cantas manifestacións multitudinarias —de sanidade, ensino, pensións, 8-M, mina de Touro, incendios e Lei de depredación— para saber como foron extirpadas dos minutos as imaxes máis significativas. Hai moitos exemplos de falta de hixiene informativa, e moi alarmantes.

Ben, o seu modelo é o do incumprimento da lei. Están nun espazo de ilegalidade. ¿E o presidente que di? Pois que el non ten nin idea de que presentadores son ratificados ou combinados, á parte de dicir hoxe que non ve a tele, pero que si le a tele; ben, non sei como fai. Segundo o presidente, as cuestións da CRTVG debe contestalas a CRTVG, cuxa Dirección —dixo— a el non lle consulta. E o director da CRTVG fala do bálsamo de Fierabrás para falar do Consello de Informativos —si, está no capítulo X do Quixote, e fálase de aceite, viño, sal e romeu; junha tomadura de pelo!— e de pocións máxicas, ¿refírese ás apócemas con efectos laxantes ou con efectos placebo? ¡Tomadura de pelo!

Ben, e o contexto no que se están incumprindo todas estas cuestións que plantexamos xa ten o seu cumio dende seis meses despois da entrada en vigor da lei; impediu que se modificase. Feijóo e o seu goberno fixeron, a través da Lei de acompañamento dos orzamentos xerais do 2016, unha reforma que, na práctica, supuxo manter por tempo indefinido no seu cargo o actual director xeral da Compañía, evitando así que fose substituído. Ben, teñen obriga de cumprir a lei e non o están facendo.

Por todo isto nós facemos as seguintes preguntas: ¿A que atribúen as protestas dos traballadores, das traballadoras e dos colectivos con respecto a esta cuestión? ¿Que impacto considera vostede e o seu goberno que teñen as desconexións locais?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ¿Que supón o incumprimento da elección do director? ¿E por que bloquean a creación do Consello de Informativos?

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, presidente.

Señorías, bo día.

Señora Cuña, de novo fai vostede máis preguntas, vou intentar responderlle todas entre esta quenda e a seguinte, e incluso algunha cousa máis que non estaba nas súas preguntas, pero vai todo máis ou menos no mesmo senso. Porque é a quinta vez que vostedes exercen, por suposto, o seu dereito parlamentario, e eu, cumprindo coa miña obriga, veño aquí responder á cuestión sobre o labor da CRTVG. Xa digo: vostedes están no seu dereito —¡faltaría máis!— e eu na miña obriga. Pero o que é unha constatación é que é a quinta vez en apenas dez meses que lle piden á Xunta de Galicia —porque é o que eu entendín, e estou seguro de que moitos e moitas entenderon o mesmo— que interfira no funcionamento da Compañía Radio e Televisión de Galicia. Vostede dixo aquí: «Actuar politicamente contra as decisións da CRTVG». Despois fala de liberdade, de imparcialidade, e queda tan tranquila cando lle pide a un goberno que actúe directamente nas decisións dunha compañía que se dedica a moitas cousas á parte da información, pero tamén á información.

Ben, isto constata dúas cousas, clarisimamente:

A primeira, algo que é obxectivo —e eu creo que é moi de lamentar—, é que están tentando —non sei moi ben con que intención— botar enriba do labor que se fai na Compañía e, polo tanto, do labor que fan os profesionais, porque isto fano persoas, homes e mulleres que traballan. E calquera que a escoitara a vostede chegaría á conclusión de que todo vai fatal, de que nada ten ningunha calidade e de que todo é un auténtico desastre. Esta é a imaxe que están intentando —eu creo que non conseguindo, pero intentando— arroxar.

E a segunda é algo que tamén é duro constatar, pero é así. Vostedes cren que os medios públicos non teñen por que ser independentes, teñen que depender do goberno de turno, que ten que darlles indicacións, corrixilos, orientalos e dicirlles: por aí non vas ben porque non me está gustando o que estás facendo. Ese é o seu plantexamento, que, se hai que admitilo —porque creo que non queda outra cousa que admitilo—, dende logo, a min paréceme moi preocupante, pero vostedes tómano con toda a liberdade do mundo. Insisto en que dixo aquí que hai que actuar politicamente fronte ás decisións da Compañía Radio e Televisión de Galicia, e parécelles increíble que o presidente da Xunta diga que o director da CRTVG non lle consulta para tomar as decisións. ¡Pois é así! Comprendo que no seu esquema e no seu plantexamento de como ven as cousas lles pareza que non pode ser así porque, dende logo, se vostedes tivesen oportunidade de dar instrucións, daríanas sen ningún problema e daríanas continuamente para dicir: hai que ir por aquí, se non non me vale. Pero é que nós non somos así, porque cremos que os medios públicos de comunicación forman parte dunha democracia avanzada. E pódolles dar un montón de exemplos onde tiveron vostedes oportunidade de facelo —afortunadamente en case ningún sitio, pero si que dixeron o que farían—. Xa llo dixen noutras intervencións, pero repito aquí o que dicía o señor Pablo Iglesias: ti queda cos ministerios, a min dáme os telediaros. Iso é exactamente o que querían facer vostedes. Pódome traer aquí un montón de veces a dicirme que temos, como goberno, que interferir politicamente no que faga a CRTVG, pero non o imos facer, señora Cuña. Entón é imposible que nos poñamos de acordo. Eu podo facer a valoración —e, por suposto, fareina— que vostede me pide, pero no esencial non nos poñeremos nunca de acordo.

Eu quero romper unha lanza polos magníficos profesionais, xa llo dixen antes. (*Murmurios.*) ¡Home!, vostede di que si, pero despois di que todo o que fan é un desastre. E traballan

moitas persoas, co cal, se o que fan é un desastre, supoño que as persoas que o están facendo... ¿Ou vaime dicir que todos son magníficos pero o produto final é un desastre porque hai unha persoa que o impide todo? Isto non funciona así e, dende logo, non funciona con nós. Vostedes si que o intentarían, porque habería alí unha xerarquía que daría instrucións exactas do que hai que facer e do que non hai que facer para que a vostedes lles vaia ben cos medios públicos, pero non o imos facer. Polo tanto, eu rompo unha lanza. E respecte. Eu creo que ao final non é consciente da imaxe que lanza sobre eses profesionais. E despois —xa lle digo— está esa concepción do que debe ser o funcionamento dos medios públicos, que está diametralmente nos antípodas, xa non do que nós, senón do que calquera democracia avanzada —creo— ten que pretender para os seus medios.

Pedíronme nesta cámara, nunha das intervencións, que reprobese un dos xornalistas que traballa na CRTVG porque non lles gustou unha cousa que escribiu. Polo tanto, hai que reprobalo e condenalo a galeras porque non escribe na liña e non di ou non pensa como vostedes cren que ten que pensar alguén que traballa nos medios públicos de comunicación. Isto foi así, señora Cuña.

Trouxéronme tamén aquí —insisto: no seu dereito e eu na miña obriga—, e eu estiven aquí para responder e intentar explicarlles. Pero non querían entender nada e, por suposto, non o entenderían porque non quixeron e porque estamos en conceptos moi diferentes de como debe ser a información que saia dos medios públicos. Querían que o Goberno se inmiscira directamente na organización da CRTVG e nos seus contidos, porque non lles gustaban os seus contidos; algúns deles anunciados simplemente, nin sequera postos en funcionamento porque eran para meses despois. Pero xa había que intervir para cortalo; así non lles gustaba e, polo tanto, así non podía ser. Non conten coa Xunta de Galicia para isto.

A CRTVG é unha entidade con personalidade xurídica propia, con autonomía na súa xestión, que debe ser controlada no Parlamento e que nunca vai ser controlada polo Goberno. Este é o mandato que temos, pero non é ningún mandato, é que é puro sentido común. A Radio e a Televisión de Galicia son independentes da Xunta de Galicia, señora Cuña. Por moito que vostede veña dicir que parece mentira como non intervimos ou que parece mentira como non se corta a nosa intervención, son independentes e vai seguir sendo así sempre. Isto está consolidado nas leis e —insisto— no sentido común e no ADN de quen se considere minimamente demócrata.

Claro, a partir de aí pódense contar moitas mentiras. Vostede non mo dixo, pero si que o pon na súa pregunta: ¿cal é a miña opinión —pon na súa interpelación— sobre como se dá a información? Por exemplo —e cito ese exemplo porque vostede o cita por escrito na súa interpelación—, o tratamento das noticias sobre a Gürtel: fala de que se lle dedicaron só cincuenta segundos e pregunta cal é a miña opinión sobre iso. Claro, despois alguén lle debeu dicir que non foron cincuenta segundos, foron máis de cinco minutos. E, claro, non se rectifica nada, pásase a outra cousa, ponse outro exemplo que tamén é igual de mentira e xa está, porque nisto consiste. ¡Ah!, ¿que non é verdade isto?, ¿que me deron unha información mala? Eu non rectifico, invento outro exemplo, manipulo outro exemplo, e seguimos así, sempre dicindo exactamente o mesmo. Vostede díxome —e cito exactamente—: cincuenta segundos para a Gürtel. Entón eu pregunto: ¿mentiu na interpelación, na formulación?

¿Informárona mal e dálle igual, non rectificou? Ben, pode ser todo iso, pero ao final o resultado é o que é.

Pregunta tamén polo impacto da eliminación do *Diario cultural*. Xa llo expliquei e vólvollo dicir: non foi eliminado; ao contrario, foron ampliados os seus contidos e o seu horario. Outra cousa é que afecte persoas concretas, que tamén é moi curioso. Nesa práctica, que agora se ve moito máis clara, de facer listas negras de xornalistas bos e xornalistas malos, algúns directamente afectados... Por iso hai que preguntar todo, e ao resto hai que condenalos absolutamente. E cando alguén está afectado directamente hai que saír aquí defendelo —lexitimamente—; pero entón defendamos a todos e non nos intereseamos só por algúns casos. Por encima, non é verdade o que está dicindo, porque non se suprimiu, aumentouse, e xa lle dixen que ía ser así, porque cando me preguntou aínda non se fixera efectivo. Xa chegamos ao tempo diso e demostrouse que era así. Claro, se está afectado alguén a quen vostede cre que hai que amentar especialmente, pois entón non a vou convencer absolutamente nunca. Pero igual de dignos son todos os profesionais, homes e mulleres, e non algúns máis que outros e, polo tanto, hai que defender un e non hai que defender outro. (*Aplausos.*)

Despois, pregúntame vostede polo director da CRTVG e, nun exercicio de obxectividade e de demostración de que aquí non se poñen bólas negras ou bólas brancas, di que é un periodista vencellado historicamente ao Partido Popular e xa está. (*Murmurios.*) Primeiro, non é certo. E segundo, se fose certo, ¿entón que pasa? ¿Por iso habería que condenalo e, en cambio, os vencellados historicamente ao seu partido político hai que promocionalos? ¿Este é o seu sistema? Hai que empezar a poñer etiquetas políticas aos xornalistas e empezar a dicir —como fixeron, por certo, o señor Pablo Iglesias e o señor Pedro Sánchez—: non, este é demasiado descarado, porque está moi vinculado... Non me vale, a min este non me vale tampouco.... E, ao final, vaise eliminando e acabamos no sainete no que acabou, cunha administradora provisional na televisión pública española que, por certo, se dedicou a facer purgas desde o primeiro momento —iso si, aos que protestan— por resentimento. Non, ao mellor non foi así... ¡Pero se o estamos vendo todos! ¡Home, é que isto non o discute ninguén! Non o discute absolutamente ninguén. Pero iso vén, efectivamente, de empeñarse en catalogar con etiquetas ideolóxicas os xornalistas. E facer iso é facer un fraco favor a todos, aos que se manifestan e aos que non se manifestan. (*Aplausos.*) E eu teño tanto respecto polos que se manifestaron como polos que non se manifestaron. Supoño que vostede fará o mesmo, ¿ou os que se manifestaron son os que están en posesión da verdade absoluta e os que non o fixeron son os que se deixan manipular, os que levan a Compañía a esa situación desastrosa como vostede intenta dar a entender? ¿Non merecen todos o mesmo respecto? Para min si; para vostede, polo visto, non. Os únicos intelixentes son os que están de acordo con vostede, e o resto non merece ningún respecto. E así empezamos coas listas negras, coas purgas e coa concepción da televisión que nunca imos ter nós. Iso é o que nos vai separar sempre, señora Cuña.

Non queremos medios públicos dirixidos desde o Goberno. Este goberno nunca vai dirixir os medios públicos. (*Murmurios.*) Vostede empéñase niso. E hai que recoñecerlle, polo menos, que niso non ten ningún tipo de tapuxo, porque o ve normal, e eu non o podo entender. Calquera demócrata, sinceramente, creo que non o podería entender, pero vostedes veno

normal. Os medios están para manipulalos. O señor Pablo Iglesias di: quero os telediarios para manipular a sociedade; non me deas orzamentos, dáme os telediarios e ideoloxía. (*Aplausos.*) E isto é así e vai seguir sendo sempre.

Afortunadamente, señora Cuña, non teñen oportunidade, non a tiveron ata o de agora. Tiveron algún amago co señor Pedro Sánchez, demostrando a súa situación de absoluto cativerio político nese sentido; tiveron algún intento de facelo, pero ao final todo rebentou polos aires. Mentres haxa demócratas á fronte do Goberno de Galicia aquí non van poder facelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Ten a palabra na rolda de réplica a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: A ver se podo aproveitar ben estes cinco minutos.

Dende logo, isto é... Existen os universos paralelos, e cre o ladrón ou cre o león... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) O ladrón, o león ou o camaleón cren que todos son da súa condición. Negar a manipulación, negar a falta de pluralidade, negar o incumprimento da lei, botar balóns fóra. Efectivamente, estame dando a razón. Dende logo, moitas das prácticas da CRTVG espantarían absolutamente os países de tradición democrática celosos da imparcialidade e da independencia dos medios públicos. ¿Que é a CRTVG?, ¿un couto ou é de todas e todos os galegos e galegas que a pagamos? (*Murmurios.*) En ningún momento aquí se cuestiona a profesionalidade; temos magníficos profesionais. ¡Home! Cuestionanse outro tipo de cuestións. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio. (*Murmurios.*) Xa me ocupo eu, grazas. ¡Silencio!

A señora CUÑA BÓVEDA: Se houberse máis políticas intelixentes, habería menos atentados á liberdade de expresión.

Son moitas cousas as que eu lle quero contestar. Que neguen a inxerencia é un chiste. E falando de multiuniverso, como non me dá tempo, eu recoméndolle a lectura de «Stephen Hawking, Paul Auster e o *Diario cultural*». É moi lúcido este artigo. (*Aplausos.*) Fálase —¡claro, naturalmente!— de que os multiversos non son un estilo narrativo, que defendería moi ben o *Diario cultural*, que, por certo, mantén a melodía, pero cambia o contido. E, caramba, ¿quen di que continúa? É unha falsidade. Pero, ben, falando de multiuniversos: non son un xénero literario; os multiversos teñen relación con que podemos vivir vidas paralelas. Botándolle imaxinación —di o artigo— poderíamos pensar que Galiza non estivese gobernada polo PP —botándolle bastante imaxinación—. Non tanta, hai unha diferenza de corenta mil votos, xa que vostedes fan alusión de forma moi reiterada. O universo paralelo anuncia moitísimas cousas. Falar de Paul Auster é falar do Leviatán. Lean o artigo, por favor, e así eu escuso seguir con esta cuestión, porque hai moitas máis.

Exemplos de manipulación: centos, centos, centos. Todas as manifestacións multitudinarias da sanidade, do ensino, da mina de Touro... Todo iso: fagan un rastrexo de cantos minutos ou segundos. A min dáme igual que a Gürtel ocupase cincuenta, que un minuto e medio, que tres; o que non me dá igual... (*Murmurios.*) ...¡Fíxense que curioso! Traballadores e... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se alporicen, por favor, déixenme acabar, que teño moi pouco tempo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora CUÑA BÓVEDA: Traballadores e traballadoras da CRTVG xustamente comezaron os venres negros co tema da Gürtel, e por algo será: é o factor desencadeante.

Voulle citar —porque a cronoloxía é moi obxectiva— o que fixo a súa homóloga no Parlamento estatal, Soraya Sáenz de Santamaría. Realmente, cando chegou, o que fixo foi chapodar todo o anterior, e o 95 % dos redactores caeron.

Verbo deste argumento que vostedes empregan con respecto a Madrid, ao que están facendo cos medios públicos, hai unha analoxía. A xente está convencida de que hai que devolver credibilidade, prestixio e independencia aos medios. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, segundo, hai un dereito inalienable...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...da cidadanía a estar ben informada; pero non só á información, tamén á cultura e á lingua. Moi ben, cumbran a lei. O que se plantexa é o cumprimento da lei. Non me contestou a ningunha pregunta de todos os incumprimentos enumerados.

É tempo de diálogo, pero vostedes pechan a orella e coutan falar. Non falan nin cos seus propios traballadores. Hai auténticas cazas de bruxas, as listas negras fanas vostedes.

A pluralidade, que se escoiten todas as voces. Miren como son os faladoiros e vexan canta pluralidade hai. Isto é obxectivo tamén. O que se está defendendo é o concurso público. Que se apoiase en Madrid un decreto provisorio é outro universo paralelo, outra narración distinta á súa, por suposto.

Máis cousiñas. Non vou entrar no que sempre entra vostede, sería motivo doutra interpelación. Mais as mentiras disfrázanse, as mentiras —xa dixemos— non chegan a vellas, e non sei se teñen as patas curtas ou longas, o que si sei é que vostedes teñen medo a perder esta engrenaxe propagandística...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...que consideran coto seu. E isto non pode ser, ten que rematar.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra para a réplica o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, dáme igual, vostede faime unha interpelación baseándose na parcialidade e nesa suposta manipulación propagandística que se dá na Compañía a favor do Goberno da Xunta, porque a noticia da Gürtel durou cincuenta segundos. Niso basea a súa interpelación, niso basea o seu argumento. Cando resulta que lle digo «máis de cinco minutos», di: «¡Dáme igual! Outros exemplos haberá». Esa é a fortaleza, ou máis ben a febleza, dos seus argumentos. Niso se basea. ¡Ah!, ¿que non vale isto?, ¿que isto era outra mentira?, ¿outro intento de manipulación de datos obxectivos para intentar demostrar o indemostrable, ou intentar afirmar o inafirmable —dende o noso punto de vista—, que é que non se poden manipular os medios públicos ao servizo dun partido político, como vostedes din sen cortarse un pelo? Se é que ao final o miolo de todo isto é exactamente iso, e podemos estar discutindo. Eu podería agora deixar o uso da palabra, volver ao meu escano, e vostede volvería aquí e estaríame dicindo o mesmo: é que cambian o que di a tele, é que non me gusta, é que a este periodista eu lle poño unha etiqueta... ¡E di que o respecta! Oia, vólvolle dicir que vostede me pediu que reprobara aquí publicamente un profesional da Compañía Radio e Televisión de Galicia porque non lle gustou o que escribía, porque non estaba de acordo co que escribía, porque non está na súa liña ideolóxica. (*Protestas.*) Foi o que veu pedir. E voulle dicir unha cousa, señora Cuña:... (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...iso vaina acompañar no seu currículo parlamentario, porque foi o que fixo. Eu non daba crédito, non daba crédito cando vin a pregunta. Pero foi así. Polo tanto, non me diga que respecta. Respecta os que vostede considera que son da súa corda, e iso é moi triste. Iso é moi triste. (*Aplausos.*)

Vostede dime: necesitamos que se recupere a credibilidade nos medios públicos, que a sociedade a recupere. Oia: ¡e que se recupere a credibilidade dos políticos que falan dos medios públicos! Escoitánda a vostede dicindo que respecta todos os profesionais, e despois vendo como pide a reprobación dos que non lle gusta o que escriben. Escoitánda a vostede cando pon un exemplo e ese exemplo cáelle absolutamente porque non ten nada que ver coa verdade, e di que lle dá igual e que xa porá outro exemplo. Escoitánda a vostede e vendo como non lle dedica un segundo ao espectáculo que acabamos de ver, onde dous líderes políticos se rifan o control dos medios públicos —neste caso estatais— dicindo: este é da túa corda, eliminámolo e así elimino eu o da outra corda. E ao final non chegan a ningunha conclusión e fan o ridículo, e fan unha purga de máis de oitenta profesionais. Algúns levaban moitísimo tempo, xa cos gobernos anteriores ao PP, co PSOE, e cargáronos todos porque cren que non van estar na liña ideolóxica que se necesita agora no Goberno estatal. E que

non diga nada, que iso lle pareza ben, e que poña o foco aquí, porque do outro non lle convén falar, iso é simplemente facer imposible que escoitánda —polo menos a vostede— a sociedade recupere a credibilidade nos medios públicos, señora Cuña. Iso é exactamente o que hai. *(Aplausos.)*

Mire: deixe traballar os profesionais, respecte o seu labor. Os galegos —por suposto— son tontos, todo é un desastre na Compañía. Por iso a Radio Galega é a radio que máis medra en Galicia, por iso a Televisión de Galicia ten un tres por cento máis de *share* do que teñen de media as televisións que están na FORTA. Porque o pobo galego é tonto, o pobo galego non distingue. O pobo galego non é capaz de seguila a vostede nos seus sabios consellos de que hai que manipular os contidos para que digan exactamente o que lle interesa a unha forza política, e cada vez ve máis a Televisión galega, cada vez escoita máis a Radio Galega, porque non entende que non ten ningún sentido non manipulala. Porque non entende que o bo sería que o Goberno se levantara todos os días dicindo: a ver, ¿que escribiu tal profesional? E se non me gusta, que o boten, ou polo menos que o avergoncen publicamente... ¿Que dixeron na radio?, ¿cal é o contido?, ¿cal é o cambio? Se non me gusta chámese, descólguese o teléfono do responsable —quen sexa, quen vostedes puxeran, por suposto, etiquetado politicamente, pero de esquerdas, con esas etiquetas que poñen—. E ao final que funcione nese sentido.

¿Pero iso sabe a que levaría ao final? A un medio público que non tivera calidade, que a xente deixaría de escoitar; que incluso os seus —ao mellor— deixarían de ver. E ao final iso si que nos faría perder credibilidade.

Mire: ogallá nunca teñan oportunidade de poñer en práctica iso de que lles deixen os telediarios, e gobernar, que gobernen outros. A sociedade non se manipula, a sociedade galega é moito máis intelixente do que vostedes pensan. E ao final esa intención de manipular sempre se volve en contra. Mentres haxa demócratas no Goberno da Xunta de Galicia, iso —como lle dicía antes— non vai a ser posible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Almuíña. Compráceme velo hoxe aquí esta tarde, aínda que estaría mellor velo pola mañá na comparecencia pola morte no PAC da Estrada. Pero, xa que non admite comparecer para dar explicacións, está ben que teña a obriga de vir porque presentamos esta interpelación. E presentámola despois de presentar tamén unha pregunta escrita que —como sabe vostede— foi respondida por parte da Consellería de Sanidade, aínda que ao noso entender con bastante parquidade e sen a maioría dos datos que se solicitan. Esta circunstancia foi debatida tamén na anterior Comisión 5ª, de Sanidade, na que propuxemos que se cubrisen eses permisos. Unha vez máis solicitámoslle a información e, como sempre, obviamente, o Partido Popular votou en contra.

Polo tanto, hoxe traemos unha vez máis aquí, despois dun verán cheo de mobilizacións por todas as vilas do noso país ante a non-cobertura dos permisos dos médicos e das médicas de atención primaria e das e dos pediatras, esta circunstancia, que é de extrema gravidade. Estivemos debatendo tamén neste pleno a respecto da planificación dos médicos internos residentes e, neste caso, en relación coa Pediatría —pero evidentemente hai un problema con relación a outras especialidades—, e a ausencia, esas vacacións que tomou a Xunta de Galicia durante case practicamente unha década na planificación das necesidades de novos e novas profesionais. É máis —eu diría máis—: hai un elemento que é unha obscenidade, e que durante moitos anos estivemos denunciando aquí, incluso cando aínda estaba a súa predecesora —a señora Mosquera—, que son as xubilacións forzosas ás que durante moitos anos vostedes obrigaron os profesionais. ¿Para que? Para aforrar uns miserentos euros que agora pesan sobre a ausencia de profesionais para cubrir moitos dos servizos.

Daba un medio de comunicación a pasada semana unha nova acerca do número de profesionais médicos que foron traballar á privada despois de que vostedes os xubilasen forzosamente cando aínda podían estender a súa idade de xubilación. E iso dá un pouco a medida en que a Xunta desprezou durante todos os anos previos as necesidades en materia de persoal e en materia de saúde. Foi, dende logo, facendo xubilacións forzosas, amortizando prazas, non cubrindo novas prazas —non sei de onde saen eses datos de profesionais, supoño que será das contratacións por horas que se ofrecen—, e agora chegamos a un problema sen ter os deberes feitos e ningún tipo de medida tomada. Polo tanto, non serve esa xustificación que se dá para a atención primaria, e para a especializada tampouco, de que non hai profesionais. Non serve cando un non fixo previamente os deberes. Seguimos sen coñecer cal é o plan a medio e a longo prazo da Xunta de Galicia para dotar de profesionais e para cubrir as ausencias e as xubilacións futuras, que non son poucas, señor conselleiro.

A respecto da atención especializada preguntamos precisamente —e hoxe interpelámolo polo mesmo motivo—, porque unha vez máis e cada ano non existe un criterio homoxéneo á hora de pechar segundo que servizos ou non cubrir as ausencias do persoal. A saber, na resposta que vostedes trasladan a esta deputada dise que a planificación se elabora tendo en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias. Eu preguntome cada ano —e preguntolles a vostedes— por que, a pesar de afirmar isto, cada ano pechan uns servizos diferentes, e nalgúns centros máis pequenos pechan sempre os mesmos. Pero resulta que, por exemplo, pola mañá falabamos dos dezaoto berces que pecharon este ano no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, e descoñecemos se é que as nenas e

os nenos lactantes se poñen menos enfermos nos meses de verán só en Compostela. Polo tanto, non existe un criterio homoxéneo, e vostedes non contestan absolutamente nada que sexa un criterio técnico, ou baseado en cuestións clínicas, que me poida parecer mellor ou peor, pero que poida ler nunha pregunta.

Sobre as substitucións din que se substitúe con persoal eventual o cen por cento das ausencias que se precisen; claro, precísanse as que vostedes deciden. E vou darlle algún dato: tanto no CHUS como no CHUAC —xullo e agosto—, e tamén, por exemplo, no Hospital do Salnés —que este ano viviron un auténtico desastre planificativo, e cada vez é máis frecuente— hai pacientes amoreados nas Urgencias, hai plantas pechadas e non se abren. Os profesionais do CHUAC denunciaban este ano que, como cada ano ultimamente, había doentes agolpados nos pasillos, cento setenta e seis camas pechadas —a maiores das dúas plantas que teñen permanentemente pechadas no Abente y Lago e no Materno—, e vostedes non decidiron abrir ningunha. Non sei cal é ese criterio que vostede afirma cada ano de que as camas non se pechan e que se abren cando son necesarias. Ben, vemos como na práctica, a pesar de haber doentes agardando e xa cunha prescrición dunha hospitalización, evidentemente isto non se cumpre. No Salnés xa é un auténtico escándalo. E tamén acontece algo semellante en Vigo, onde, por poñer un exemplo, en xullo había máis de vinte, vinte e dous, pacientes sen cama asignada, cunha orde de hospitalización, e duascenas quince camas pechadas no Complexo Hospitalario. Polo tanto, nin atención primaria nin atención hospitalaria, e, polo tanto, tampouco falamos —ou si— desas urxencias, da atención primaria e do que xa trasladamos pola mañá: a ausencia de cobertura dos permisos dos profesionais e a ausencia de cobertura de todo iso que lles deben practicamente dende que vostedes entraron no Goberno. A saber, non só masa salarial, senón equipos completos, dotación axeitada, etc.

Preguntamos tamén, por certo, cantas camas había pechadas, e a súa resposta foi dar unha porcentaxe. A verdade é que responde mellor o señor Aboal na Comisión 5ª que as respostas escritas que mandan vostedes; parece ser que imos ter que facer sempre as preguntas orais en comisión. E realmente, señor Almuíña, descoñecemos cales son eses criterios, cales son os servizos que están en cada centro, por que se van mudando, por que non se abren esas camas cando hai doentes agardando nas Urgencias, por que vostedes deciden, sen un criterio clínico ou un criterio —digamos— minimamente técnico, que se pecha cada vez ou que profesionais se cobren e cales non. E ante os colapsos preguntamos tamén cal é o plan, cal é a planificación. E teño que lembrar —e dixémolo tamén con relación ao que aconteceu no Marisquiño— que non houbo practicamente reforzos: un celador de tarde e creo que un profesional médico na quenda de noite, e as miñas compañeiras de Urgencias efectivamente trasladaron que foron eles —e moi ben— os que se organizaron. E eu teño que dicir que me sinto moi orgullosa do seu traballo. Pero a realidade é, señor Almuíña, que cada vez que hai unha dificultade practicamente non hai cobertura. E como xa sabemos que isto acontece así, evidentemente non ía ser diferente porque estivésemos en verán ou houbese un accidente.

Pero alén diso, señor Almuíña, unha das súas excusas habituais é que non hai profesionais de segundo que actividade. E eu xa lle trasladei que hai moitos outros profesionais —enfermería ou fisioterapia, por exemplo— que vostedes non cobren, e que hai persoas en

disposición de cubrir eses permisos, porque realmente nin sequera se fai durante o resto do ano. E dígollo tamén porque a resposta da autocobertura —ese eufemismo que utilizan para trasladar as axendas duns profesionais a outros— tampouco é unha boa resposta. Anticipome por se esa vai ser a resposta que se dá.

En resumo, señor Almuíña, un ano máis atopámonos —aínda non rematado o verán— con que incumpren totalmente, non só cos datos que se preguntan, porque é certo que cada ano o pedimos. O ano que máis se acercaron ás respostas foi o ano pasado, e aínda así non responderon que categorías do hospital se cubrirían, nin por que tampouco se abren as plantas pechadas cando hai necesidade; tampouco se programan máis cirurxías, e non sabemos cal é o criterio. E, dende logo, o que é un escándalo —e supoño que hoxe vostede non vai perder a oportunidade magnífica que ten para responder— é o que está acontecendo en atención primaria.

E eu dígolle que estou francamente preocupada, e que vostede debería de trasladar por tranquilidade —pero non trasladalo como fume, senón unha planificación escrita que poidamos ver— cal é a programación dos profesionais que se van incorporar. Porque supoño que sabe igual ca min a cantidade de xubilacións que hai nos seguintes anos. E o problema é que vostedes estiveron acometendo durante todos estes anos xubilacións forzosas. E o problema é que temos un tanto por cento elevado —e trasladámolo tamén no debate que tivemos antes— de médicos residentes que rematan a residencia e non quedan porque vostedes fan contratos de precariedade. Queremos saber se a partir de agora van adoptar tamén algunha contratación —por exemplo, ao redor dun ano— que permita ir cubrindo as ausencias. Ou que é o que van ofertar, á parte de ter a idea magnífica de saír nos medios de comunicación —como fixeron o 2 de agosto— dicindo que veñan os que queiran, que os imos contratar. Ben, é case como un chiste ou unha mofa despois de estar practicamente unha década sen facer absolutamente nada neste aspecto.

Así que hoxe traemos esta interpelación. Ten vostede as cuestións por escrito e non as responderon practicamente en ningún punto no que se trasladou na resposta por escrito. Na Comisión de Sanidade o Grupo Parlamentario Popular votou en contra de dar información e de cubrir as ausencias. Espero que hoxe aquí teña algo máis que dicirnos que que todo está moi ben.

Grazas polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados, moi boas tardes a todos.

A verdade é que, señora Solla, ten moita razón. Este é un debate antigo que sempre trae e do que incluso fai estas interpelacións e rexístraas con meses e meses de antelación, xa sabendo anticipadamente o que vai pasar en Galicia e o que vai dicir o conselleiro na súa interpelación.

Mire, en primeiro lugar, quixera subliñar que as camas —témolo repetido pero desgraciadamente parece que non interesa entendelo— non se fala nunca de pechalas; as camas están instaladas e están preparadas para a súa utilización. Quero dicir tamén que é un debate moi antigo porque as camas xa non son o elemento fundamental da actividade do hospital, senón que agora xa hai moita máis actividade ambulatoria que incluso con ingreso.

No período de xullo a setembro do ano 2018 mantense en funcionamento o 88,5 % das camas hospitalarias, cifras similares a outros anos. Sabendo sempre que o resto das camas están dispoñibles en todo momento, todo paciente que precise unha cama hospitalaria tena. E ademais é bo que teñamos sempre un colchón de utilización para necesidades extraordinarias que poida haber.

Na tempada estival, e no caso da hospitalización, estimamos a ocupación —cunha marxe de seguridade por riba da ocupación real— dun dez ou dun doce por cento. No ano 2017 a ocupación media do período estival foi de 76,1 %, falando de xuño a setembro. E —como dixen— este verán mantemos en funcionamento o 88,5 % desas camas.

Quero deixar claro que o Sergas garante a atención sanitaria en todos os ámbitos asistenciais, tanto a atención primaria como hospitalaria, durante todo o ano, e non se pechan servizos nin nesta nin noutra época do ano. Pero a xestión correcta dos recursos é unha responsabilidade que nos obriga. A adecuación dos recursos e as necesidades asistenciais consisten nun conxunto de medidas de xestión que, garantido a calidade e a seguridade na asistencia sanitaria, se adaptan de forma constante á realidade asistencial e preservan a eficiencia e a correcta utilización dos servizos e fondos públicos.

O Sergas leva a cabo unha planificación estival analizando a información dispoñible, tendo en conta a actividade asistencial e a ocupación hospitalaria de anos anteriores, así como a frecuentación nas distintas especialidades e a ocupación prevista de camas durante a época de verán, tanto por ingresos médicos como os derivados de actividade cirúrxica. A adecuación dos recursos asistenciais no período estival ten en conta o decrecemento da demanda asistencial, motivado pola diminución da morbilidade estacional de determinadas patoloxías, especialmente as respiratorias. Este é o período no que máis profesionais disfrutan das súas vacacións, e estas prográmanse manténdose operativos os recursos necesarios.

Cómpre engadir que este tipo de planificación e xestión sanitaria non é unha peculiaridade do noso sistema sanitario galego, senón que se trata de algo que fan ao longo do ano todos os servizos de saúde de España e, desde logo, de Europa.

Débase entender que tanto a sanidade como as necesidades asistenciais son procesos dinámicos e que, polo tanto, se contratan segundo a dispoñibilidade e o número de profesionais necesarios en cada momento para garantir a asistencia sanitaria nos centros. Ante unha necesidade asistencial, as xerencias, conforme a súa autonomía de xestión, utilizan as listas de contratación para formalizar todos os movementos que consideren necesarios, máxime no período estival, no que hai que conciliar o dereito ás vacacións do persoal coa atención á poboación.

Polo tanto, a xestión das ausencias e a planificación das substitucións realízanse tendo en conta a demanda asistencial, é dicir, substitúense con persoal eventual —como dicíamos por escrito— o cen por cento das ausencias que se precisen en función das necesidades de cada centro. E, desde logo, teño que dicir que en facultativos, especialistas de medicina de familia, pediatras e —en época xa do verán— tamén en enfermería hai paro cero. Paro cero porque estas listas de contratación tamén permiten que o persoal, en caso de enfermería fundamentalmente, poida —digamos— non aceptar esa contratación nun momento determinado, e chega á utilización total das listas de contratación.

Desde logo, non se produciu ningún colapso. Un colapso é unha definición que os médicos temos moi claro o que significa e, desde logo, iso non se produce na sanidade pública galega. Porque —como acaba de dicir vostede— o servizo sanitario ten unha planificación, unha coordinación entre os diferentes niveis, que permite atender como se atendeu no recente accidente do Marisquiño a máis de catrocentos sesenta pacientes en practicamente vinte e catro horas; evidentemente con certa demora en asistencia a pacientes leves, pero cunha atención total e absoluta a estes pacientes. Pero non só ocorre neste momento no Marisquiño. Tamén tivemos este verán, desgrazadamente, outro accidente que afectou diferentes servizos: os PAC, a atención primaria, o 061 —con esa coordinación— e desde logo os hospitais para poder dar ese resultado, que é un claro exemplo de que o sistema funciona.

Durante os meses de xullo e agosto atendéronse 176.466 urxencias, 5.798 máis que no mesmo período de 2017; fixéronse 580.218 consultas hospitalarias, cun incremento do 3,5 %; en consultas de atención primaria realizáronse 4.086.000, un 4,1 % máis que no mesmo período do 2017. Polo tanto, o incremento de actividade e consultas foi tanto en atención primaria como en hospitalaria, o que significa un 4,1 no global do Sergas. Realizáronse máis de vinte e seis mil intervencións cirúrxicas, setecentas tres máis que en 2017, un 2,6 % máis; o número de probas neste período foi tamén de 458.591, unhas 7.996 máis que no ano anterior. No que respecta á hospitalización, o número de ingresos foi de 36.400, un 0,4 % máis. O mesmo sucede tamén na hospitalización a domicilio, onde se incrementaron tanto os ingresos como as visitas do persoal sanitario: 8.604 sobre as do ano pasado. Reitero que durante os meses de xullo e agosto, cos datos dispoñibles no día de hoxe, a actividade de consultas externas hospitalarias mostra un incremento significativo, realizándose 580.218 consultas hospitalarias, o que supón un incremento do 3,5 %. Do mesmo xeito ocorre coa actividade cirúrxica, as probas diagnósticas e a hospitalización. Nas salas de probas a actividade realizada volve demostrar que a atención prestada é a necesaria para cubrir a demanda requirida; así, realizáronse 458.591 probas, o que supón un incremento do 1,8 %.

Polo tanto, o sistema mantén a súa actividade e responde ás necesidades das persoas. Dentro da interpelación que presenta vostede fala de alarmantes listas de espera. Curiosamente, temos o mellor rexistro, no 30 de xuño, de todo o histórico desde que levamos rexistrando a lista de espera, e a nivel de decembro de 2017, que foi o último dato que aporta o Ministerio, somos a cuarta mellor autonomía en canto a resultados de lista de espera.

Na área de cirurxía os centros do Servizo Galego de Saúde veñen incrementando a súa actividade asistencial ao longo destes anos e, así, os datos do primeiro semestre de 2018

reflicten 110.374 intervencións. No que respecta á espera cirúrxica —como dicíamos—, no 30 de xuño de 2018 o Servizo Galego de Saúde acadou un dato de tempo medio de espera cirúrxica de 59,8 días; o mellor dato da serie histórica e, desde logo, —como digo— a cuarta autonomía se o comparamos dentro do Sistema nacional de saúde. Nas áreas de consultas de enfermidades realizáronse 13.405.000 consultas, 172.000 máis que no mesmo período do ano anterior. E a demora media ao longo destes últimos anos nos centros do Servizo Galego de Saúde sitúase no primeiro semestre de 2018 en 37,3 días. Tamén nas vías rápidas de cancro implantadas no 2018 —mama, colon, pulmón, próstata, vexiga, cabeza, melanoma...— a espera media foi de 4,7 días. E na área diagnóstica, o tempo medio de espera para probas no primeiro semestre de 2018 foi de 59,1 días. En prioridade 1 o tempo medio de espera está en 14,9 días, moi por debaixo do obxectivo dos trinta días.

Teñan a seguridade de que a xestión dos recursos humanos no Sergas se fai co criterio de garantir a asistencia sanitaria precisa, segura e de calidade en todos os ámbitos de atención, centros hospitalarios de atención primaria e puntos de atención continuada. Evidentemente, dentro disto hai prioridades en atención primaria, nos PAC e nas urxencias hospitalarias, onde a cobertura se leva ao cen por cento, salvo —como nalgún caso poida ocorrer— que non houbera persoas dentro da lista de contratación ou que non puideran facer as gardas que fan de forma voluntaria os profesionais da atención primaria. Pero, desde logo, sempre imos tratar de alcanzar os niveis de calidade e de seguridade para os nosos pacientes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, sinto que o aburra facer o seu traballo e ter que vir contestar aquí. É doado prever o que vai acontecer antes do verán porque os recursos cada vez son menos, pero resulta que ademais a rexistramos antes porque queremos saber cal é a planificación que fan para o verán, tendo en conta que todos os veráns pechan servizos, camas e que cada vez hai máis lista de espera en atención primaria, señor Almuíña. Así que sinto se se aburre tendo que vir facer o seu traballo.

Mire: os datos que ofrece —á parte de ser bastante previsible que vostede ía ler a mesma resposta escrita que nos facilitou a Consellería de Sanidade e que, polo tanto, veu aquí hoxe facer un paripé, é dicir, podería ofrecer algunha resposta real e non un criterio abstracto—, evidentemente, non responden á realidade. Vostede di que a ocupación é dunha porcentaxe e que cada ano vai mudando. A ocupación das camas nos hospitais, señor Almuíña, está condicionada polos ingresos programados, tanto de intervencións cirúrxicas como para probas e outros elementos, a maiores das urxencias que xorden, evidentemente. Se vostedes non suplen esoutros servizos, evidentemente hai menos ingresos programados e, polo tanto, non hai unha ocupación maior porque vostedes non facilitan que se poida facer esa ocupación. Que traslade cada ano ese eufemismo relativo a que as camas non se pechan é xa

practicamente un chiste ou unha burla que vostede fai a este parlamento, ás galegas e aos galegos, todos os anos. E, dende logo, que veña dicir aquí que a culpa é practicamente das enfermeiras porque rexeitan contratos e non se pode cubrir é practicamente increíble.

Señor Almuíña —xa llo trasladei algunha vez—: eu, por desgraza, levo xa varios anos fóra por estar, afortunadamente, facendo este traballo aquí, pero teño que recordarlle que cando nos chamaban, e cando seguen chamando para dar contratacións, ameazan os profesionais, e non é tan sinxelo negarse a coller un contrato. Eu creo que vostede non sabe o que ten entre as mans. En moitas ocasións escápaselle como se xestionan os servizos, e se descoñece ese aspecto debería trasladalo. Porque que se diga aquí que a culpa é dos profesionais —como xa se trasladou pola mañá— tiene tela, señor conselleiro. A ver se agora non hai profesionais porque, claro, son tan malos que rexeitan os contratos lixo que vostedes lles ofrecen. E, aínda por enriba, a culpa é dos profesionais, porque non se sabe de quen é a culpa de que non teñamos profesionais nalgunhas categorías.

Mire: se vostede fora un pouco serio, se a Consellería fora un pouco seria, cada vez que preguntamos por este elemento vostedes trasladarían cales son os servizos que non se poden cubrir porque non hai un determinado profesional. Levo anos preguntando polo mesmo. Nunca se contesta, porque non se quere contestar a realidade. Porque non é que en todos os servizos non haxa profesionais para cubrilos, o que pasa é que é unha vontade non cubrir as vacacións e os permisos. Esa é a realidade.

E, por favor, non nos fale de listas de espera, porque as súas listas de espera son falsas. Evidentemente, se vostede ten un aparato para poder retocar os datos que se ofrecen de listas de espera, calquera ten unhas listas de espera que lle son favorables, señor Almuíña. Por favor, levamos anos debatendo isto.

E, sinceramente, ter que volver recordar aquí que vostedes, cando non estaban no Goberno, solicitaban os datos de espera das listas non estruturais... É xa a enésima vez que o dicimos. Pero, evidentemente, tamén é a enésima vez que a Xunta dá a calada por resposta. Case vai facer dous anos dunha petición de información ao abeiro do artigo 9 —eu creo que estamos xa batendo os récords sobre as listas de espera non estruturais— que non é contestada. Vostedes teñen un mes e levan case dous anos; a cousa parece que vai bastante ben. E eu non sei se se van animar a continuar o resto da lexislatura sen contestar este dato. Porque, señor Almuíña, non vale ofrecer uns datos que son falsos e despois vir aquí dicir que todo está correcto.

Por desgraza, a xente percibe na espera que ten, tanto en atención primaria —que supera xa os dez días en moitos centros de saúde— como na atención especializada, que iso que vostede traslada aquí non é real. E xa no inicio da anterior lexislatura empezaban os problemas evidentes de espera en atención primaria. Falo da anterior lexislatura porque eu antes non estaba aquí e non tiven ocasión de debater esta circunstancia. Pero conforme pasa o tempo, e vostedes obrigaron e obrigan a xubilarse a profesionais, e vostedes non cobren as necesidades —tanto as estruturais como as ausencias puntuais que fan que se incrementa a carga de traballo dos outros compañeiros, que teñen que facerse cargo desas TIS, desas esperas, desas persoas que teñen que ser atendidas—, cada vez a espera é máis longa. E non é de recibo superar os dez días para unha atención.

E, por favor, ¿que van facer cos puntos de atención continuada? E repito o que dixen pola mañá: o que aconteceu na Estrada podería pasar mil e unhas veces porque non hai profesionais suficientes, e levamos anos dicíndollelo. Os profesionais trasladaron un exemplo: o PAC da Guarda —creo que se falou aquí tamén pola mañá—, onde das seis da tarde do sábado ás seis da tarde do domingo hai un profesional médico e un profesional de enfermería para un centro, para unha vila que está a cincuenta minutos dun hospital. Eses profesionais saen continuamente atender domicilios, urxencias e todo o traballo que teñan por diante. Non é, desgrazadamente, unha excepción; hai moitos puntos de atención continuada así no noso país. Imaxinémonos no rural, imaxinémonos nas zonas lonxanas.

Señor Almuíña, ¿que van facer con isto?, ¿imos continuar igual?, ¿van suplir esas carencias?, ¿van sentar cos profesionais? E, por favor, a ver se nos pode dar o criterio real e concreto dos servizos que se pechan —con nome e apelido do servizo—, cales son os profesionais que non se poden cubrir por especialidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...e entón valoraremos se é axeitado ou non é axeitado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche da interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados.

Señora Solla, cando non ten ningún argumento, dedícase a insultar. Dedícase a dicir que veño facer unha burla dos señores deputados ou que os datos que apporto son falsos. Os datos que apporto de lista de espera son os que utilizan todas as comunidades autónomas de España, todas. Eses datos, medidos exactamente igual para toda España, resulta que nos din que Galicia é a cuarta con mellores datos. Polo tanto, eu creo que vostede debería retirar as palabras —falar de «datos falsos»— cando o que está dicindo vostede é unha mentira.

Eu, desde logo, non veño aquí botarlles a culpa aos profesionais. Precisamente, tamén coñezo como funcionan os hospitais e os magníficos profesionais que temos, porque eu tamén traballei en Urxencias, traballei en servizos hospitalarios e tamén en atención primaria.

E tamén estiven de noite no Marisquiño, aínda que algún compañeiro seu preguntaba onde estaba o conselleiro na noite do Marisquiño. Pois estaba falando co 061, coordinando e, desde logo, nos hospitais que tiñan a maior demanda nese momento. (*Aplausos.*) E o labor que fixeron os profesionais esa noite foi magnífico, igual que tamén teño que felicitar —como tamén se dixo neste parlamento— todos os accidentados do Marisquiño, porque eran xente nova que, desde logo, colaborou extraordinariamente cos profesionais para facer esa noite,

levala o mellor posible. E por iso creo que temos un magnífico grupo de profesionais e tamén unha cidadanía que coñece, respecta e valora o servizo público de sanidade. E dicía que iso é o que debe ser un servizo sanitario: que apareza unha coordinación, que haxa coordinación e, desde logo, que haxa flexibilidade e se adapten as circunstancias que se necesitan en cada momento.

E a ocupación pódese medir e mídese todos os anos, todos os veráns, como se fai. E fálase de que estivemos, desde logo, dando un dez ou doce por cento por enriba das necesidades reais en cada momento, cos profesionais axeitados. E, desde logo, quen fala mal dos profesionais non é este conselleiro nin o seu equipo. Iso haberá que deixalo para outras persoas que queren atacar o Goberno e atacan os profesionais. Eses si que fan ataques aos profesionais. E para nada dixemos —na miña primeira intervención— que a culpa era das enfermeiras que rexeitaban o chamamento. Pero o que digo é que en momentos determinados as listaxes para a contratación quedan baleiras e non hai posibilidade de contratación. Iso ocorre, e ocorre en persoal médico, como son médicos de familia e pediatras, e ocorre tamén en momentos determinados con enfermería.

Todo isto, durante os meses de xullo e agosto, os datos, como dicía, demostraron a actividade xeral, que supuxo incrementos en todas as áreas asistenciais: nas consultas externas e hospitalarias, incremento do 3,5 % con respecto ao ano anterior; tamén en actividade cirúrxica, con 26.891 intervencións realizadas, 703 máis que no ano 2017. O número de probas tamén se incrementou neste momento, como dicíamos antes.

E desde logo temos que dicir que imos adecuar sempre os recursos asistenciais ás necesidades que a poboación galega requira, en cada momento, e ese desde logo é o noso compromiso.

Podemos dicir que temos 1.544 profesionais máis que hai nove anos; iso é desde logo medible. Eses non son datos que inventemos, eses son datos medibles que temos aí. E, ademais, o número de médicos de familia incrementouse nun 7 %, pasando de 2.434 no ano 2008 a 2.601 no ano 2017.

A Consellería de Sanidade continúa, pois, co seu compromiso de ir acadando maiores cotas de estabilidade do seu persoal.

Dicían que había a xubilación forzosa. Iso produciuse en toda España por problemas da economía, por certo, que deixaron gobernos progresistas este país en quebra absoluta, e houbo que tomar medidas, e tomáronse a nivel de todas as comunidades autónomas. Galicia, de feito, foi das últimas en acadar esta medida. E tamén foi a primeira que recuperou a xubilación voluntaria, e como marco xa temos xente que pediu tres prórrogas e a nosa idea é amplialo ata os 70 anos. Por iso imos seguir.

E nos MIR, en médicos de familia, pasamos en dous anos de 90 prazas a 105, que publicamos este ano para formar. En pediatría queremos seguir subindo, polo momento con problemas; falei coa ministra hai tres días, iamos ver se arranxabamos o tema, e por iso teremos que volver falar de novo coa nova ministra, a ver se conseguimos poder facelo. Pero, desde logo, non imos parar.

Fixemos hai pouco un acordo sobre a carreira profesional con todas as centrais sindicais — perdón, case todas as centrais sindicais—. ¿Para que? Para pór en valor precisamente os magníficos profesionais que temos. E imos recuperando todos os dereitos.

Imos seguir traballando, como digo, por planificar, por crear actividade, e, desde logo, non hai recortes en sanidade, en sanidade non hai recortes. Desde logo —e a Consellería de Fazenda ás veces é testemuña— incluso temos incremento todos os anos de presuposto, e este ano, concretamente en agosto, comparando xullo e agosto do ano 2017 con 2018, un incremento en capítulo I, de contratación de persoal, con respecto ao ano anterior, por enriba dun millón douscentos mil euros.

Polo tanto, non sei onde está o recorte. O recorte, como digo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...veu doutro tipo de estratexias políticas que levaron este país cerca da quebra.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto oitavo da orde do día, preguntas ao Goberno. Xa saben que aquí os tempos son máis estritos.

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que ten previsto desenvolver o Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da área metropolitana da Coruña

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas, presidente.

Boa tarde.

Entendo que, neste caso, o señor vicepresidente dará resposta a esta pregunta ou a conselleira de Infraestruturas —non o sei—. En todo caso, a parte expositiva da pregunta xa é coñecida, e estamos nun momento importante e oportuno para trasladar e insistir nesta preocupación que temos desde A Coruña, desde a área metropolitana da Coruña, xa que durante 2019 hai que darlle curso á nova situación das licenzas de transporte, pero ocorre que na Comisión 2ª, de Ordenación Territorial e Obras Públicas, do pasado 14 de xullo, desde o Grupo Parlamentario Socialista formulamos basicamente dúas cuestións.

Unha primeira, na que instabamos a que se leve adiante un verdadeiro e auténtico —en sentido técnico— plan de transporte metropolitano para a área da Coruña, coa creación da au-

toridade única do transporte, coa misión, basicamente, de planificar, coordinar e xestionar o servizo de transporte de viaxeiros na cidade e no conxunto da área metropolitana.

En segundo lugar, evidentemente ter en conta esta previsión no plan de transporte público de Galicia, que estaba e está en tramitación, por iniciativa precisamente da mesa de alcaldes e de alcaldesas da área metropolitana, en coordinación tamén cos concellos de Carballo, de Cerceda e da Laracha, tanto para efectos de planificación como de integración das liñas de transporte e da propia consideración deste consorcio como autoridade única neste ámbito na área metropolitana que finalmente se delimite.

A resposta do Grupo Parlamentario Popular, e a conseguinte votación polo tanto negativa a esta PNL naquela Comisión 2ª, é que isto significaba, é dicir, falar institucionalmente de transporte metropolitano, significaba empezar, literalmente, a casa polo tellado.

Por iso queremos saber se a Xunta de Galicia, se a consellería neste caso, comparte esta opinión, e que previsións ten precisamente para levar a adiante, en coordinación e en conversas —que nos consta que existen— coa mesa de alcaldes e de alcaldesas, esta iniciativa.

Porque no ámbito da Coruña téñense dado certos pasos en materia de xestión metropolitana de servizos, incluso desde a iniciativa municipal da cidade, poñendo en común o tratamento de residuos sólidos e urbanos en Nostián, a xestión do ciclo da auga, con EMALCSA, á EDAR de Bens, e, ademais, temos que citar os convenios de 2005 en materia de transporte entre Xunta e concellos, concellos que eran daquela A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, que se renovaron en 2009. Deuse un paso adiante co sistema tarifario integrador a través da tarxeta metropolitana, pero agora xa estamos nun novo momento na estratexia metropolitana 2014-2020, na que están a traballar conxuntamente a mesa de alcaldes e de alcaldesas da área.

Somos unha área, ademais, de cerca de catrocentos cincuenta mil habitantes, cun aeroporto, no *hinterland* con Ferrol dous portos de interese xeral, cunha importante rede... *(O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villoslada. Terminou o seu tempo. A pregunta xa a cónce. Grazas. Terminou o seu tempo.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señor Villoslada.

Entendo a confusión, era lóxica —ademais, entraba a conselleira cando vostede facía a súa pregunta—, pola temática, pero permítame que llo diga: creo que quen debe vir respostala son eu, e o feito de que vostede dubide quen lla ten que contestar creo que... *(O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, enténdame o que lle quero dicir, porque

creo que isto é importante. Eu agardo que saquemos conclusións da súa pregunta e da miña resposta. Que vostede siga dubidando ou que vostedes sigan dubidando o que amosa ben ás claras é que seguen dubidando realmente de se queren ou non queren unha área metropolitana, porque ao final vostede mesmo na súa pregunta fala de servizos metropolitanos. ¡Oia!, servizo a servizo, ao final constrúese unha área. O que haberá que saber é se vostedes queren unha área metropolitana ou non a queren, porque ao final o servizo metropolitano de transporte é unha consecuencia máis, —se mo permite— case é unha mostra de que a Xunta o que está facendo é adiantarse ao que deberían ter acordado antes os concellos.

Tamén temos moito que facer aí, pero, en canto á vontade política de ver todo cunha óptica metropolitana, estámolo facendo nós e ao final non o están facendo os concellos, ou polo menos non o están facendo como nós cremos que habería que facelo, ou non nos consta cando menos esa vontade para que a área metropolitana sexa unha realidade.

Teñen vostedes moita confusión. Eu quero recordar que o señor Méndez Romeu, con respecto á Área Metropolitana de Vigo, que foi a primeira que se converteu nunha realidade — aínda que despois o alcalde de Vigo conseguiu que non fora así—, cando falaba da Área Metropolitana de Vigo, rebaixou a categoría, falou de que era mellor facer un consorcio que unha área metropolitana, a pesar de estar perfectamente delimitado o que había que facer, non procedía, e estaba a señora Rodríguez Rumbo de directora de Administración local, e de repente lle rebaixaron a categoría, e non vían isto como un avance político á hora de ter xestión e autonomía local e política os concellos que querían formar a área metropolitana, senón máis ben como algo administrativo.

Polo tanto, eu creo que era bo momento para que xa decidiran exactamente o que queren facer, e constando, como consta —parece ser— por moitas declaracións, que queren darlle adiante á área metropolitana, pois o que teñen que facer é poñerse de acordo todos os concellos e que así sexa.

Sabe vostede que o presidente da Xunta de Galicia, na última conversa co alcalde da Coruña, o que lle dixo, cando lle veu plantexar este tema, era: primeiro, que faltaban acordos plenarios, empezando polo do Concello da Coruña. Segundo, que faltaba a totalidade de concellos, dos dezasete. Entendo que partimos da base de que teñen que ser os dezasete. ¿Ou imos partir servizos metropolitanos, nalgúns dez, noutros doce e noutros dezasete? Terán que estar os dezasete en todos; se non, xa lle digo que isto non vai funcionar. E o transporte metropolitano será un servizo que impulse a Xunta, pero sen ningunha armazón política, como entendo que vostedes pretenden. E, por último, o que teñen que saber e o que teñen que dicirle á Xunta de Galicia, se queren a nosa cooperación e a nosa colaboración, que é a nosa obriga, é dicir qué queren xestionar realmente dende o ámbito metropolitano. ¿Que queren só o servizo de transportes? Ben, pois creo que xa estamos dando os pasos suficientes. ¿Que queren ser outra cousa? Póñanse de acordo primeiro e despois dígnanos exactamente qué queren ser.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señor vicepresidente e conselleiro de Administración Pública, nós non temos ningunha confusión, non sei se vostedes teñen unha confusión ou precisamente neste caso a Consellería de Infraestruturas non quere dar conta precisamente do asunto específico que vimos tratar.

Porque hai diferentes formas de abordar o desenvolvemento metropolitano das áreas, en España e no conxunto de Europa, e pódense formular áreas metropolitanas en sentido amplo ou pódense formular áreas metropolitanas empezando por prestar servizos metropolitanos, que é a maior demanda que teñen os veciños.

Nós formulamos a necesidade clara, desde o Grupo Parlamentario Socialista e desde o Grupo Municipal Socialista, de dar un primeiro paso metropolitano específico, específico, en materia de transporte. ¿Por que? Porque na área metropolitana, en termos económicos e sociais, o maior problema e o maior reto que temos é precisamente xestionar e planificar de forma supramunicipal o transporte, non só de viaxeiros por estrada. Por iso si que formulamos, de forma clara, unha iniciativa para montar unha autoridade única do transporte metropolitano. Outra cousa é que logo poidamos ir avanzando na conformación da área metropolitana da Coruña e ir integrando estes servizos, pero os veciños a maior demanda que teñen é a mobilidade.

Por iso nós formulamos esta pregunta, por iso queremos resposta, por iso queremos saber se realmente prestar servizos metropolitanos de transporte é realmente empezar a casa polo tellado ou empezar a casa polo chan, como outras cidades que teñen avanzado, tanto en España como no resto de Europa.

¿Ou é que xestionar liñas de forma específica, poñendo parches entre Oleiros e A Coruña, enlazando Culleredo con Arteixo vía Zapateira, é xestionar transporte metropolitano, señora conselleira?

Por iso —e cóstanos que existen conversas coa mesa de alcaldes e de alcaldesas de área metropolitana— isto é un primeiro paso claro por apostar en servizos metropolitanos en toda a área da Coruña, en termos económicos, en termos sociais.

Non se escuden en que no ámbito de Vigo non a teñen implantado, na medida en que son vostedes os que teñen a Área Metropolitana de Vigo sometida aos tribunais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villoslada.

Peche da pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villoslada, se o que teño que entender aquí é que estou falando co Partido Socialista da Coruña e polo tanto teño que ver iso e se quero falar co Partido Socialista de Vigo hai outros deputados para falar, e non hai ningún Partido Socialista unido cun criterio propio, pois, entón, moi ben, de acordo. É o que acaba vostede de dicir.

¡Oia!, a nós en Vigo dixéronnos, todos os alcaldes, incluídos os do seu partido: primeiro, área metropolitana, e despois, servizos, que nos parece axeitado. Outra cousa é que despois o alcalde de Vigo, como sempre, o rebentou, porque non lle conviña e lle dá igual o resto dos concellos. Pero dixéronnos: primeiro, área metropolitana, e despois, servizos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede acaba de dicir: primeiro, servizos, e despois, área metropolitana, co cal está certificando que, efectivamente, non son capaces; hoxe acaba de dicilo; supoño que falará vostede en nome dos alcaldes do seu partido futuros integrantes — agora vexo que xa non — da área metropolitana da Coruña, que non se vai poder facer, que non hai nin capacidade política para poñelos a todos de acordo nin se sabe exactamente o que queren facer.

Polo tanto, empezemos por un servizo concreto. Pois se hai que empezar por un servizo concreto, creo que iso o está facendo perfectamente a conselleira responsable desa materia, a conselleira que está organizando, igual que organizou noutros sitios de Galicia, o transporte metropolitano. Tamén o imos facer na Coruña. Lamento moitísimo que vostedes renuncien a algo máis, polo menos o Partido Socialista. Lamento moitísimo constatar unha vez máis que o Partido Socialista non ten un criterio único, vai cada un polo seu lado e o que din nun sitio é exactamente o contrario do que din noutro. Así é imposible ter a colaboración doutras administracións, por moito que a Xunta de Galicia queira colaborar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas, e as prioridades de actuación

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora conselleira, a pregunta que lle formulamos dende o Grupo Popular ten que ver coa seguridade viaria, máis concretamente cun dos elementos que inflúen ou inciden na produción dos accidentes: o estado das estradas. Aínda que o 80 % dos accidentes se producen como consecuencia do factor humano, das distraccións, dos excesos de velocidade ou mesmo da condución baixo os efectos do alcohol ou dos estupefacientes, tamén o estado dos vehículos e, ¡como non!, o estado das estradas pois ten a súa porcentaxe de incidencia na sinistralidade.

A corrección do factor humano depende do compromiso e da concienciación de todos, pero o mantemento e a conservación das estradas depende indubidablemente das actuacións que con ese fin leven a cabo as administracións no marco das súas titularidades. E refírome a todas as administracións, porque nós estamos aquí hoxe para falar da conservación das estradas de titularidade autonómica, e vostede deu conta cumpridamente das medidas que dende a súa consellería se están tomando en cumprimento do Plan de seguridade viaria 2016-2020 e do importante esforzo investidor que vén desenvolvendo o Goberno galego con ese fin. Pero hai multitude de demandas de actuación no marco das competencias doutras administracións en materia de seguridade viaria que todos, no marco dos contornos que coñecemos, sabemos que non están sendo atendidas. E, por tanto, o desexable sería acadar o compromiso do resto das administracións que teñan competencias neste ámbito e que non sempre atenden debidamente esta importante cuestión.

E é importante porque a maior parte dos accidentes se producen no marco de estradas convencionais. E, ademais, estase producindo neste momento un certo repunte da sinistralidade —segundo os datos que traslada a Dirección Xeral de Tráfico— en todo o Estado e tamén en Galicia, como na maior parte das comunidades, a pesar do traballo e do esforzo investidor que está facendo o Goberno galego neste sentido.

Vostede e o seu equipo —como lle dicía—véñennos dando conta de multitude de actuacións neste sentido no Plan de vialidade invernal e na conservación das estradas. Pero este compromiso, ademais, é moi importante porque repercute en toda a sociedade. Todos somos beneficiarios das medidas que se adopten en materia de seguridade viaria, porque todos —como peóns, como ciclistas ou como condutores ou ocupantes— somos beneficiarios e somos, en definitiva, usuarios das estradas. Así que son miles de quilómetros os que vostede ten que atender, e isto, evidentemente, representa un custo moi elevado na súa conservación. Seguramente isto obriga a establecer unha orde de prioridades. Vemos que nos acercamos á época invernal, vemos, ademais, que neste verán se produciron importantes sinistros, que tamén requiren seguramente da súa intervención. Noutras administracións tamén, neste caso; pero seguramente no marco das súas competencias tamén nos terá algo que dicir sobre isto.

E por iso lle preguntamos cales son as actuacións que desenvolve de xeito cotiá a Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas e cales son as súas prioridades de actuación neste sentido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Dende logo, para a Xunta de Galicia a seguridade viaria é unha materia estratéxica e prioritaria. Estamos a falar da vida e da integridade das persoas, e estamos preocupados pola

evolución da sinistralidade neste ano 2018, tendo presente que no ano 2017 —o ano pasado— houbo unha tendencia positiva porque tivo a cifra máis baixa de falecidos na historia. Pero cómpre avaliar a situación actual sobre a tendencia que estamos a ter no ano 2018. E por iso solicitamos á Delegación do Goberno de España unha convocatoria da Comisión Autonómica de Tráfico e Seguridade Viaria para seguir traballando xuntos, sumando esforzos e, dende logo, intensificando medidas para mellorar a seguridade viaria.

Dende a Xunta de Galicia vimos traballando cunha folla de ruta moi clara, que é o Plan de seguridade viaria 2016-2020. É un plan vivo, con medidas concretas e específicas e tendo presente que son múltiples os factores que inflúen na seguridade viaria. E, dentro dese plan, unha medida específica —como saben— é o bo estado e a conservación das estradas de diferente titularidade. As da Xunta de Galicia son 5.500 quilómetros en total. Temos o convencemento de que é tan importante facer obras novas como, dende logo, conservar en bo estado as que temos.

Estamos a realizar un importante esforzo investidor en materia de conservación de estradas da Xunta de Galicia nos 5.500 quilómetros. Neste ano 2018 son 55 millóns de euros os que temos previsto destinar, e destinamos, para a conservación ordinaria, a conservación extraordinaria, reforzos de firme e medidas específicas en determinadas actuacións. Estamos a falar de 10.000 euros para cada quilómetro de estradas de titularidade da Xunta para que estean en boas condicións. Estamos a falar da conservación ordinaria de estradas, para o que está previsto o Plan de vialidade invernal. Cada mes de novembro activamos este Plan de vialidade invernal para que as condicións de circulación sexan as axeitadas para todos os usuarios e evitar os efectos da climatoloxía adversa. En materia de conservación extraordinaria está o plan de reforzos de firme, un plan que levamos desenvolvendo ano a ano. Pero o certo é que neste ano 2018 duplicamos os esforzos e pasamos de 15 millóns de euros do ano pasado a 20 millóns de euros este ano. É un labor de conservación importante para evitar deterioracións e actuacións preventivas, dende logo, que son máis efectivas técnica e economicamente, mellorando así a funcionalidade.

Pero, en calquera caso, temos un programa específico tamén de seguridade e inspección de pontes e obras de paso nas estradas; inspeccións periódicas e constantes para anticiparnos a posibles problemas e evitar posibles futuros problemas. Porque dende logo que o bo estado das infraestruturas non é un único factor, hai outros condicionantes. Pero o certo é que todas as administracións temos a obriga de inspeccionar as nosas infraestruturas para velar pola súa boa conservación.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica da señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señora conselleira.

Agradézolle a súa resposta e os datos que nos proporciona, e, sobre todo, agradézolle o traballo que dende a súa consellería se está facendo a prol da mellora da seguridade viaria nas estradas autonómicas de Galicia.

E se é importante ese traballo do que vén de dar conta en materia de conservación —de conservación ordinaria, de actuacións tamén extraordinarias para a mellora da seguridade viaria ou dos elementos das estradas— e do Plan de vialidade, pois parécenos moi interesante isto do que dá conta: do programa específico de seguridade e inspección das pontes e outras obras nas estradas da Xunta. Isto é importante nun momento no que —como me refería antes— se produciron neste verán sinistros —obviamente dependentes doutras administracións—. Pero poderíamos referirnos a ese gravísimo accidente que se produciu en Italia e que nos dá conta da importancia de inspeccionar estas grandes e enormes estruturas que se constrúen a longo prazo e que co tempo van sufrindo unha deterioración. Pero tivemos aquí na nosa comunidade autónoma tamén un gravísimo sinistro que se produciu, neste caso, co derrubamento do paseo en Vigo no marco do Marisquiño, que tamén revela que outras administracións teñen que asumir as súas competencias e as súas responsabilidades, e ser garantes de que os usuarios fagan uso destas infraestruturas en condicións de seguridade.

E é por isto que a nós nos interesa, señora conselleira, coñecer en que consiste ese programa de inspección e seguridade das pontes e doutras obras nas estradas autonómicas, que tipo de inspeccións son as que se están a levar a cabo, con que frecuencia se desenvolven estas inspeccións, cal é o resultado das mesmas e cal é o esforzo investidor que isto lle está representando ao Goberno galego.

E, en definitiva, señora conselleira, o que lle queremos preguntar, e do que queremos que nos dea conta, é se lles podemos dicir aos galegos que podemos estar tranquilos no que atinxe á seguridade das nosas estradas, e, pormenorizadamente, desas grandes estruturas, pontes e viadutos que se atopan nas estradas autonómicas.

E agradézolle outra vez a súa resposta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Peche da pregunta.

Conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, dende logo que, en relación co programa específico de seguridade e de inspección de obras de paso, de viadutos e de pontes, Galicia ten sido pioneira nese programa específico de seguridade para ter coñecemento completo do estado da rede viaria da Xunta de Galicia, para avaliar o seu estado e coñecer, dende logo, as necesidades específicas de intervención que se teñan que realizar e anticiparse —como dicía na miña primeira

intervención— a posibles problemas e evitar eses posibles problemas, deseñar e proxectar as actuacións necesarias para garantir a conservación das nosas estradas e garantir, sobre todo, a seguridade.

Hai diferentes tipos de inspección: inspeccións periódicas rutinarias, entre cada quince e dezoito meses; inspeccións en profundidade, con frecuencias variadas pero, en xeral, cada cinco anos; e tamén inspeccións específicas no caso de que haxa algún elemento que o xustifique, como foi recentemente na ponte da Misericordia, en Viveiro, ou na propia ponte da Barca, en Pontevedra.

Estamos a falar dun control permanente das estruturas por parte da Xunta de Galicia para garantir a seguridade e tamén incrementar a vida útil das nosas estruturas da Xunta de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, con este programa específico de seguridade das pontes e das obras de paso para garantir o bo estado de conservación. Non chegan ao 1 % as pontes que precisan unha inspección especial; é dicir, unha inspección máis profunda. E cando se realizaron esas inspeccións profundas o certo é que se detectaron problemas leves, como fisuras ou certas corrosións na armadura; problemas que se resolveron cos proxectos de rehabilitación puntuais, tratamentos preventivos; e, polo tanto, actuacións preventivas para anticiparse e evitar posibles problemas.

E, como digo, inspeccionamos e actuamos onde se precisa para anticiparnos a problemas. Sabemos que o formigón non é eterno, por iso hai que realizar controis, hai que inspeccionar. E a Xunta, dende logo, presta especial atención á conservación extraordinaria. Dende o ano 2009 foron 31 millóns de euros os destinados á conservación extraordinaria —á parte do da conservación ordinaria—. En concreto, foron 19 millóns de euros para actuacións en pontes, en intervencións que non supoñen unha mellora estética senón que supoñen principalmente unha mellora funcional e, polo tanto, en seguridade. Son 1.837 as estruturas titularidade da Xunta de Galicia, o 76 % situadas en cursos de auga.

Pero o certo é que o resto das administracións tamén deben implicarse, o Estado, as deputacións e concellos teñen, dende logo, responsabilidades. A min gustaríame aproveitar para o caso da ponte de Catoira. Os seus propios usuarios denuncian e alertan da súa deterioración. Dende logo que as deputacións provinciais de Pontevedra e da Coruña, que son as titulares, que actúen, igual que, na ponte Branca, en Lugo, as discrepancias entre o Concello de Lugo e o Ministerio de Fomento se arranxen para que se aclare a súa conservación.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as xestións que está a realizar o Goberno galego para garantir a continuidade e a viabilidade da empresa Maderas Iglesias

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xosé Luís Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde, señor Conde.

Traemos aquí a Maderas Iglesias por cuarta vez desde que se aprobou neste Parlamento unha iniciativa do BNG que mandataba a Xunta de Galiza a garantir a viabilidade e defender os postos de traballo nesta empresa. E a realidade é que a situación foi a peor, estamos peor que en xaneiro. E por iso lle exiximos aquí información e explicacións sobre o papel que cumpriu a Xunta nestes meses e as xestións que realizou para garantir ese acordo parlamentario.

Digo que foi a peor porque estamos nun momento crítico e límite. Os traballadores e as traballadoras víronse obrigados a iniciar unha folga para defender os seus dereitos laborais, para algo tan elemental e tan básico como cobrar os salarios e negociar un novo convenio. E vostede dilles que abandonen a folga, que traballen sen cobrar e sen convenio. Actúa vostede como valedor do empresario, como fixo sempre, que o puxo como exemplo e como modelo.

Mire, aquí hai dúas cuestións en xogo. A primeira ten que ver co conflito laboral. Onte houbo unha reunión no Consello Galego de Relacións Laborais, e houbo un preacordo que foi rexeitado, en principio, pola asemblea. En todo caso, estamos —digamos— xogando esta bola, pero a bola de partido, a cuestión de fondo, a cuestión fundamental, é a de garantir a viabilidade da empresa. E vostede ao longo de todos estes meses estivo *missing*, estivo desaparecido desde xaneiro. Estivo escondido detrás dun inoperante Igape, como se demostrou na reunión co persoal, co comité de empresa, do pasado 30 de agosto, na que o director do Igape demostrou un descoñecemento absoluto da situación da empresa e a súa sorpresa por que a situación fose a peor.

Polo tanto, o que lle dicimos aquí, señor conselleiro, é que dea a cara, que defenda o traballo e a viabilidade desta empresa, que é unha empresa estratéxica na zona sur de Pontevedra, unha zona desertizada, con continua deslocalización de empresas. É unha empresa dun sector, ademais, fundamental, a transformación da madeira, na que traballan duascenas persoas, o 80 % mulleres. Polo tanto, pedímoslle que cumpra o mandato parlamentario do 17 de outubro, que foi resultado dun acordo unánime de todos os grupos; que tamén responda á demanda unánime das alcaldías dos concellos de toda esta zona, e que a Xunta lidere as negociacións para garantir a viabilidade de Maderas Iglesias, negociacións co empresario, co comité de empresa, coas entidades financeiras e tamén con posibles grupos investidores. E neste sentido queremos preguntarlle se é certo —como dixo o director do Igape— que había un grupo investidor interesado nesta empresa pero que esa operación se frustrou pola negativa das entidades financeiras a renegociar a débeda. ¿Que papel está tendo a Consellería de Industria, e vostede persoalmente, neste tema?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, lamentablemente, e por cuarta vez, erra no relato, erra no diagnóstico. Pero o máis importante é que tamén erra na posible solución que se poida plantexar para Maderas Iglesias.

Efectivamente, o compromiso da Xunta de Galicia foi procurar a viabilidade e a continuidade da actividade empresarial e a carga de traballo, ese foi ao acordo deste Parlamento e iso, exactamente iso, é o que está a facer o Goberno galego desde finais do ano pasado, mantendo continuas reunións con todas as partes, cos traballadores, coa empresa, tamén cos investidores e, polo tanto, sendo parte activa en todo momento para procurar unha solución para Maderas Iglesias.

Polo tanto, creo que non debería intentar traer aquí ao Parlamento este debate simplemente para desviar a atención. Porque, señoría, o obxectivo non é outro que identificar un proxecto empresarial, un proxecto industrial, que sexa viable e que, polo tanto, permita esa viabilidade a medio e longo prazo.

Neste momento en Maderas Iglesias hai carga de traballo. Nestes momentos hai pedidos e, polo tanto, nestes momentos temos un escenario que dentro da dificultade, coa enorme débeda que ten a empresa, é certo que hai que buscar unha solución financeira. Polo tanto, a solución pasa pola chegada dun investidor e pasa simultaneamente tamén por chegar a acordos cos actuais acredores, e nese sentido é o que estamos a traballar conxuntamente coa empresa para dar esa solución. Efectivamente, a empresa é a que ten que dar o visto e prace e pechar o acordo con ese socio investidor, e nese sentido sabe a empresa que conta co acompañamento da Xunta de Galicia.

Pero, señor Bará, hai un terceiro elemento que vostede tamén trae aquí e co cal intenta desviar a atención. Aquí hai unha corresponsabilidade de todos, hai unha corresponsabilidade da empresa, hai unha corresponsabilidade dos empresarios e, por suposto, tamén unha corresponsabilidade da Administración. Pero a empresa ten aberto o diálogo, ten que, efectivamente, identificar esa solución desde o punto de vista do plan de financiamento, ten que restituír a confianza dos traballadores. Pero os traballadores tamén teñen que atopar o modo para desconvocar esa folga indefinida que en nada axuda á situación da empresa; sobre todo se queremos lograr un futuro para os postos de traballo.

Nese contexto é onde está mediando o Consello Galego de Relacións Laborais. E vostede sabe que hai bases para un acordo, sabe que nese preacordo se responde ás demandas dos traballadores. E nós o que esperamos é que se poida atopar ese acordo.

Creo que debe deixar de dividir, debe deixar de politizar esta situación e debe buscar e acompañar a todas as partes para poder encontrar ese acordo e non utilizar o Parlamento para desviar a atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor conselleiro, aínda que sexa «conde» debería ter un pouco máis de humildade. (*Risos.*) A nós parécenos intolerable, absolutamente inaudito, que veña aquí outra vez, como fixo xa a través da prensa —fíxoo a través da prensa, que non se atreveu a dicírllelo á cara—, botarlles a culpa aos traballadores da situación da empresa e pedirilles que vaian traballar sen cobrar. ¿Como lles pode dicir iso aos traballadores, que levan meses sen cobrar, que aínda non cobraron as pagas extras, que vaian traballar sen cobrar? Están exercendo un dereito lexítimo á folga para conseguir que se respecten os dereitos laborais e porque están fartos, ademais, de que os enganen, de que se burlen deles. E, polo tanto, queren que se cumpra iso.

E é certo que no Consello Galego de Relacións Laborais houbo unhas negociacións, hai un preacordo, pero a asemblea é soberana para tomar unha decisión e para decidir se se fía ou non se fía do empresario.

Pero, xa lle digo, sendo este un problema fundamental, o problema de fondo ten que ver coa supervivencia da empresa, coa viabilidade da empresa, coa entrada dun fondo investidor e co papel que xoga aquí a Xunta para garantir unhas mínimas condicións. E a realidade é que, na reunión do 30 de agosto en Vigo, o Igape se manifestou sorprendido porque o señor director do Igape marchara de vacacións pensando que estaba resolto o problema e resulta que se frustrou, supostamente pola oposición de certas entidades bancarias —entre elas, ao parecer, Abanca, que recibiu miles de millóns de fondos públicos e que agora se nega a axudar á supervivencia dunha empresa galega—. Polo tanto, dicímoslle unha vez máis que deixe de estar desaparecido, que dea a cara, que se poña á fronte, que defenda os postos de traballo nun sector estratéxico, que defenda o interese público tamén —porque esta empresa recibiu avais da Xunta de Galiza— e, polo tanto, que se poña á fronte das negociacións para buscar unha saída a este conflito e a esta situación crítica. Deixe, polo tanto, de ser avalista do empresario, como fixo sempre, poñéndoo, como dixeran, de exemplo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará, terminou o seu tempo. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Grazas, grazas, moitas grazas.

Peche desta pregunta por parte do señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Que fale vostede de humildade é anecdótico. Eu o que lle suxiro é que deixe de ser portavoz non sei de quen e que se informe antes de vir ao Parlamento. Porque vostede debería saber que este Goberno, en concreto o conselleiro, se reuniu co comité de empresa e cos alcaldes o pasado venres día 5 de setembro. E todo o que lle dixeran a vostede na primeira intervención, exactamente todo, díxenllo directamente ao comité de empresa, exactamente. Polo tanto, eu non veño aquí dicir cousas distintas. Eu trasládolles obxectivamente a situación que temos, con total realismo, aos traballadores igual que á empresa —coa que me reunín esta mesma mañá—. E, polo tanto, esta Consellería está liderando e está sendo parte activa na solución.

O que vén aquí simplemente a intentar dividir e a intentar politizar a situación de Maderas Iglesias —como xa lle dixen— é vostede. E así non haberá unha solución para os traballadores. A solución para os traballadores pasará por identificar ese proxecto industrial que lle dea viabilidade a ese plan de financiamento e, por suposto, por un acordo para solucionar o conflito laboral e que, polo tanto, se poida desconvocar esa folga. Porque ese é o principio da solución para Maderas Iglesias. Vostede sábeo e simplemente quere vir aquí alimentar un conflito que para nada lle daría unha solución a Maderas Iglesias.

Coñecemos ben as solucións do BNG neste tipo de situacións, coñecémolas ben. ¿Recorda Alfageme? Puxeron vostedes 32 millóns de euros que ao final pagaron todos os galegos. Esa non é a solución. A solución de Maderas Iglesias é que haxa un proxecto viable, que poida ser acordado polos investidores, polas entidades financeiras e, loxicamente, tamén acompañado pola Xunta de Galicia. Dende logo, se a solución que vostedes queren plantexar para Maderas Iglesias é a mesma que plantexaron no seu momento para Alfageme ou para Maderas Montouto, non conte con este Goberno, porque xeraron un quebranto aos galegos e ademais non conseguiron a viabilidade desas empresas.

Polo tanto, temos que seguir traballando. Seguiremos dialogando e liderando a solución para Maderas Iglesias dende a Consellería, xunto coa empresa e cos propios traballadores. Entendemos que o primeiro paso é a desconvocatoria da folga, o seguinte paso é, claramente, seguir traballando para identificar ese proxecto industrial e eses investidores que permitan o acordo coas entidades financeiras e, en definitiva, encontrar unha resposta.

Señor Bará, aínda que non o queira recoñecer, os traballadores de Maderas Iglesias saben que no Goberno galego teñen un aliado, e seguramente os traballadores de Elnosa saben que do Bloque Nacionalista Galego non poderán dicir o mesmo, porque vostedes din unha cousa para unhas empresas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e outras totalmente distintas para outras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Luís Villares Naveira e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante das dramáticas situacións para o emprego que sofren diversas empresas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro, imos seguir co mesmo tema.

Esta mañá o deputado señor Calvo defendeu unha PNL solicitando 20 millóns de euros para apoiar a Naturgy en Meirama. Amosou moita preocupación por unha empresa que non se pode dicir que estea nunha situación de crise. Esperamos que teñan unha similar preocupación e implicación coas medianas empresas industriais galegas en crise, que xeran moito máis emprego que moitas grandes empresas, empregos que en varios casos están en risco.

Un ano máis asistimos a un período estival dramático para determinado emprego industrial en Galicia. Así, son centos os postos de traballo que hoxe están en risco tanto por decisións empresariais inaceptables como pola falla de control exercido pola Administración.

Hoxe traballadores de Invertaresa, Vestas, Maderas Iglesias ou Sargadelos afrontan un futuro incerto para os seus postos de traballo e, polo tanto, para o benestar das súas familias. Todas elas empresas cunha traxectoria anterior de líderes nos seus respectivos sectores e imprescindibles para o tecido industrial de Galicia.

A pesar da gravidade da situación que afrontan estes centros de traballo, atopamos unha inacción efectiva por parte da Xunta de Galicia, incapaz, unha vez máis, de abordar con garantías para o emprego os procesos deste tipo que se dan en plantas galegas. A pesar dos continuos alegatos a favor do emprego industrial do Goberno galego, cada vez que se dan situacións concretas de posibles perdas de emprego, a Administración autonómica é incapaz de actuar con dilixencia, contundencia e proactividade, e así garantir os postos de traballo, optando sempre pola pasividade e tentando alonxarse dos problemas ou cunha implicación meramente protocolaria.

Cada vez que lle preguntamos sobre estes conflitos na Comisión 6ª ao director xeral do Igape, as respostas sempre son as mesmas: «estamos niso», ou «estamos na procura de buscar solucións dentro das nosas competencias». Isto escribino porque, como xa mo repetiu catro veces, téño case memorizado. Non se aporta nunca información concreta do que se está a facer. Cando hai éxitos, a Consellería sempre é competente e case imprescindible. Cando hai problemas, as competencias saen correndo.

Así, hoxe o sector industrial ten milleiros de postos de traballo perdidos respecto do comezo do goberno do señor Feijóo. Durante estes anos o emprego industrial en Galicia perdeu 46.600 empregos, o 21,5 %; chegou a mínimos no 2014, cunha leve recuperación ata 2017, pero agora, por desgraza, a tendencia inverteuse este ano e seguimos outra vez a perder emprego industrial. A día de hoxe hai menos persoas traballando na industria galega que a finais de 2017.

Moitos dos problemas das empresas industriais citadas, Invertaresa, Vestas, Maderas Iglesias ou Sargadelos, non teñen que ver coas súas posibilidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal, terminou o seu tempo. Grazas. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, grazas, xa está. A pregunta coñécese, que está no papel, non se preocupe.

Grazas. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, grazas, xa está, terminou o tempo. Xa sabe como vai isto das preguntas. Terminou o tempo. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, perdoe, eu corto. Creo que no tempo son bastante claro e trato a todo o mundo igual. Non nos equivoquemos.

Resposta do conselleiro de Economía.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Casal, eu sinceramente creo que debería actualizar o seu discurso, porque simplemente está baleiro de contido. Eu lamento a falta de coherencia que ten o seu grupo cando queren falar de industria. Porque queren defender a industria pero os feitos das Mareas e os feitos de Podemos encárganse de amosar que o seu discurso é simplemente puro teatro. Veñen facer aquí ao Parlamento teatro.

Gustaríame saber e que nos explicara por que En Marea se opón ao contrato de Navantia con Arabia Saudí. Gustaríame saber por que. Gustaríame saber por que se opoñen á continuidade das centrais de Meirama e das Pontes. É máis, gustaríame que llelo explicaran aos comités de empresa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Igual que me gustaría que puidera explicar por que se opoñen —e que llelo trasladaran aos traballadores— ao complexo de Ence-Elnosa. Ou gustaríame saber por que se opoñen tamén, no eido industrial, ao desenvolvemento do sector eólico ou da propia minaría.

Polo tanto, parece que no seu grupo hai traballadores de primeira e traballadores de segunda. Pero este Goberno, señoría, simplemente mantén un criterio, un criterio que é firme, que é defender a industria, que é fixar tecido industrial en Galicia cun criterio: que é que os proxectos sexan viables, que haxa un proxecto industrial que sexa competitivo e que poida garantir a viabilidade da empresa.

E nese contexto é no que estamos a traballar. E creo que debería revisar as cifras. Porque, se analiza os datos de afiliacións no eido da industria, verá como, dende o ano 2014, se recuperaron 20.168 afiliacións, crecendo por riba da media de España. Igual que no eido dos salarios, que tamén os salarios son os segundos que máis soben na industria en España, ou no propio índice de produción industrial.

Polo tanto, o Goberno segue traballando e defendendo a industria con responsabilidade, con diálogo e atendendo ás dificultades que poidan atravesar empresas como as que vostede mencionou. Xa falamos de Maderas Iglesias, coa que estamos traballando para atopar esa alternativa que lle dea viabilidade á empresa. E o mesmo sucede con Sargadelos, coa que, aínda que as circunstancias son distintas, estamos traballando, estamos traballando cos sindicatos para atopar unha solución; ou en Vestas, que sabe que en agosto tivemos unha reunión coa ministra de Industria para trasladarlle o compromiso da Xunta de Galicia para colaborar co mantemento da actividade e do emprego na factoría de Chavín.

Polo tanto, a Xunta de Galicia estará sempre onde o precise o emprego industrial, onde o precise a industria, traballando pola sustentabilidade da industria e non diferenciando entre industrias ou traballadores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica do señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Vostede, efectivamente, fala de discursos baleiros, pero vostede non contesta a nada, non di nada concreto. Pregunteille por Invertaresa, pregunteille por Sargadelos. ¿Que van facer de maneira concreta? ¿Van buscar un socio? Por exemplo, en Invertaresa teño información de que si hai socios solventes interesados. ¿Está a facer algo a Xunta de Galicia con respecto a isto?

E hai máis datos concretos. Vostede di que no 2014 había 154.000 persoas dadas de alta na seguridade social no sector industrial. En 2017, efectivamente, subiu en 18.000 persoas a contratación. Pero resulta que no que vai de ano —e vostede sábeo— perdéronse máis de 2.000. Ou sexa, non é un dato falso que se inverteu a senda de crecemento, e que a senda de crecemento, ademais, é moito máis baixa que no resto de España.

Pero imos falar do que preguntaba. Pois si, efectivamente, señor Conde, preferimos Sargadelos, preferimos industrias que desenvolvan ciclos completos de produción no país, que comercialicen totalmente a partir de medios de produción propios de Galicia, que a Ence. ¿Por que? Pois moi claro, Ence pode xerar 200, 250 ou 300 postos de traballo, pero destrúe máis de 1.500 postos de traballo na ría. Vostede saberá moi ben canta xente traballa na ría de Pontevedra, ¿verdade?, ou na ría de Noia. Saberá canta xente traballa no marisqueo na ría de Noia, os ingresos medios que teñen, e tamén canta xente deixou de traballar na ría de Pontevedra.

É que o futuro non pode estar baseado en destruír o ecosistema. Ese é o futuro de países sen mentalidade de progreso e de futuro real, non é o de por onde van todas as economías desenvoltas. Por iso estamos en contra de empresas como Ence. Ademais, empresas, como Ence, que na súa traxectoria tiñan que estar xa pechadas. Pero, claro, as portas xiratorias, a corrupción, permitiu que un goberno en funcións —que iso é un verdadeiro escándalo— lle incrementa sesenta anos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal, rematou o seu tempo. Grazas, rematou o seu tempo. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Peche desta pregunta polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, este Goberno vai seguir defendendo os traballadores de Navantia, os traballadores de Meirama, os traballadores das Pontes, os traballadores de Ence, os traballadores de Elnosa, os traballadores do sector eólico e os traballadores da minería. Lamento que En Marea queira pechar todas estas empresas. *(Aplausos.)*

Pero, señor Casal, dígolle máis. Lamentablemente, o discurso de En Marea vai sempre cunha dobre linguaxe. Eu preguntaría por que en ningunha das cidades onde goberna En Marea

vostedes queren colaborar coa Xunta de Galicia para captar investimentos. (*Murmurios.*) ¿Quéreme explicar por que vostedes en ningunha das cidades impulsaron un acordo coa Xunta de Galicia para rebaixar impostos, para axilizar os trámites administrativos e para favorecer os trámites que teñen que desenvolver as industrias e, polo tanto, captar investimentos, sabendo que iso non xera ningún tipo de quebrando nos ingresos municipais? ¿Quéreme dicir por que vostedes non colaboran co tecido industrial de Galicia alá onde gobernan? ¿Quérellelo explicar tamén vostede ás empresas que se queren implantar nesas cidades? É unha dobre linguaxe que, lamentablemente, non axuda a xerar tecido industrial en Galicia.

Seguiremos traballando para que Maderas Iglesias poida atopar un investidor e que, polo tanto, lle poida dar viabilidade. Estamos en reunións permanentemente coa empresa, cos traballadores e cos investidores; exactamente igual que con Sargadelos, que logramos desbloquear a situación e, polo tanto, que ambas partes se senten a negociar co único obxectivo de conseguir a estabilidade deste referente empresarial e, polo tanto, manter os postos de traballo.

Seguimos velando polos plans de investimento na factoría de Vestas en Chavín. E, por suposto, señor Casal, claro que estamos permanentemente en reunións co administrador concursal, co comité de empresa e cos investidores interesados en investir en Invertaresa. ¡Claro que si, claro que si!, e sábeno os traballadores e o comité de empresa. Igual que estamos axudando a que Vulcano poida desenvolver esa construción dun ferry e igual que estamos colaborando con calquera industria con dificultades. Eu non veño aquí a falar de todo o tecido industrial, pero, se quere, poderíamos falar de Pescanova —que o Goberno galego estivo axudando a Pescanova—, poderíamos falar de Fandicosta, do Grupo Copo ou de Ingemarga. Todas esas empresas contaron coa axuda da Xunta de Galicia para desenvolver un plan industrial e, polo tanto, para garantir os postos de traballo.

A Xunta de Galicia estará sempre co tecido industrial, cos traballadores e, polo tanto, garantindo a fixación de tecido industrial. Lamentablemente, En Marea non sabemos que política industrial ten, ou, lamentablemente, si o sabemos: pechar determinadas empresas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D. Cesar Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do acordo asinado entre a Xunta de Galicia e as centrais sindicais para incrementar o salario do persoal docente

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Como todos sabemos, no pasado mes de xullo rubricábase un acordo entre a Consellería de Educación e os sindicatos de Comisións Obreiras e UXT polo que se pactou unha suba salarial

dos docentes galegos, de tal xeito que o profesorado galego pasa a situarse na parte alta da táboa retributiva dos docentes no conxunto do Estado. Lonxe quedan aqueles momentos do período de sesións anterior, no que por algunhas forzas políticas incluso se intentaba trasladar a imaxe de que dende o Goberno da Xunta se lles estaba dando as costas ás reivindicacións dos profesores e se fuxía da busca dun acordo. Unha vez máis, é unha cuestión que quedou desmentida polos propios feitos e pola realidade, porque non hai, ao final, mellor xuíz para desvelar os argumentos falsos que o propio tempo. Xa digo, lonxe quedan aquelas afirmacións que negaban a intención da Xunta de buscar acordos, e hoxe temos xa enriba da mesa un acordo.

O referido acordo, que foi a culminación dun proceso de negociación de máis de dous meses, finalmente permitiu que os docentes galegos vexan incrementado o seu salario nun montante total de 1.260 euros ao ano; un incremento salarial que comezará a aplicarse xa no vindeiro mes de outubro e que se irá implementando de xeito paulatino ata o ano 2021.

O que nos gustaría saber, e por iso formulamos esta pregunta hoxe no Pleno, son os detalles e a valoración do Goberno galego sobre este acordo asinado entre a Xunta e os sindicatos para incrementar o salario dos docentes en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, a verdade é que agradezo esta pregunta. Moitas veces esta resposta utilízase de xeito retórico, pero creo que neste caso é moi acaída. Vostede acábao tamén de plantexar na súa exposición previa á pregunta, porque ao final creo que o que imos dicir aquí fixa un pouco o que son os umbrais da credibilidade da acción política duns partidos políticos ou doutros, ou da acción de goberno ou da non acción de goberno.

Efectivamente, na última sesión plenaria do pasado período de sesións —en concreto o 11 de xuño— tamén se debateu e se falou deste tema aquí nesta Cámara. Naquel momento os grupos da oposición dixeron de todo, creo que está no *Diario de Sesións* e creo que non merece a pena repetir os malos augurios e incluso as ameazas que se plantexaban naquel momento. O Goberno respondeu con sensatez, dixo que se estaba negociando, dixo que se estaba nun momento de reflexión e dixo que posiblemente, se se chegaba a bo porto, habería unha resposta en breve prazo de tempo.

Hoxe, na primeira xornada do actual período de sesións, podemos vir aquí cos deberes e co traballo feito. Porque, efectivamente, poucos días despois daquela sesión parlamentaria asinouse un acordo retributivo entre a Xunta de Galicia e dúas organizacións sindicais, neste caso Comisións Obreiras e UXT, que plantexa unha mellora, unha suba salarial, para un

importante colectivo, para un colectivo superior a 30.000 persoas, que son os docentes que ten o sistema educativo público en Galicia.

Obviamente, a nosa reflexión é positiva. A partir de outubro, é dicir, do seguinte mes, xa este importante colectivo, fundamental para mellorar a calidade educativa de Galicia, vai percibir na súa nómina un incremento salarial, un incremento salarial de 1.260 euros ao ano, unha vez que estea rematado o período de implementación. Como acabo de dicir, comeza no mes que vén, con 15 euros; posteriormente, o 1 de xaneiro de 2019 pasamos a 20 euros; o 1 de xaneiro do ano 2020, 25 euros; e o 1 de xaneiro do 2021 chegaremos a 30 euros, co cal teremos o ciclo pechado.

Entendemos que é un acordo importante. Despois do ano 2006 é o primeiro que se fixo. Fixa un incremento salarial lineal para todos os corpos do ensino e posibilita que os docentes galegos estean situados nos postos máis elevados dentro do ránking interautonómico. Damos un salto cuantitativo e cualitativo moi significativo. E obviamente entendemos tamén que se mellora o acordo acadado no ano 2006, porque de xeito inmediato, e un pouco despois do acordo e sinatura, xa os docentes van percibir un incremento salarial nas súas nóminas. Co cal, obviamente, estamos moi contentos e satisfeitos, é un montante de... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois.

Réplica, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, quero en primeiro lugar agradecerlle a súa resposta e recoñecer o traballo, recoñecer o traballo que se fixo por parte da Consellería para alcanzar este acordo, cando, como dicíamos antes, dende moitas forzas políticas se negaba incluso a intención de acadar un acordo.

Evidentemente, estamos a falar dun acordo importante polo esforzo cuantitativo que supón unha suba salarial a un colectivo que, como vostede acaba de sinalar, engloba máis de 30.000 docentes. Eu creo que todos os que estamos aquí somos quen de pensar que o impacto sobre o orzamento público da Comunidade Autónoma dun acordo salarial para máis de 30.000 docentes pois é un impacto importante. E nese sentido gustaríanos coñecer tamén o montante global desta suba e o que sería o impacto real sobre o orzamento autonómico, porque eu creo que iso, dalgún xeito, pon en valor, se cabe, o esforzo que se fixo por parte da Consellería e por parte do Goberno para alcanzar e asinar este acordo con Comisións Obreiras e con UXT.

Porque, ademais, eu creo que ao final este acordo salarial é tamén froito dun esforzo e dun traballo que se leva facendo ao longo dos últimos anos, que é centrar a acción de goberno na responsabilidade, no rigor e na eficiencia da xestión dos recursos públicos. Porque, ao final, a xestión dos recursos públicos, unha xestión eficiente e racional, é o que permite en momentos nos que a situación así o permite, así o posibilita, acadar acordos para mellorar as condicións retributivas do persoal —neste caso dos docentes, pero de todo o persoal da función pública—.

Nese sentido, nós alegrámonos que sexa un acordo que recolla o que eran as demandas das centrais sindicais, que era colocar os docentes galegos dentro da parte alta da táboa de retribucións interautonómica. E consideramos tamén que isto é unha boa fórmula para recoñecer o importante traballo que se fai por parte dos docentes, que, en definitiva, redonda na mellora da calidade do noso sistema educativo.

Polo tanto, simplemente queriamos coñecer, como dicía antes, cal é ese montante total do novo acordo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Peche desta pregunta por parte do señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Pois, señor deputado, a verdade é que a suba individual a cada profesional docente de 1.260 euros ao ano, se os agregamos no cómputo xeral, pois é unha cantidade moi significativa. Galicia neste sentido fai un notable esforzo para, dalgún xeito, apoiar o traballo desenvolto polos profesionais docentes. Estamos a falar, aproximadamente, de 41 millóns de euros. Pódenos parecer que a suba individual non é moi significativa — aínda que si o é—, pero agregada dános a idea do esforzo que vai facer Galicia, que van facer os galegos e as galegas cos seus impostos, para achegar máis de 41 millóns de euros aos profesionais docentes.

Pero a verdade é que este acordo foi froito dunha folla de ruta que se puxo no seu momento por parte dos sindicatos e por parte, neste caso, da Administración da Xunta de Galicia. Nós queriamos lograr un acordo de incremento salarial para todos os docentes e tamén queriamos situar o salario dos docentes galegos na parte máis alta da táboa a nivel interautonómico. A verdade é que fomos a primeira comunidade autónoma que abordamos este reto, o de plantexar un incremento salarial. Tamén fomos a primeira comunidade autónoma que logramos pechar con éxito este acordo retributivo cos sindicatos. E a verdade é que houbo un traballo compartido, houbo unha negociación de dous meses aproximadamente, con tiras e afrouxas, como é natural, entre as organizacións sindicais e a Administración. Pero, certamente, sempre primou unha vontade de diálogo, de responsabilidade, de xenerosidade por ambas partes e tamén de altura de miras pensando nun ben común.

Realmente os docentes son a clave de bóveda do sistema educativo. E se nos últimos anos tivemos notables avances en moitísimas variables que fixan a calidade e a equidade dun sistema educativo, en gran parte isto é responsabilidade dos docentes, dos profesores; en definitiva, o seu esforzo, a súa motivación, as súas ganas e a súa ilusión por facer ben o seu traballo. E, neste sentido, a subida salarial é só un paso máis ou un recoñecemento máis da importancia que lles dá este goberno aos docentes. Para iso tamén é moi importante a estabilidade dos profesionais nos seus centros de traballo, nos centros educativos. Galicia é a comunidade autónoma con menor taxa de interinidade do conxunto do Estado. E tamén nos últimos anos levamos facendo un notable esforzo por facer unha estabilización laboral,

cunhas ofertas importantes desde o punto de vista de emprego público, unhas oposicións importantes nos últimos anos.

E xunto a isto tamén é moi importante a formación do profesorado. E Galicia pode facer gala de ter un bo sistema de formación continuada do profesorado. Ao redor de dous terzos dos profesores participan todos os anos en accións formativas para mellorar a calidade docente e para trasladarlle ao alumnado a aprendizaxe que estes propios profesores fan en diferentes actividades de formación. Todo iso xera un círculo virtuoso que posibilita —como xa dixen antes— que Galicia nos últimos anos acadara bos resultados en calidade, en igualdade e, en xeral, tamén en igualdade de oportunidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e once deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances e novidades que se produciron nos últimos meses no proxecto do Gran Montecelo, en Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Jacobo Moreira, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señor conselleiro.

Ben, como é sabido, en xullo do ano 2016 a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar a ampliación do Hospital de Montecelo e para a dotación tamén das infraestruturas e servizos necesarios. O paso seguinte —que lembramos porque foi un paso que se fixo dunha forma inédita e exemplar— foi a licitación e a adxudicación do Plan de espazos e do Plan funcional. Digo que foi inédita e exemplar a elaboración deste Plan de espazos porque contou cun proceso participativo, tanto de profesionais como de pacientes por diversas canles, e creo que é bo tomar como referencia este proceso para futuros plans de espazos.

No DOG do 9 de agosto do ano pasado publicouse o anuncio da licitación da contratación do servizo de elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e ampliación do Hospital Montecelo e da redacción do proxecto básico e de execución e dirección facultativa da fase I da obra de construción do Gran Montecelo. Ben, este contrato foi adxudicado; de feito, uns meses despois neste mesmo ano levouse a cabo un acto de presentación do equipo redactor deste proxecto sectorial.

O que queremos saber, señor conselleiro, é que novidades, que avances se produciron desde entón. E, en particular, tamén quero aproveitar a ocasión para preguntarlle por unha noticia que hoxe coñecemos: a de que o Concello de Pontevedra, que asinou este convenio, anunciou que ía solicitar ou que estaba solicitando á Consellería a modificación do proxecto para incluír a regulación dos aparcadoiros privados que están nas zonas aledañas ao hospital.

Polo tanto, queremos coñecer a súa opinión sobre estes avances e tamén sobre esta manifestación que hoxe mesmo xurdiu por parte do Concello de Pontevedra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, a verdade é que si. A área sanitaria de Pontevedra está sendo relanzada nos últimos anos, xa coa ampliación do Hospital do Salnés e agora con este Gran Montecelo, un proxecto que vai deixar a sanidade de Pontevedra nun altísimo nivel para os próximos cincuenta anos. E a verdade é que é un proxecto modélico, porque houbo unha integración de todos os colectivos, de todos os profesionais e da representación social e política de Pontevedra nun proxecto común.

O Gran Montecelo será un novo hospital público máis amplo, máis humano e con capacidade para atender as necesidades existenciais —como dicía— dos próximos cincuenta anos. Un hospital que nos permitirá ter unha atención sanitaria máis moderna, áxil, próxima ao usuario e coa última tecnoloxía. O compromiso que adquirimos é ir dando pasos para demostrar que o Gran Montecelo é a aposta definitiva, e non cabe ningunha dúbida de que imos avanzando.

Despois de todo o traballo desenvolvido polos cidadáns e polos profesionais, que achegaron moitísimo a este proxecto, queremos ir informando dos seus progresos. De feito —dicíao o señor deputado hai un momento—, este é un modelo único en España, onde a participación dos cidadáns e dos profesionais permitiu que deseñaran eles o hospital que querían ter. Despois aplicamos este modelo por primeira vez á atención primaria no estudo do Plan de espazos e necesidades, así como tamén no Plan funcional en atención primaria en Cangas e Moaña. Polo tanto, Montecelo foi esa primeira experiencia a nivel nacional e, desde logo, imos continuar porque nos parece moi importante.

Tal e como informei na sede parlamentaria o pasado mes de marzo, o 16 de febreiro formalizouse o contrato coa UTE, formada polo estudio Chile 15; gAU Arquitectura e Urbanismo, S. L. P.; e JG Ingenieros, para a elaboración dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e a ampliación do Hospital Montecelo, o Gran Montecelo, e da redacción do proxecto básico e de execución da fase I da obra de construción. E seguindo coa tramitación, o 15 de maio de 2018 recibíuse unha primeira versión do proxecto sectorial, o documento inicial estratéxico, e o estudo de impacto e integración paisaxística. O 7 de xuño de 2018 o Consello da Xunta aprobou a declaración de interese supramunicipal do proxecto sectorial para a ampliación do hospital. Con este acordo damos un paso máis cara á materialización deste importante proxecto, dando cumprimento aos prazos previstos que expresamos en varias reunións —como dicíamos— con todos os colectivos. Dentro da tramitación preceptiva, o 20 de xuño de 2018 remitiuse á Dirección

Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o trámite de avaliación ambiental, e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental someteuno a exposición pública, cun prazo de corenta e cinco días hábiles — temos que cumprir unha serie de prazos—, recibindo informes de institutos de estudos do territorio, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro, ten outra rolda despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...Dirección Xeral de Estradas, Dirección Xeral de Saúde Pública, Concello de Pontevedra e Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo. Grazas.

Réplica, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor conselleiro.

Quero darlle, por tanto, os parabéns por seguir liderando unha sanidade pública da que todos os galegos estamos orgullosos. *(Murmurios.)* É unha sanidade que comprende o 40,7 % do orzamento da Xunta de Galicia. É verdade que nunca houbo tantos profesionais na sanidade pública, nunca se construíron tantos hospitais, nunca se construíron tantos centros de saúde...

E a verdade é que, señor conselleiro, resulta difícil de dixerir ou escoitar que algúns partidos políticos falen, coa sanidade que temos, de recortes; é algo incomprensible. *(Risos.) (Murmurios.)* Eses mesmos partidos que precisamente alarmaron os galegos anunciándolles que ían ter que ir coa tarxeta bancaria, a tarxeta Visa, cada vez que foran a Urxencias, ou que ían ter que pagar a consulta no médico, ou que ían ter que pagar por durmir no hospital. Ben, creo que ante os feitos, os usuarios da sanidade pública están vendo que eran todo falacias da oposición. Eu creo que temos que sacar peito e estar orgullosos da sanidade pública, como o están algúns líderes políticos de partidos aquí representados, pero que están noutras cámaras. Creo que ese é o exemplo que temos que seguir. A opinión dos galegos realmente é que temos unha moi boa sanidade pública, e o barómetro sanitario —que hoxe comentou o presidente da Xunta de Galicia— é un claro exemplo do nivel de satisfacción da cidadanía galega.

Polo tanto, nós, en canto ao hospital de Pontevedra, señor conselleiro, estamos comprobando con satisfacción que o compromiso da Xunta de Galicia segue dando os seus pasos, segue avanzando. Polo tanto, os nosos parabéns. O único que nos resta por saber é que pasos están a dar en concreto na redacción, como se está a levar a cabo a redacción, que trámites en concreto se están a levar a cabo. E nós imos seguir pendentes, desde este grupo parlamentario, dos avances. E estamos convencidos tamén de que o Concello de Pontevedra vai colaborar neste proxecto sen poñer ningún tipo de atranco aos compromisos asumidos coa sinatura dese convenio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Si, perdón polo de antes, señor presidente, pero estaba dando os informes preceptivos que se recibiron por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, que fixo unha resolución que se recibiu no Sergas o 31 de agosto para —como digo— seguir os pasos. E agora iníciase a elaboración do estudo ambiental e estratéxico con todos os informes preceptivos, engadindo aquilo que sexa necesario. Podemos dicir que estamos a cumprir co programa marcado que nos leva a conseguir o obxectivo de poder licitar a obra o próximo ano.

O proxecto do Hospital Gran Montecelo naceu cun alto grao de consenso entre os nosos profesionais, asociacións veciñais e outras administracións, e, desde logo, teño que recoñecerlle ao Concello de Pontevedra a súa colaboración. Temos algunha diferenza, pero son as diferenzas lóxicas dun proxecto tan amplo. Tivemos a última reunión co Concello de Pontevedra, coa empresa e cos propios profesionais da Consellería en agosto. Sei que a oposición ás veces critica que a Consellería de Sanidade traballe en agosto, que faga propostas de lei en agosto, pero hai que traballar en agosto precisamente para acurtar os prazos, que son garantistas. Pero, desde logo, o que queremos facer é un proxecto de futuro.

Hai unha serie de diferenzas e unha delas é precisamente o que titulan no Concello de Pontevedra como «leirapark», pois claramente a Xunta, a Secretaría Xeral de Urbanismo considera que debe facerse dentro dun plan especial de dotacións. De todas formas fixemos a consulta para tratar de colaborar e facelo desde o plan sectorial sen demora, nos tempos que xa temos. É dicir, desde logo, non iamos aceptar unha nova exposición de corenta e cinco días hábiles porque nos atrasaría moito todo o proceso. Pero —como dicía— a Secretaría Xeral de Urbanismo deu a solución ao Concello de Pontevedra, que era facer un plan especial de dotacións para este fin. Co cal, seguimos colaborando. E imos seguir cunha metodoloxía participativa, porque agora o que estamos facendo é a revisión con todos os profesionais do hospital, con máis de sesenta e cinco reunións —acabamos, de feito, o 17 de setembro estas reunións— para seguir no proceso de expropiacións e conseguir o proxecto básico e de execución. O proxecto básico da fase I xa está en revisión por parte dos técnicos, e acabaremos en breve tamén o proxecto de execución. Faltaría aí a expropiación, porque sen a expropiación non podemos licitar a obra.

Polo tanto, imos seguir con moito interese este gran proxecto que vai mellorar de forma moi notable, desde logo, a sanidade de Pontevedra. E —como dicía vostede— tamén imos demostrar que, desde logo, cando máis se inviste en sanidade é na Xunta de Galicia que preside o presidente Feijóo.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios utilizados polo Goberno galego para determinar o volume de persoal existente o sábado 4 de agosto no PAC da Estrada

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Julio Torrado, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Despois deste monólogo a dúas voces, imos tentar falar da realidade sanitaria deste país, que é algo que parece bastante imprescindible.

Esta pregunta, señor conselleiro, constata dous graves fracasos. Probablemente ten vostede o récord de facer fracasar dous dos poderes dun sistema democrático na mesma pregunta. O primeiro, o lexislativo: vostede representa o fracaso deste parlamento. Que despois do circo que vimos aquí con algunhas cuestións sobre comparecencias, comisións, etc., vostede se negara a comparecer para explicar esa situación é lamentable. (*Aplausos.*) Segundo fracaso: que dunha mala xestión —advertida por todo o mundo menos pola Consellería— se derivara unha fatal consecuencia, un resultado horrible, é probablemente un gran fracaso dun goberno, que é o poder executivo. Vostede está encarando dous graves fracasos do sistema neste mesmo momento. Porque é a primeira vez que vai falar disto, señor conselleiro, e porque hai unha pregunta neste pleno, non porque vostedes quixeran.

Non foi un accidente absolutamente impredicible. O risco cero non existe, pero non é absolutamente impredicible; advertírono os profesionais dos PAC. ¿Sabe que fixeron vostedes cando os profesionais dos PAC os querían advertir e se reunían con vostedes? Botáronos da reunión. ¿Sabe que fixo o seu partido —do que vostede é membro, e represéntao no Goberno— cando neste parlamento se dixo literalmente: os PAC neste país están quedando sen profesionais porque só teñen un equipo para cubrir moita extensión de poboación e, se teñen que ir a unha urxencia, quedan os PAC baleiros? ¿Saben vostedes que fixeron? Primeiro, dicir: están vostedes alarmando, e, segundo, votar en contra do incremento do persoal.

Señor conselleiro, vostede prefere escapularse que resolver, porque vostede seguramente debe considerar un logro tardar máis dun mes en dar algunha explicación. Seguramente. Porque acaba de dicir vostede na pregunta anterior —se é que era unha pregunta de verdade— que hai que traballar en agosto. ¿E onde estaba vostede en agosto cando isto ocorreu? Se hai que traballar en agosto, ¿onde estaba? Pódeme contestar, se quere, despois, ou pode non contestar.

Señor conselleiro, a realidade é grave. Vostede dirá que isto todo é unha ferramenta, unha alarma, como tantas veces. Pero engádolle unha pregunta: ¿pode garantir que este último mes, na fin de semana, non houbo ningún PAC na mesma situación que estivo o da Estrada o fatal 4 de agosto? Creo que non pode, porque os houbo. ¿Pode garantir que nunca tivera ese problema o PAC da Estrada de ter un equipo só, como dixo o presidente Feijóo? Non pode.

Fan falta médicos no sistema, señor conselleiro. Creo que o mellor que pode facer é deixar a Consellería e volver ao sistema. Gañaremos un bo médico, pero non perderemos un bo conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

En primeiro lugar, quixera dar o pésame á familia de José Manuel de parte de todos os profesionais do Sergas, como xa fixo a xefa do equipo que o atendeu ese día na Estrada, e tamén o equipo directivo da área sanitaria de Santiago nesta mesma semana.

Os puntos de atención continuada foron creados a través do Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de urxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia, para prestar a atención sanitaria urxente no ámbito da atención primaria. A aprobación deste decreto supuxo un notable avance na atención das urxencias en Galicia. O Servizo Galego de Saúde conta con noventa puntos de atención continuada distribuídos por toda a comunidade autónoma, que no 2017 fixeron máis dun millón e medio de asistencia, das que o noventa por cento foron resoltas no PAC sen necesidade de derivación.

No ano 2009, cando empezou a gobernar a actual Xunta, había catrocentos cincuenta e sete médicos nos PAC. No 2018, neste mesmo ano, temos quíntos corenta e nove médicos, noventa e dous médicos máis dos que había no ano 2009, ademais de todos aqueles médicos que de forma voluntaria fan gardas nos PAC.

O artigo 5 do citado decreto é, precisamente, no que se establece o persoal co que deberá contar o PAC. Desde hai anos, nos PAC analízanse constantemente as cargas de traballo para reforzar e reorganizar efectivos. A asistencia nos puntos de atención continuada está cuberta por persoal sanitario profesional de medicina de familia, profesional de enfermería e non sanitario, como os PSX, en horario continuado de 15.00 a 8.00 da mañá do día seguinte en días laborais e de vinte e catro horas nos festivos e domingos.

Efectivamente, en momentos puntuais pode haber dificultades para cubrir as urxencias, tanto nos PAC como no resto de centros de saúde, pero estes son puntos prioritarios, e, desde logo, sempre tratamos de cubrilos. Esta dificultade xa aparecía no documento do Bipartito, coa conselleira do Partido Socialista, que se chamaba «Propuestas de transformación de la atención primaria en Galicia» —coñecido tamén como plan Mellora—, que firmaban don Pablo Vaamonde e don Manuel Martín, e que, como solución a este problema, suxerían unha reforma en profundidade dos PAC que produza unha redución do actual número de puntos. Fronte a esta solución simplista, a actual Xunta de Galicia puxo en marcha varias medidas, como o incremento do número de prazas MIR en atención primaria —de noventa prazas que había no ano 2015-2016, neste momento ofrecemos cento cinco— ou as vinte prazas de pediatría utilizadas todos os anos, que queremos subir a vinte e seis...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Rematou o seu tempo. Ten outra rolda despois. Grazas.

(O señor Vázquez Almuiña pronuncia palabras que no perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

É a primeira vez que puido falar deste tema, señor conselleiro, e faloume do Bipartito, da ministra, do señor Vaamonde, do ano 2009..., e non mencionou nin nun só momento o PAC da Estrada. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, ¿vostede sabe o que pasou no PAC da Estrada? Porque hai máis dun mes. Acábame de dar unha resposta, a primeira posibilidade que ten vostede... Ben, non a primeira posibilidade, a primeira obriga que ten. Posibilidade teríaa antes, pero non quixo. E non mencionou o PAC da Estrada.

Verá, señor conselleiro, estou convencido do que vai facer agora: vai dar datos aos que non se lle pode contestar polo formato da pregunta parlamentaria. Porque vostede pretende saír vivo da pregunta parlamentaria. *(Murmurios.)* Xa sei que para vostedes é un milagre, pero morreu unha persoa. Non se trata de saír vivo dunha pregunta parlamentaria, *(Murmurios.)* trátase de dar unha explicación e trátase de achegar cal é a posible solución. E se non lles importa, vou seguir falando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Señor conselleiro, non é o momento de discutir sobre se isto é unha retórica parlamentaria, se vostede regatea mellor ou peor.

¿Por que tiñamos un só equipo no PAC da Estrada? ¿Por que non era a primeira vez? ¿Por que non hai...? *(Murmurios.)* Claro que xa o contei, pero non me contestaron. ¿Por que ocorre en máis PAC? ¿Por que segue ocorrendo? ¿Por que podemos ter outra vez a mesma situación que se deu lamentablemente, porque seguen dándose as mesmas circunstancias? ¿Que fixo a Consellería ata o de agora? Responda a algunha desas cousas.

Xa sei que vostede considera un triunfo poder botarlle a culpa a Pedro Sánchez, pero non estamos falando disto, señor conselleiro. Hai un problema grave co persoal dos PAC —en xeral da sanidade, pero tamén dos PAC— que afecta cuestións moi graves. ¿Hai algún plan para resolvelo? ¿E que pasou o 4 de agosto na Estrada? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Moitas grazas, señor presidente.

O Punto de Atención Continuada da Estrada atendeu durante o ano 2017 un total de 12.561 pacientes, o que supón unha media de arredor de trinta e catro pacientes diarios, cunha capacidade resolutive de arredor do noventa por cento, e cunha media de saídas de 1,5 ao día, é dicir, tres saídas cada dous días. No PAC da Estrada, nos últimos oito anos, arredor de cen mil pacientes foron tratados, atendidos, e non houbo ningún falecemento dentro do propio centro. Falamos dos últimos oito anos rexistrados.

O PAC da Estrada conta cun equipo sanitario establecido cun profesional médico, un de enfermería e un PSX e mais, de forma estable desde hai anos, cun segundo médico os sábados pola tarde e os domingos e festivos ata as dez da noite.

A planificación do verán realizouse tendo en conta as vacacións no mes de xuño, e o PAC da Estrada tiña os profesionais asignados habituais: dous médicos o sábado pola tarde e o domingo pola mañá e pola tarde. Para os días 4 e 5 de agosto coincidía o mesmo profesional, que o sábado non se presentou. Polo que, tan pronto avisan do PAC que esta persoa non aparece, se intenta contratar outra persoa chamando toda a lista de persoas que están anotadas para facer as gardas, sen ser posible que ese día puidera acudir ningún outro compañeiro. Pero si se contratou xa para o seguinte día, o domingo, que estaba a mesma persoa que non ía poder acudir. Foi imposible contar cun segundo profesional para o sábado. As chamadas de todo o equipo da Xerencia de Santiago así o confirman. Non foi un tema de recorte, de non quero dar algunha asistencia determinada, senón que non houbo posibilidade.

O feito que nos trae aquí é que no PAC da Estrada se presentou un paciente ás 19.05. Algún parlamentario mentiu esta mañá dicindo que levaba unha hora esperando. Chegou ás 19.05. Nese momento o equipo sanitario estaba efectuando unha asistencia de urxencia fóra do centro, requirido desde a central do 061, que por lei é a que ten que designar que efectivos van a cada sitio, porque entende que eles priorizan. Desde o PAC avísase o 061 da chegada do paciente e solicítase unha ambulancia. Dez minutos máis tarde, desde o PAC contáctase de novo co 061 porque o paciente empeora; desde alí informan de que o recurso máis próximo é o equipo do propio PAC, que está volvendo de Santiago. Nese momento, desde a central do 061 indícaselle ao PSX que inicie manobras de recuperación cardíaca cando é avisado polo empeoramento da situación, dándolle as indicacións ao respecto. Desde o 061 mobilízase ademais unha ambulancia medicalizada, que non chega porque chega moito antes o equipo médico deste PAC. E alí realízanse as manobras de reanimación durante quince minutos, sen ser, desgrazadamente, posible reanimar este paciente.

O sistema de atención de urxencias e emerxencias sobre o que pretende xerar dúbidas, coordinado polo 061, xunto cos servizos de Urxencias dos hospitais e da atención primaria, é o mesmo que tan demostrada ten a súa capacidade en catástrofes...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...como O Marisquiño, como Paramos ou como moitas outras. E, desde logo, seguimos traballando en mellorar non só as dotacións de equipamento, dos edificios dos PAC e dos centros de saúde, senón tamén en mellorar as condicións do persoal.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E temos reunións pactadas con eles para seguilo facendo durante este mes de setembro.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, rematou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas dos traballadores do Sergas provocadas pola decisión do Goberno galego de trasladar os servizos de coordinación das urxencias sanitarias de Galicia ao edificio do Centro Integral de Atención ás Emerxencias, na Estrada

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Boa tarde, señor Almuíña.

Lamento que un mes despois de producirse o pasamento dunha persoa na Estrada vostede aínda non tivera tempo de darlle o pésame á familia.

Hoxe queremos preguntarlle, precisamente, pola situación do 061. A Xunta de Galiza adoptou a decisión de trasladar os servizos de coordinación do 061, actualmente ubicados en Compostela, ao edificio de atención integrada de Emerxencias da Estrada. A data comunicada para este traslado é a principios de outubro. Este traslado significa unha modificación substancial das condicións laborais dos profesionais: modificación en custos polo desprazamento; modificación en aumento do tempo para chegar ao posto de traballo, o que supón na práctica un aumento de xornada laboral; modificación das condicións da conciliación familiar... Ese traslado afecta arredor de cento noventa profesionais: o profesional estatutario e laboral da Xunta de Galiza e o persoal pertencente á empresa do Grupo Norte, ao que se lle ten externalizado parte do servizo.

Os profesionais reclaman unha compensación diante desta deslocalización do seu posto de traballo, deste traslado forzoso que afecta substancialmente as súas condicións laborais e de vida. Supón perda de cartos e de tempo, dificultades e conciliación; a algúns profesionais supónlles o quince por cento do seu salario. Estánlles a ofertar sobre cento corenta euros por doce meses, cando os gastos de ir e vir á Estrada andan arredor dos cento cincuenta euros nun só mes.

Diante deste traslado e da repercusión laboral, os traballadores trasladáronlle as súas demandas en maio do ano 2017. Non foi ata xaneiro deste ano 2018 cando conseguiron o primeiro contacto co Sergas. A seguinte reunión non conseguiron que se puxera ata xuño deste ano 2018. Logo pecharon por vacacións, e non foi ata setembro que volveron ter a seguinte reunión, onde lles presentaron a mesma oferta de compensación e de condicións

de traslado que presentaran no mes de xullo, sen cambiar absolutamente ningunha das condicións. Lamentábel, señor conselleiro. Unha proposta que foi rexeitada polos traballadores e traballadoras por considerala insuficiente e insatisfactoria xa en xuño.

Os traballadores e traballadoras do 061, tanto estatutarios coma do Grupo Norte, están en folga desde agosto deste ano 2018. Levan un mes en folga por esta situación de desacordo.

Estamos diante dun servizo esencial como é a coordinación das urxencias sanitarias de Galiza. Faise preciso que por parte da Xunta, do Sergas, do 061 e do Grupo Norte se abandone esa posición de inmovilismo, de persecución e se pase a unha situación de acordo e de diálogo, porque estamos a falar —insisto— das urxencias extrahospitalarias.

Señor conselleiro, ¿vai atender as demandas do persoal do 061 e do Grupo Norte? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señora Prado, o pésame á familia —como dixen anteriormente, non sei se estaba vostede escoitando— foi dado polo profesional e polo equipo que atendeu o paciente, e tamén polo equipo directivo para pórse á disposición. A diferenza de vostedes, sen foto, simplemente na intimidade que corresponde a cada unha destas situacións.

Mire: a centralización de todos os servizos relacionados coas emerxencias no Centro Integral de Atención ás Emerxencias da Estrada fará que teñamos un servizo que gañe en seguridade, eficacia e eficiencia. No mesmo edificio funcionarán de maneira conxunta e coordinada, ademais das centrais do 061 e do 112, as que representen as forzas e corpos de seguridade do Estado, Policía Autonómica, bombeiros, Salvamento Marítimo e Medio Rural, garantindo respostas eficaces, rápidas e coordinadas ante calquera situación que poida acontecer na nosa comunidade. Ademais, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 unificará as súas instalacións nun único edificio, porque agora mesmo temos dous edificios: un na Radio-Televisión galega e outro en Conxo.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde mostraron en todo momento preocupación e sensibilidade ante as demandas dos traballadores, tanto laborais como estatutarios, pertencentes á Fundación Pública Urxencias Sanitarias, relacionadas co cambio de centro de traballo de Santiago ao Centro Integral de Atención de Emerxencias, sito na Estrada.

Esta preocupación queda demostrada con continuas reunións entre os representantes dos traballadores e os representantes da Consellería de Sanidade, asistindo a todas as reunións dende o xerente do Servizo Galego, a subdirectora de Relacións Laborais, e tendo ata cinco reunións: en xaneiro, en xuño dúas, unha xullo e outra en setembro, e proximamente seguramente temos outra en marcha.

Creo que hai que deixar claro que o cambio de centro de traballo de Santiago de Compostela á Estrada non é considerado dentro do estatuto como un cambio substancial nas condicións de traballo, porque pertence á mesma área sanitaria. A pesar disto, esta administración mostrou a súa disposición para negociar, cunha compensación económica —como ben dixo vostede— de cento corenta euros brutos, que vén dun laudo anterior, que resultou tras a reclamación dos traballadores do 112.

A elección para os traballadores non sanitarios de goce dos días festivos correspondentes ao concello de Santiago ou, se é o caso, ao da Estrada.

A adxudicación dunha puntuación adicional ao persoal afectado polo cambio de centro de traballo, con destino ao ámbito xeográfico da área sanitaria de Santiago.

A posibilidade de realización de chamamento de longa duración para o persoal eventual que se atope no momento de cambio de centro de traballo vinculado a unha longa duración da Fundación.

Para o persoal sanitario, o chamamento será para a área sanitaria de Santiago e para a totalidade dos centros de traballo da propia fundación. Para o persoal non sanitario será un único chamamento para a área sanitaria de Santiago. Este punto supón unha modificación do pacto de selección temporal, e deberá ser aprobado loxicamente pola mesa sectorial...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outra rolda despois. Grazas.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor Almuíña, na tribuna está unha representación dos traballadores do 061 e do Grupo Norte. E entre eles hai profesionais que axudaron a montar o 061, que están na central de coordinación desde o principio, cando case non había nada. Traballadores e traballadoras que o deron todo para sacar adiante e ir construíndo un servizo esencial practicamente da nada, e traballadores e traballadoras que non entenden despois desa situación o trato que lles están a dar. Traballadores e traballadoras cunha altísima profesionalidade e experiencia, e non entenden que están a traballar nunhas condicións cun cadro de persoal límite, e tan é así que os servizos mínimos decretados para a folga son o cen por cento das presenzas habituais. Con iso dígolle absolutamente todo. E despois de anos desa entrega, vostedes compórtanse con eles como o peor dos patróns, como fan habitualmente con todo o persoal do Sergas.

O Sergas, o 061 e o Grupo Norte teñen que rectificar, señor Almuíña; teñen que cambiar o inmovilismo, a imposición, a persecución polo diálogo e o acordo, porque os profesionais do 061 da central de coordinación merecen un trato diferente. Non están a atender as demandas que lles están a trasladar, pois trasladáronllas en maior do ano 2017, hai dezaseis

meses, e nese tempo non se moveron das súas posicións. E non están a pedir ningún luxo asiático, están a demandar que os compensen polo traslado do seu posto de traballo, que os compensen por trasladarse máis de trinta quilómetros, que os compensen por aumentar a súa xornada laboral, que os compensen pola modificación substancial das súas condicións laborais, pola modificación na conciliación da súa vida laboral e familiar.

Vostedes están instalados non inmovilismo, e eu hoxe demándolles aquí en nome deles que cambien ese inmovilismo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Rematou a súa rolda, señora Prado.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben,) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Teño que dicirle á señora Prado que nós cremos tamén na lei. Os servizos mínimos foron levados ao xulgado, e o xulgado deunos a razón, porque, evidentemente, estamos falando dun servizo esencial, moi importante. Dende logo, nós valoramos moitísimo os traballadores do 061. Como dicíamos antes, estes fan no día a día un labor fundamental, non só en coordinación da asistencia sanitaria en Galicia senón tamén en información e nunha resposta á sociedade.

Aquí hai tres tipos de colectivos: colectivos dunha empresa, traballadores estatutarios e tamén persoal laboral. De feito, co persoal laboral xa chegamos a acordos. E os principais puntos recollidos nese acordo son que o persoal laboral que presta servizos na Fundación e resulta afectado polo cambio de centro de traballo terá dereito a percibir a compensación económica, que —como digo— non é un capricho do Sergas, senón que vén dun laudo arbitral anterior. O persoal afectado polo cambio de centro de traballo que preste servizos na Fundación tamén terá dereito a desfrutar de dous festivos locais en cada ano, sendo á elección do traballador, sexa nun concello ou noutro concello. E por proposta da Administración sanitaria, o persoal laboral da Fundación 061 inclúese no ámbito de aplicación da carreira profesional ordinaria do Servizo Galego de Saúde, e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade ao dito organismo, consonte as bases aprobadas na mesa sectorial do 6 de xullo. E punto número 4, que, de acordo coa finalidade de conseguir unha maior conciliación da vida familiar e persoal, se estende á aplicación ao persoal laboral que presta servizos na Fundación o réxime de permisos e vacacións de aplicación ao persoal estatutario da Fundación. Polo tanto, estamos chegando a acordos.

Nós non estamos pechados para nada, temos reunións pendentes e imos seguir traballando, porque —como digo— propostas sobre a mesa si hai, e eu creo que son propostas importantes. Como dicía —e repito—: unha é a compensación económica, que teoricamente sendo da mesma área sanitaria polo estatuto non había xustificación, porque se entende que

non hai cambio nas condicións de traballo, pero entendemos que é xusto que, se outros traballadores teñen esa compensación, estas persoas tamén a teñan, e parécenos razoable; esa elección para traballadores non sanitarios do goce deses días festivos, sexa nun concello ou noutro, segundo eles dispoñen; ou esa adxudicación de puntuación adicional ao persoal afectado polo cambio de centro de traballo con destino ao ámbito xeográfico; tamén ese incremento de tempo de incorporación ás gardas localizadas, que pasa dunha hora —como era ata o momento— a unha hora e media, para que poidan chegar sen ningunha dificultade; a autorización de asistencia a reunións de médicos coordinadores por videoconferencia; poñer á disposición dos traballadores unha habitación das instalacións; tamén o compromiso para valorar a vindeira concesión de cafetería prezos especiais para ese persoal; e, dende logo, tamén o compromiso do itinerario profesional que poida mellorar en caso de que queiran ir a outro tipo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Rematou o seu tempo. Grazas.

(O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre a aplicación pola Xunta das recomendacións do Consello de Contas en materia de atención residencial a persoas maiores e dependentes

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde, señor conselleiro.

Hoxe dende En Marea queremos preguntarlle polos éxitos da Xunta en materia de residencias de maiores, non só polos seus éxitos como conselleiro aínda de Política Social, senón tamén polos da futura ex-conselleira Mato en materia de residencias de maiores, en virtude dese informe do Consello de Contas, porque, en primeiro lugar, deixan ambos os dous o legado de ter reducido a porcentaxe de residencias de maiores xestionadas de xeito directo no conxunto total. Ese é un primeiro récord. Pero é que tamén teñen o récord de ter recortado —e isto é gravísimo— en persoal de atención directa nos centros de maiores aínda tendo aumentado o número de persoas atendidas.

A nós parécenos que isto é unha das principais conclusións do informe do Consello de Contas e que merece unha reprobación deste parlamento. ¿Por que? Porque deterioraron gravemente —e sábeno— as condicións de traballo do persoal, en primeiro lugar, non substituíndo sistematicamente as vacacións, non substituíndo sistematicamente as baixas de pequena duración, e ademais mantendo suspendido ese artigo 19 do V Convenio colectivo, que recorta gravemente os descansos do persoal.

¿Que situación provocaron? Un sobretraballo e unha evidente mingua da calidade do servizo. Di o Consello de Contas que de 2010 a 2012 o recorte foi de trece millóns de euros, e que aínda en 2015 —e isto xa é responsabilidade súa— o gasto en persoal é dun 7,1 % menos

que en 2010. Pero esta é unha das causas de que vostedes —os dous conselleiros futuros candidatos, entendo que xa candidatos— ostentan o dubidoso récord de ser a consellería con maior porcentaxe de accidentes laborais de toda a Xunta de Galicia, e un corenta por cento dos mesmos débense a sobreesfrozo. Este era un dos éxitos do que lle queríamos falar.

E outro dos éxitos é esa aposta pola privatización. Xa o temos analizado en numerosas ocasións aquí por parte de En Marea, e o Consello de Contas ratifícao. A porcentaxe de prazas privadas sobre o total, porcentaxe de prazas en residencias de maiores, é a maior de todo o Estado. Este é outro dos récords da Xunta de Galicia. E é que a modalidade de xestión máis elixida nos últimos anos foi o concerto, e son prazas polas que a Xunta paga de media un oito por cento máis que se as xestionara de xeito directo.

Imos, por exemplo, a outro dos éxitos, a outro deses récords dos conselleiros Mato e Rey Varela. E é que, ademais da deficiente situación laboral nas residencias públicas, é tamén patente a deterioración e a falta de mantemento. Di o Consello de Contas que dende o 2010 a Xunta non elaborou plans de investimentos en centros públicos. Isto é evidente, porque nun mínimo paseo polas distintas residencias, pois teñen o legado de ter pechadas esas plantas da residencia de Caranza, que foran inauguradas en 2016, durante meses estando rematadas, e o legado de manter situacións insostibles na residencia de Campolongo, na residencia de Oleiros, en condicións que non son axeitadas ás alturas nas que estamos.

O propio Consello de Contas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ¡Son tantos éxitos que é imposible! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, presidente.

Señora Vázquez Verao, señorías.

Efectivamente, coincido con vostede en que os maiores son un dos activos máis importantes que ten Galicia. Un activo importante por dous motivos: porque un de cada catro galegos e galegas ten máis de sesenta e cinco anos e porque, ademais, grazas a eles temos un sistema de benestar que se foi conseguindo cos anos, grazas ao seu esforzo e dedicación. Por iso este goberno, como calquera goberno responsable, nun momento de crecemento económico como o que afortunadamente estamos vivindo agora, ten o seu compromiso de mellorar as políticas destinadas aos nosos maiores. Por iso estamos traballando para mellorar esas políticas. E por iso non teña ningunha dúbida de que temos moi en consideración —como non pode ser doutro xeito— as recomendacións do Consello de Contas, e ademais levamos tempo traballando nesta liña, nos seguintes fitos que me gustaría resumir hoxe aquí.

Parece que ese resumo que vostede fai vén provocado polos famosos recortes; os famosos recortes que constantemente se lle achacan ao Goberno de Alberto Núñez Feijóo. Pois no que afecta a área de maiores da Xunta de Galicia, debo dicirle que se está investindo un cincuenta por cento máis neste momento do que se investía na área de maiores da Xunta de Galicia no ano 2009. Polo tanto, estamos investindo a maior cantidade económica que se investiu nos últimos anos, para mellorar precisamente todas as nosas políticas públicas destinadas aos nosos maiores.

Somos tamén moi conscientes —e por iso estamos traballando— de que non chegamos ao final e de que temos que seguir traballando, que é a ambición deste goberno. Pero permítame darlle tamén algún outro dato nos avances que estamos a facer. En primeiro, porque tamén a segunda cousa que se lle di a este goberno é que é un goberno privatizador. Primeiro, están os recortes e, despois, están as privatizacións.

Mire: hai unha estatística do Ministerio de Sanidade e de Servizos Sociais, que vai facendo esa lectura de servizos profesionais en servizos non profesionais por parte das diferentes comunidades autónomas. Galicia neste momento está nunha ratio de servizos non profesionais do 19,85 %. Pero voulle empezar por dicir —que vai por orde alfabética— como son as ratios doutras comunidades autónomas: Andalucía, polo A, o vinte e sete por cento; Aragón, o corenta por cento; Asturias, o trinta por cento; Illas Baleares, o cincuenta por cento; Canarias, o corenta por cento; Cantabria, o corenta e sete por cento. Polo tanto, creo que estamos avanzando non só na atención, senón en que esa atención sexa a través de servizos profesionais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Ten outra rolda despois.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): E por iso acadamos unha ratio de atención neste momento do 85 % dos nosos maiores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Claro, é que hai un reto demográfico; iso nunca o negamos e tampouco dicimos que sexa exactamente reversible ao cen por cento. Pero con ese reto demográfico a Xunta non está respondendo ao inxente volume de necesidades. Porque é que falamos de que nos últimos anos esa lista de agarda se mantivo para residencias entre as mil cincocentas e as dúas mil persoas, e non foron quen vostedes, os dous conselleiros, que serán futuros ex-conselleiros en breve —entendo— de reducila desa taxa e tampouco de reducir a tremenda lista de agarda. ¿Que ten que dicir sobre esa lista de agarda de entre todos os trámites, dende o trámite inicial ata o ingreso nunha residencia, dun ano e oito meses de media?, ¿que ten que dicir?

É que, ademais, non é só cuestión de recortes. Os recortes son especificamente no apartado de persoal. E iso non o poden negar e as consecuencias son evidentes. Non é só cuestión de recortes, é cuestión de modelo. É un modelo que aposta claramente pola privatización. E

temos aí tamén ese novo Bono Autonomía en Residencia, que, por certo, non é máis que exactamente copiar esa prestación que xa existe, que é a libranza para a adquisición de servizo en residencia, que ademais é insuficiente dado o que custa unha praza privada neste país.

É unha cuestión de modelo. Un modelo que favorece que en zonas como Ourense ou Lugo se deixe espazo para a Fundación San Rosendo, en Ourense, ou para a Fundación Edad Dorada Mensajeros de la Paz, en Lugo. Se queremos un modelo de residencias públicas pois hai que empezar a concretar. Se vostede di que asume esas recomendacións do Consello de Contas, concretemos. Porque ese plan famoso das residencias nas sete cidades que anunciaron que ía ter corenta e sete millóns de euros en 2018, eu só vexo orzados setecentos mil euros e non vexo nada iniciado, non vemos nada iniciado. Entón, ¿podería concretar se se vai asumir ese informe do Consello de Contas tamén nas famosas residencias das sete principais cidades?

Tamén podería concretar se vai asumir todo o que ten que ver con mellorar a transparencia e con sancionar aquelas entidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...prestadoras de servizos que non cumpren...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao. Rematou o seu tempo.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...e que teñen graves irregularidades. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez Verao, díxenlle que estamos traballando e que temos camiño por facer. Pero dende que se creou a Consellería de Política Social as listas de agarda —xa digo: eu non podo negar as listas de agarda— reducíronse nun sesenta por cento. Iso creo que é un dato bastante salientable.

E porque queda traballo por facer, no último Consello da Xunta de agosto aprobamos unha dobre medida, precisamente para paliar esa situación onde moita xente está esperando por dous servizos moi importantes: polo servizo de axuda no fogar, porque moita xente quere seguir na súa casa, e polo servizo residencial. No servizo de axuda no fogar incrementamos 1,5 millóns de horas nos concellos para que non exista lista de espera en axuda no fogar. E, efectivamente, para o Bono Autonomía en Residencia destinamos os recursos públicos necesarios para que toda a xente que está esperando neste momento por unha praza pública poida ter polo menos esta axuda, mentres pode seguir esperando pola praza pública. Polo tanto, unha redución moi importante que imos ter de aquí a final de ano neses dous servizos moi demandados pola xente.

Pero en canto á oferta residencial, imos seguir traballando na oferta residencial. Mire: no mes de xullo inaugurabamos unha nova residencia en Foz, pero antes de que remate este ano imos abrir a residencia de maiores de Vilardevós, a residencia de maiores de Arteixo, a residencia de maiores de Baleira, a residencia de maiores de Paradela, a residencia de maiores de Redondela, a residencia de maiores de Foz... Ben, creo que este goberno está abrindo bastantes residencias de maiores, seguindo precisamente esas recomendacións e esa evidencia de que os nosos maiores están aumentando, e que ademais hai un cambio de modelo que nos exige cada vez maior número de prazas de carácter público.

En canto ao plan Como na casa e as sete residencias nas sete grandes cidades, o presidente contestou esta mañá sobre o particular. Estamos ultimando a dispoñibilidade dos terreos e dos anteprojectos, e nas próximas semanas teremos listas as dúas cousas. Mire: o próximo luns eu asinarei un convenio cun dos alcaldes galegos precisamente para facer realidade isto, e espero poder asinar con máis alcaldes. É precisamente un alcalde do seu grupo, pero non o quero dicir, porque é o de menos, porque, de verdade, que nestas cousas temos que ser capaces de poñernos todos de acordo.

En canto á actividade inspectora, o que lle podo dicir é que a Inspección traballa con regularidade e con independencia, como debe de traballar calquera corpo inspector da Xunta de Galicia; que hoxe contamos cun cincuenta por cento máis de inspectores que no ano 2014; que temos un plan de actuación da inspección que está...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...dende logo, sancionando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...todos aqueles incumprimentos das entidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas.

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre o incumprimento do convenio de colaboración da empresa adxudicataria da xestión do Centro de Menores Monteledo, en Ourense

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Paula Vázquez Verao, do Grupo Parlamentario de En Marea.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, agora vou tratar de centrar o ton e intentar que toda a miña intervención discorra por un ton un pouco máis afable. Porque estamos a falar dunhas

cuestións das máis sensibles no eido da política social, e é calquera que teña que ver con menores. É concretamente do necesario servizo de reeducación e reinserción social das e dos menores que cometeran infraccións. E é unha obriga da Xunta de Galicia —é unha obriga que ten encomendada— garantir que no caso de que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade co obxectivo —e resalto isto— da «resocialización», pois a Xunta dispoña de centros específicos coa debida calidade educativa. Un deses centros é Monteledo, que, xestionado pola Fundación Diagrama, viu deteriorada precisamente esa calidade educativa e, consecuentemente, as posibilidades de dar esa saída de resocialización.

Míre: traballa sen cadro, cun nivel de educadores por quenda igual ou mesmo inferior ao que teñen cando decretan os servizos mínimos no caso de folga, que son oito, pois ás veces trabállase con sete ou mesmo con menos, e no ano pasado aínda peor; non se cobren as vacacións en ningunha categoría profesional; aumentaron os tempos de quenda de noite e reducíronse os tempos de descanso. E así non se pode traballar con calidade. Isto a Xunta permíteo a pesar de que na concesión dese servizo no prego do contrato indicaba —e cito textualmente— «que se debe cubrir a cobertura en todo momento dos postos de traballo das correspondentes funcións». En todo momento indica que se deben cubrir as ausencias do persoal, ben sexa por vacacións ou por incapacidade laboral, e non se fai. E a Xunta non exige responsabilidades. A pesar de que a Xunta si ten a mesma interpretación sobre esta frase —que nos consta— que o propio persoal do Centro de Reeducación de Monteledo, porque así o manifestou a Xunta nunha reunión en 2016: que hai que substituír integramente todo o persoal.

Pero, en fin, no 2018 a Fundación Diagrama vai persistir con esta política, independentemente do nivel de ocupación. Porque houbera un acordo en que se o nivel de ocupación non pasaba de vinte e cinco, mentres se cumpriran as ratios, pois non había que substituír en todo momento. Pero a cuestión é que non se substitúen as vacacións en ningunha categoría profesional e que ademais se cambiou a metodoloxía e subdivídense en grupos as actividades dos menores, e complicou o traballo.

E a nós seméllanos unha fraude porque esta fundación, que recibiu no primeiro convenio por eses dous anos 2016 e 2017 catro millóns de euros, máis ou menos, agora prorrógase con 2,4 millóns, pois gañou a concesión, entre outras cousas, por incluír dous educadores máis a maiores dos trinta e dous que exixía a convocatoria. É dicir, tivo uns puntos a maiores por incluílos. Pero é que agora na práctica, ao non substituír as vacacións —calculando o total de horas que non se cobren por vacacións—, o que hai son case seis educadores menos dos que tiña obriga de contar na plantilla.

E quédame moi pouco tempo, pero coincidirá en que as consecuencias de recortar persoal as sofren os menores, porque este persoal non pode desenvolver o seu labor educativo. E moitas veces ese labor educativo no caso...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...dos educadores...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...límitase a un labor de contención.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: E esta non é a finalidade dos centros de menores. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez Verao, todos os que estamos presentes nesta cámara coincidimos en que o benestar e a protección dos nenos, das nenas e dos adolescentes é algo prioritario. E se é prioritario en xeral, tamén o é para aqueles menores que cumpren —como é este caso, casos certamente delicados— medidas xudiciais pola comisión de ilícitos penais. E, dende logo, se este goberno non escatima recursos económicos, os recursos de todos os galegos, en ningún neno ou en ningunha nena, tampouco os escatimamos con estes rapaces.

E podo contestarlle que estamos a incrementar dunha maneira moi notable eses recursos, en conxunto cos recursos da Consellería de Política Social. Mire: non poderíamos destinar máis recursos económicos ao ámbito da infancia se non creceran os orzamentos da Comunidade Autónoma como están a crecer. E, concretamente, o incremento orzamentario para centros de menores da Comunidade Autónoma neste exercicio subiu nun trece por cento ata acadar os trinta e dous millóns de euros. Polo tanto, verá vostede que o noso compromiso con eses centros é total. Porque mire vostede o que se incrementa o orzamento da Xunta de Galicia, mire vostede o que se incrementa a Consellería de Política Social, e verá vostede como aínda se incrementan máis os recursos económicos para os centros de menores e de atención á infancia.

O Centro de Menores Monteledo ten unha dotación de trinta e catro educadores que traballan establemente nese centro. Este persoal —como vostede dixo— vén determinado polas exixencias do contrato que mantemos coa Fundación Diagrama: trinta e dous educadores que estaban establecidos inicialmente máis dous educadores que foron ofertados por esa fundación para facerse con este contrato, que anteriormente era persoal que substituíra, e —creo que este dato é moi importante— para darlles carácter de estabilidade pasaron a ser contratados con carácter permanente.

Eu pódolle admitir que máis persoal sempre é mellor, pero debería vostede contrastar o persoal do 2018 co persoal do 2016, porque vostede estame falando tamén do que sucedía antes neste centro. Anteriormente había vinte e seis persoas traballando. Polo tanto, en dous anos incrementamos un trinta por cento o persoal, e cumprimos todas as ratios establecidas de persoal. Porque, mire...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rematou o tempo. Ten outra rolda despois.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, pero non me respondeu se se cobren as vacacións, porque non só falamos de ratios, senón de se se cobren as vacacións en todo momento do persoal. Non só dos educadores, que os educadores cando están nunha quenda por debaixo dos servizos mínimos convirá en que iso non garante unha atención axeitada, senón que tamén, por exemplo, lle pregunto: traballadora social; segundo o prego de condicións, pois 1,5 traballadora social. ¿Que sucede se non se cobren as vacacións da traballadora social que está a xornada completa? Pois sucede, por exemplo —a ver se isto é benestar dos menores—, que ao mellor pasan días sen que se autorice unha comunicación coas súas familias ou, poño como exemplo, coa súa moza un menor preadolescente ou adolescente.

¿Como despois encaixa isto nun proxecto de reinserción?, ¿como despois o persoal pode facer —ademais con estas quendas ás veces saturadas— ese labor de reinserción? Disto é do que falamos. Porque estamos a falar de se se exige estritamente o cumprimento das condicións do contrato: en todo momento reporase o persoal, de se cando hai vacacións se cobre. É simplemente unha pregunta moi concreta. Non falamos de ratios, que, evidentemente, hai que cumprilas.

Porque vostede pode falar, porque temos aquí dous representantes dos traballadores no comité de empresa, e pode preguntarlles cales son as súas condicións de traballo e se son quen de garantir unha intervención educativa e eficaz. Porque ás veces —como dixen— ese traballo ten que limitarse a unha función de contención, e estamos falando da necesaria socialización. E cando non se permite, cando non teñen tempo, por exemplo, de facer planificación do traballo ou os informes de seguimento ou as valoracións, e cando se limita a unha contención, non estamos a falar só de que se vulneren os dereitos individuais deses menores, ese ben supremo do menor que está recollido en toda a lexislación, senón tamén dun problema social.

¿Por que estamos apostando?, ¿por un modelo de reinserción social ou por un modelo represivo? É máis: ¿estamos apostando porque haxa un nicho de negocio amplo nestes sistemas represivos? Hai outras sociedades nas que xa se está dando isto e non son máis seguras. Por exemplo, podería ver o que está sucedendo cos cárceres nos Estados Unidos.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Eu preguntolle se no...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Vázquez Verao pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Rematou o seu tempo. A pregunta xa foi formulada antes.

Grazas.

Pecha esta pregunta o conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez Verao, señorías, (*Murmurios.*) a Xunta de Galicia, a través do seus servizos de inspección e a través dos seus servizos xurídicos e económicos, ten que velar en todo momento polo cumprimento das normas. Temos unha normativa en materia de persoal que vén establecida polo Decreto 329/2005. No punto 2.2 deste decreto establécese que nas unidades de réxime semiaberto ou pechado o cociente mínimo será dun educador por cada cinco menores.

Vostede preguntame polas vacacións. Pero, se quere, falamos tamén da ocupación. ¿Podemos falar da ocupación? Mire: hai trinta e sete prazas dispoñibles, e por iso hai trinta e catro educadores nese centro. No ano 2017, afortunadamente, só fixeron falta once prazas de menores ao mes de trinta e sete dispoñibles. Polo tanto, vostede darase conta de que non é o mesmo que trinta e catro persoas traballen con once que que traballen con trinta e sete. No ano 2018, tamén afortunadamente, porque nós como goberno o que queremos é que haxa o menor número de menores infractores nos nosos centros, temos dezaoto menores nos nosos centros, para o cal temos unha atención que lle dixen anteriormente que se ten incrementado.

E estamos traballando nunha segunda liña, nunha segunda liña como vostede sabe para ter unha maior ocupación para características diferentes, porque cremos que os centros hai que telos totalmente optimizados.

Imos seguir traballando nos próximos meses, tomando nota tamén do que nos está dicindo. E eu creo que de aquí a final de ano poderemos volver plantexar un incremento como o que se fixo no ano 2016, sabendo que son os recursos de todos os galegos e de todas as galegas e que iso ten que ir asociado a unha mellora tamén do propio servizo e da atención que se fai no propio servizo. Pero creo que tanto por investimento económico do Goberno de Galicia como polo número de persoal que traballa no centro nos últimos anos temos un aval precisamente para seguir traballando nesa dirección e conseguir que os nosos centros teñan a mellor atención e que o noso persoal teña as mellores condicións de traballo neste momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)


O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Non hai máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

Remata a sesión ás sete e catro minutos do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torregrosa Sañudo, Julia	(EM)
31. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Mouriño Villar, Antonio	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Novo Fariña, María Isabel	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25